# PROXECTO
# PLAN DE ESTUDOS 2015 DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

# DOCUMENTO 2: REDESEÑO CURRICULAR

# Índice

Principais cambios respecto ao Plan de Normalización Curricular vixente (PNC)....4
Fichas de características xerais das especialidades co plan 2015....6
Pintura....6
Debuxo artístico....6
Talla e escultura en madeira....7
Ourivería....7
Artesanía en coiro....7
Deseño e encaixe de palillos....8
Moda e confección....8
Encadernación artística....9
Serigrafía artística....9
Cerámica artística....10
CAIM Gaita....10
CAIM Zanfona....11
CAIM Luthería antiga....11
REDESEÑO CURRICULAR DAS ESPECIALIDADES DA EMAO....13
Equipo do proxecto....13
1 Presentación....14
2. Metodoloxía de Traballo....14
3. Elementos comúns a todas as especialidades da EMAO....18
3.1 Ideas Eixo da escola....18
3.2. Competencias Comúns....21
3.3 O Proxecto Final....21
4. Liñas metodolóxicas....22
5. Resume dos Perfís Formativos da EMAO....22
6. Resume Referentes Formativos da EMAO....27
Anexo I Cerámica Artística: Perfil Profesional, Referente Formativo e Temporalización e Secuenciación....31
Anexo I-A Perfil Profesional de Cerámica Artística....32
Anexo I-B Cerámica Artística - Referente Formativo ....36
Anexo I-C Cerámica – Temporalización e Secuenciación por cursos....48
Anexo II Serigrafía Artística: Perfil Profesional, Referente Formativo, Temporalización e Secuenciación....49
Anexo II-A Serigrafía Artística – Perfil Profesional....50
Anexo II-B Serigrafía Artística - Referente Formativo ....56
Anexo II-C Serigrafía Artística. Temporalización e Secuenciación....71
Anexo III Construción Artesanal de Instrumentos. Zanfona....73
Anexo III-A Zanfona – Perfil Profesional....73
Anexo III-B Zanfona – Referente Formativo....80
Anexo III-C CAIM Zanfona – Temporalización e Secuenciación....95
Anexo IV Construción Artesanal de Instrumentos. Gaita: Perfil Profesional e Referente Formativo...98
Anexo IV-A CAIM Gaita. Perfil Profesional....99
Anexo IV-B CAIM Gaita – Referente Formativo....105
Anexo IV-C CAIM Gaita – Temporalización e Secuenciación por cursos....118
Anexo V Pintura....120
Anexo V-A Pintura – Perfil Profesional....121
Anexo V-B Pintura – Referente Formativo....125
Anexo V-C Pintura – Temporalización e Secuenciación de Contidos....133

Anexo VI Debuxo Artístico: Perfil Profesional, Referente Formativo, Temporalización e Secuenciación....135
Anexo VI-A Debuxo Artístico – Perfil profesional....136
Anexo VI-B Debuxo Artístico - Referente formativo ....139
Anexo VI-C Debuxo Artístico – ....148
Temporalización e Secuenciación ....148
Anexo VII Talla e escultura en madeira: Perfil Profesional, Referente Formativo, Temporalización e Secuenciación....150
Anexo VII-A Talla e escultura en madeira – Perfil Profesional....151
Anexo VII-B Talla e escultura en madeira- Referente Formativo....156
Anexo VIII-C Talla e escultura en madeira Temporalización e Secuenciación....167
Anexo VIII Moda e Confección....169
Anexo VIII-A Moda e Confección – Perfil Profesional....170
Anexo VIII-B Moda e Confección – Referente Formativo....174
Anexo VIII-C Moda e Confección Temporalización e Secuenciación por Cursos....184
Anexo IX Artesanía en Coiro: Perfil Profesional, Referente Formativo, Temporalización e Secuenciación....186
Anexo IX-A Artesanía en Coiro – Perfil Profesional....187
Anexo IV-B Artesanía en Coiro – Referente Formativo....191
Anexo IX-C Artesanía en coiro. Temporalización e Secuenciación....201
Anexo X Deseño e Encaixe de Palillos: Perfil Profesional, Referente Formativo e Temporalización e Secuenciación....202
Anexo X-A Deseño e encaixe de palillos. Perfil Profesional....203
Anexo X-B Deseño e encaixe de Palillos. Referente Formativo ....209
Anexo X-C Deseño e Encaixe de Palillos – Temporalización e Secuenciación....220
Anexo XI.- Normas e características do Nivel Avanzado. ....222

## Principais cambios respecto ao Plan de Normalización Curricular vixente (PNC)[1]

1. As especialidades de
   - Escultura e talla, en madeira;
   - Artesanía en Coiro;
   - Moda e Confección;
   - Encaixe de Palillos
   - Ourivería

- Pasan a ter a mesma carga horaria e características xerais cás que no PNC se coñecen como pre-profesionais, isto é, 10 horas semanais de taller distribuídas en dúas sesións, durante dous cursos.
- A forma de acceso será por proba de acceso específica de aptitude, en lugar de sorteo, como no PNC.
- Conservan as complementarias de Debuxo técnico e Historia da especialidade, con 30 horas de duración cada unha.

2. Cámbiase a denominación de:
   - Escultura e talla, en madeira: pasa a denominarse "Talla e escultura en madeira"
   - Encaixe de Palillos, pasa a denominarse "Deseño e encaixe de Palillos"

3. As especialidades de Pintura e Debuxo artístico seguirían co formato actual de tres cursos (Básico, Medio e Superior), máis o curso avanzado, e mantendo como forma de acceso o sorteo.

4. A especialidade agrúpanse en Áreas temáticas aos sós efectos de potenciar sinerxias e transversalidades:
   - Artística: Debuxo artístico e Pintura
   - Oficios artísticos: Artesanía en Coiro, Moda e confección, Ourivería, Cerámica artística, Deseño e encaixe de Palillos, Encadernación artística, Serigrafía artística, Talla e escultura en madeira
   - Oficios artesanais: Construccón artesanal de Instrumentos Musicais (CAIM), coas seccións de Luthería antiga, Gaita e Zanfona.

5. Á vez agrúpanse, a estes mesmos efectos, nun segundo nivel, por familias:
   - Artes do vestido, deseño e Moda: Moda e Confección, Deseño e Encaixe de Palillos, Ourivería, Artesanía en Coiro
   - Artes do Libro e da Impresión: Encadernación artística e Serigrafía artística
   - Madeira: Talla e escultura en madeira, CAIM (Gaita, Zanfona e Luthería antiga)
   - Cerámica: Cerámica
   - Artes plásticas: Debuxo artístico e Pintura / Cerámica e Talla e escultura en madeira (relacionadas)

6. Impleméntase un curso "Avanzado"[2], que se corresponde a grandes rasgos co actual "Proxecto de fin de estudos", que pasa a ter carácter presencial para o alumnado

1 Faise referencia neste apartado só ás características dos cursos de **horario de tarde**. O programa dos cursos de horario de mañá elaborarase adaptando o xeral das tardes ao formato que actualmente teñen.
2 As caracteristicas deste curso desenvólvense no apartado específico do documento do Plan 2015

seleccionado, constituíndo un novo nivel de estudos de carácter resrinxido ao alumnado que elabore e sexa considerado "Apto" o proxecto presentado ao remate do nivel "Superior"

7. Estructúranse os programas de cada especialidade correspondéndose a un perfil profesional expreso e desenvólvense como unidades de competencia e formativas.

8. Os cursos das distintas especialidades correspondentes ao horario de mañá, permanencen sen modificacións respecto ao PNC actual.

9. Prevese a realización de cursos monográficos, impartidos polo profesorado de cada especialidade, ofertados ao público en xeral fóra do currículum.

**Fichas de características xerais das especialidades co plan 2015**
[O Curso completo considerarase, a efectos de crédito horario: 35 semanas]

# Pintura

**Área**: Artística
**Niveis**: Básico, Medio, Superior, Avanzado
**Horas** (Práctica -Taller) para cada nivel:

- Básico: 5 horas semanais, dividido en dous días á semana. Total horas/curso: 175
- Medio: idem
- Superior: idem
- Avanzado: (optativo, con filtro de acceso): 2 horas semanais. Total 70 horas

**Horas Complementarias**:

– Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-Taller.
– Historia da especialidade (30 horas). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-Taller

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 555 horas (coas complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 625 horas

# Debuxo artístico

**Área**: artística
**Niveis**: Básico, Medio, Superior, Avanzado
**Horas** (Práctica -Taller) para cada nivel:

- Básico: 5 horas semanais, dividido en dous días á semana. Total horas/curso: 175
- Medio: idem
- Superior: idem
- Avanzado: (optativo, con filtro de acceso): 2 horas semanais. Total 70 horas.

**Horas Complementarias**:

– Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-Taller.
– Historia da especialidade (30 horas). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-Taller

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 555 horas (coas complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 625 horas

# Talla e escultura en madeira

**Área**: Oficios artísticos -Madeira
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-Taller.
- Historia da especialidade (30 horas). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-Taller

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 730 (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 800 horas

# Ourivería

**Área**: Oficios artísticos -Artes do vestido, deseño e Moda
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Medio: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-Taller.
- Historia da especialidade (30 horas). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-Taller

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 730 (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 800 horas

# Artesanía en coiro

**Área**: Oficios artísticos -Artes do vestido, deseño e Moda
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-Taller.
- Historia da especialidade (30 horas). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-Taller

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 730 (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 800 horas

# Deseño e encaixe de palillos

**Área**: Oficios artísticos -Artes do vestido, deseño e Moda
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-Taller.
- Historia da especialidade (30 horas). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-Taller

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 730 (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 800 horas

# Moda e confección

**Área**: Oficios artísticos -Artes do vestido, deseño e Moda
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-Taller.
- Historia da especialidade (30 horas). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-Taller

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 730 (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 800 horas

# Encadernación artística

**Área**: Oficios artísticos -Artes do libro e da impresión
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-Taller.
- Historia da Encadernación (30 horas, incluídas, a efectos de cómputo, nas horas de

Tecnoloxía e práctica-taller). Imparte mestre da especialidade dentro do horario de Práctica-taller.
- Deseño gráfico (30 horas). Curso monográfico externo. Fóra do horario de Práctica-Taller.

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 760 horas (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 830 horas

# Serigrafía artística

**Área**: Oficios artísticos -Artes do libro e da impresión
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel (*):
- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:
- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-taller.
- Historia da Serigrafía (30 horas, incluídas, a efectos de cómputo, nas horas de Tecnoloxía e práctica-taller). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-taller.
- Imaxe dixital I (30 horas). Curso monográfico externo
- Imaxe dixital II (30 horas). Curso monográfico externo
  As complementarias, a efectos do novo Plan de Estudos, impártense fóra do horario de Tecnoloxía e práctica-Taller (agás Historia da Serigrafía)

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 790 horas (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 860 horas

# Cerámica artística

**Área**: Oficios artísticos -Cerámica
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:
- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Medio: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:
- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-taller.
- Historia da cerámica (30 horas, incluídas, a efectos de cómputo, nas horas de Tecnoloxía e práctica-taller). Imparte mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-taller.
- Baleirado (30 horas) Imparte mestre da especialidade. Fóra do horario de Práctica-taller.

– Serigrafía cerámica (30 horas) Imparte mestre da especialidade. Fóra do horario de Práctica-taller.

**<u>Duración total especialidade:</u>**
Currículum normal: 790 horas (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 860 horas

**NOTA**: Características singulares desta especialidade (complementarias propias impartidas polo mestre da especialidade)

# CAIM Gaita

**Área**: Oficios artesanais. Madeira
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

– Debuxo técnico (30 horas).
– Historia da Música galega (35 horas). Módulo didáctico online non presencial, con avaliación final)
– Análise e medida (35 horas). Curso monográfico externo. Fóra do horario de Práctica-taller
– Acústica aplicada (35 horas). Curso monográfico externo. Fóra do horario de Práctica-taller
– Técnica instrumental (35 horas). Impartido mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-taller
– Lingoaxe musical (35 horas). Fóra do horario de Práctica-taller. Imparte e-Trad

**<u>Duración total especialidade:</u>**
Currículum normal: 835 horas (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 905 horas

# CAIM Zanfona

**Área**: Oficios artesanais. Madeira
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel (*):

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

– Debuxo técnico (30 horas).
– Historia da Música galega (35 horas). Módulo didáctico online non presencial, con avaliación final)

- Análise e medida (35 horas). Curso monográfico externo. Fóra do horario de Práctica-taller
- Acústica aplicada (35 horas). Curso monográfico externo. Fóra do horario de Práctica-taller
- Técnica instrumental (35 horas). Impartido mestre da especialidade. Dentro do horario de Práctica-taller
- Lingoaxe musical (35 horas). Fóra do horario de Práctica-taller. Imparte e-Trad

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 835 horas (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 905 horas

# CAIM Luthería antiga

**Área**: Oficios artesanais. Madeira
**Niveis**: Básico, Superior, Avanzado
**Horas** (Tecnoloxía e práctica-Taller) para cada nivel:

- Básico: 10 horas semanais en dous días. Total horas/curso 350 horas
- Superior: idem
- Avanzado: 2 horas semanais. Total horas/curso: 70 horas.

**Horas Complementarias**:

- Debuxo técnico (30 horas). Fóra do horario de Práctica-taller
- Historia da Música antiga (35 horas). Módulo didáctico online. Non presencial con avaliación final.
- Análise e medida (35 horas). Curso monográfico externo. Fóra do horario de Práctica-taller
- Acústica aplicada (35 horas). Curso monográfico externo. Fóra do horario de Práctica-taller
- Técnica instrumental (35 horas). Curso monográfico externo. Dentro do horario de Práctica-taller
- Lingoaxe musical (35 horas). Fóra do horario de Práctica-taller. Imparte e-Trad

**Duración total especialidade:**
Currículum normal: 835 horas (con complementarias)
Currículum extendido (con nivel avanzado): 905 horas

# REDESEÑO CURRICULAR DAS ESPECIALIDADES DA EMAO

## Equipo do proxecto

| | |
|---|---|
| Rafael Ojea Pérez | Dirección da EMAO |
| Xosé Feixó Cid | Xefatura de Estudos |
| María Paz Gonzalo Rodríguez | Dirección, coordinación e supervisión do proxecto |
| Equipo técnico | |
| Alba Carme Pardo Cartelle | Mestra Serigrafía Artística |
| Carlos J. Corral Fernández | Mestre Construción Artesanal de Instrumentos (CAIM) - Gaita |
| Enma González Pintos | Mestra Moda e Confección |
| Federico Fernández Alonso | Mestre Debuxo |
| José Antonio Pereira Somoza | Mestre Artesanía en coiro |
| Marian Núñez Rodríguez | Mestra Encaixe de palillos |
| Miguel Vázquez Pérez | MestreCerámica Artística |
| Paula Mariño Pazó | Mestra Pintura |
| Rosa Mª García Martínez | Mestra Escultura e Talla en madeira |
| Xaime Ribas Dacosta | Mestre Construción Artesanal de Instrumentos (CAIM) - Zanfona |

# 1 Presentación

O presente documento recolle a redefinición dos proxectos curriculares da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (en adiante EMAO)
O obxectivo que se persegue é o seguinte:

> Redefinir os actuais currículums da EMAO garantindo a súa unidade formal e lóxica, adecuando as titulacións ao contexto de século XXI e dotándoas dun carácter preprofesional que amplíe as posibilidades de inserción laboral dos alumnos/as, contribuíndo así ás necesidades de empregabilidade derivadas da situación de crise económica actual.

Froito da reflexión e consenso promovidos entre os docentes, preséntanse unhas liñas xerais que confiren unidade e coherencia a tódalas especialidades da EMAO.
En Anexos preséntanse as programación realizadas para cada especialidade, aportando para cada unha delas os seguintes documentos:

:: Perfil profesional
:: Referente Formativo
:: Temporalización e Secuenciación

Desexamos facer constar que o traballo foi realizado nun prazo de tempo moi limitado, en función do que se priorizaron os procesos e elementos a traballar, axustamos o afondamento en cada un deles e o nivel de concreción, co fin de ofrecer un documento que pretende ser unha estrutura, reflexionada, coherente e útil a partir da que se poida realizar un traballo máis detallado de programacións futuras por parte dos docentes.
Na mesma liña desexo subliñar o esforzo e adicación de todo o equipo. Foi un traballo duro e complexo, do que todos nos sentimos satisfeitos. Desexamos que contribúa significativamente a mellora das aprendizaxes, e a satisfacción de profesores e estudantes da EMAO.

# 2. Metodoloxía de Traballo

O proceso seguido para a elaboración dos documentos consta das seguintes fases:

- **Fase 1 Loxística**: con base nas directrices xerais establecidas pola dirección da Escola, estrutúranse o proceso de traballo e os instrumentos necesarios para que os docentes poidan revisar os seus curriculums e redactar os novos. As tarefas comprendidas nesta fase son:
  - Recompilar a lexislación pertinente en materia de cualificacións para cada unha das especialidades da EMAO que será utilizada como referente. ¿Que documentos de referencia imos usar?
  - Estruturación do proceso de traballo: xerar un protocolo de traballo e definir os pasos para acadar o resultado final. ¿Que proceso imos seguir?
  - Elaboración dos instrumentos de traballo: Elaboración de fichas e plantillas que faciliten ao profesorado a análise e redefinición curricular, dotando de coherencia e unidade a todas as especialidades ¿Con que o imos facer?

- ☐ **Fase 2 Elaboración**: Dirección, coordinación e supervisión do proceso de redeseños dos proxectos curriculares das especialidades da EMAO.
  - Traballo cos docentes durante tres horas diarias do 1 o 24 de xullo e do 1 o 5 de setembro, proporcionándolles vías de reflexión persoal e grupal, estratexias técnicas e metodolóxicas necesarias para abordar o traballo, .
  - No intervalo entre cada sesión presencial revísanse os materiais elaborados polos docentes, corríxense e propóñense corrección e melloras.
  - Analízase o traballo cunha visión global e proponse aos docentes directrices para dotar de unidade ao traballo; estas directrices reflíctense: na conceptualización xeral das programación, na articulación de tres módulos comúns a tódalas especialidades, nunhas competencias transversais comúns e nunhas liñas metodolóxicas que permitan acadar os resultados desexados.
- ☐ **Fase 3** O Informe: Unha vez os docentes rematan a elaboración de todos os currículums faise unha última revisión, asegurando a corrección e a coherencia para presentar un documento con unidade tanto na forma como no fondo.




O traballo de redefinición curricular realizouse  tomando como referentes os seguintes elementos:

- Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais: Permítenos facer unha revisión cara á  orientación semiprofesional das especialidades.
- As programacións vixentes en cada unha das especialidades da EMAO: O traballo de programación existente na escola e a experiencia de tantos anos de ensino son un capital que é preciso poñer en valor, por este motivos contémplanse como a materia prima inicial dende a que repensar os novos proxectos
- As coordenadas do século XXI: A EMAO é unha escola que nace baixo o prisma das Escolas de Artes e Oficios, unha entidade moi vinculada a Época industrial: a execución de tarefas e a repetición dun proceso sen macula, así como a adquisición dun corpo de coñecementos e a automatización de procesos, son elementos clave. No século XXI, temos que revisar estas claves á luz da abundancia de información e

a demanda dun novo profesional e un novo artesán/artista que ten á súa disposición unha fonte case inesgotable de saberes, posibilidade de colaborar e comunicarse de xeito global, accedendo así a repertorios, ideas, coleccións, persoas ou materiais antes inaccesíbeis Un novo perfil orientado cara á creatividade, a resolución de problemas, a constante reinvención e ampliación de coñecementos, o emprego do pensamento crítico, capaz de colaborar, comunicarse e compartir en rede, aproveitando a potencialidade da tecnoloxía dixital.




Figura 1 Referentes para o redeseño curricular da EMAO

Cada especialidade elaborou tres documentos:

1. **Perfil Profesional** para a súa especialidade: constituirá o referente para a toma de decisións didácticas.
2. **Referente Formativo**: Articula e ofrece un primeiro nivel de concreción na toma de decisión didácticas, articula os Módulos Formativos que compoñen a especialidade e define para cada Módulo os obxecto xerais, obxectivos conceptuais, Procedimentais e actitudinais, en termos de capacidades, criterios de avaliación, contidos, e duración do módulo.
3. **Temporalización e Secuenciación**: A duración total de cada especialidade establecida pola dirección da escola repartiuse entre os módulos, empregando criterios de relevancia para a especialidade, tipo de contidos e metodoloxía.
   Co fin de facilitar o posterior traballo (non abordado neste proceso) de programación por cursos, establecéronse criterios para dar apoio na toma de decisións neste senso.

Na Figura 2 móstrase o esquema dos dous documentos principais: Perfil Profesional e

Referente Formativo




Fig. 2 Proceso seguido

# 3. Elementos comúns a todas as especialidades da EMAO

Dotar de unidade aos deseños curriculares da EMAO, pasa por definir unhas liñas comúns, consensuadas e compartidas por todas as especialidades
As limitacións temporais do proxecto que presentamos obríganos a facer soamente unha primeira aproximación, entregamos polo tanto o xerme do que podería evolucionar cara ao Proxecto Educativo do Centro (PEC) da EMAO.

Os puntos de concordancia se reflicten nos seguintes elementos:

1. Ideas -eixos da escola.
2. Competencias Comúns
3. Proxecto Final

## 3.1 Ideas Eixo da escola

A EMAO presenta peculiaridades respecto doutras Escolas, o feito de non estar suxeitos a

unha lexislación que regule as súas ensinanzas, supón certos inconvenientes, pero ofrece a oportunidade de crearse e recrearse como unha escola singular, diferente, axeitada ás demandas da cidade e incardinada no seu proceso histórico e didáctico.
As ideas eixo entorno ás que se artella a conceptualización dos deseños curriculares son as seguintes:

1. A EMAO e unha escola que quere primar os Procesos Creativos, o deseño é pedra angular en todas as especialidades e punto diferenciador das súas ensinanzas.
2. A EMAO é unha escola que quere acadar a Excelencia Técnica: o rigor, a boa execución técnica, os bos acabados, a correcta elección de materiais. Ademais dun perfil creativo orientado ao deseño, perseguimos un perfil técnico, actualizado e orientado cara á optimización dos resultados.
3. A EMAO é unha escola que quere favorecer a Autonomía dos seus estudantes. Pretendemos que os estudantes da EMAO poidan seguir crecendo e desenvolvéndose como artesáns/artistas, unha vez rematados o seus estudos na escola, para isto precisan desenvolver as competencias de cada especialidade e precisan ademais, Aprender a Aprender aproveitando as ferramentas e oportunidades ofertadas pola tecnoloxía. O desenvolvemento de entornos persoais de aprendizaxe (PLE Persoal Learning Environement) para cada estudante é unha ferramenta nuclear para o seu posterior crecemento.
4. A EMAO e unha escola que quere dar resposta ás Necesidades da Cidade, integrándose na súa realidade, nos seus procesos e cos seus cidadáns.
5. A EMAO e un Escola que quere Abrirse a nivel Global, compartindo as súas producións e proxectos e colaborando con artistas/artesáns na aldea global.

Para dar resposta a estas ideas-eixo, os currículos contan cos seguintes elementos:

1. Os deseños curriculares susténtanse no Perfil Profesional, documento no que se explicitan as execucións que poderán realizarse ao remate da escolarización. Isto confire realidade e un carácter competencial ás ensinanzas
2. Os currículos oriéntanse ao logro de Competencias, buscando a activación das capacidades, habilidades, actitudes e coñecementos, para resolver problemas reais, contextualizados nos entornos significativos dos estudantes. Nesta liña defínense obxectivos en termos de capacidades referidos aos ámbitos conceptual, procedimental e actitudinal.
3. Os criterios de avaliación explicítanse para cada módulo, co fin de servir non só aos docentes, senón tamén aos estudantes, outorgándolles ferramentas para a dirección e control do seu proceso de aprendizaxe.
4. Os currículos de todas as especialidades artéllanse co seguinte esquema:
    - Un módulo inicial dirixido a creación e deseño
    - Un conxunto de módulos centrais orientados ás competencias técnicas específicas de cada especialidade
    - Un módulo final orientado á xestión da carreira profesional de cada estudante
    - Un Produto Final Integrado: no segundo curso a maioría das especialidades realizan un Produto final no que integran todo o coñecemento adquirido ao longo da especialidade, e que prepara para o último curso no que se realiza o Proxecto Final.
5. Engádese un curso dirixido á execución dun Proxecto Final, cun carácter globalizador, que fai as veces de corredor entre a Escola e mundo real.




Fig. 3 Esquema común ós currículos de todas as especialidades

### 3.2. Competencias Comúns

1. Competencia artística: Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións artísticas, utilizalas como fonte de inspiración, disfrute e enriquecemento persoal.
2. Competencia creativa: Esta competencia permite afrontar procesos creativos de cara á conceptualización de obras persoais, empregando no proceso informacións e estímulos de diferentes naturezas. Desenvolver un estilo persoal fundamentado no coñecemento de fontes múltiples.
3. Competencia técnica: Esta competencia supón a planificación, preparación e execución de obras con autonomía, exactitude, seguridade e respectando as normas de seguridade e hixiene. Supón a capacidade de emprego de diferentes técnicas, combinándoas se é preciso para a obtención dos deseños planificados e cumprindo cos estándares de calidade requiridos.
4. Competencia na codificación e decodificación de códigos visuais: Esta competencia supón a capacidade de comunicar ideas e sentimentos empregando as linguaxes plásticas propias de cada especialidade. Supón a capacidade e a sensibilidade necesarias para comprender e descodificar obras de diferente natureza.
5. Autonomía e iniciativa persoal: Esta competencia supón a posibilidade de afrontar sen axuda traballos propios dende a súa ideación ata a súa execución, realizando os labores de difusión e comunicación precisas para poñelos en valor. Predisposición ao esforzo e ao traballo ben feito.
6. Aprender a Aprender: Esta competencia permite afrontar a aprendizaxe de maneira autónoma, accedendo ás fontes de información precisas para manterse actualizado, establecendo vínculos con persoas de interese no seu ámbito. Manexar ferramentas dixitais para vehicular estas aprendizaxes
7. Pensamento crítico: Supón a capacidade de pensar de forma autónoma, valorando as fontes de información, seleccionando e priorizándoas con criterio para tomar decisións e/ou resolver problemas estéticos e técnicos dun xeito singular.
8. Competencia en traballo colaborativo: supón a posibilidade de colaborar con outros en procesos de ideación, creación e difusión. Participando en eventos colectivos nos que se enriquece cos aportes dos outros e realizando aportes significativos para a boa marcha dos proxectos. Colaborar a nivel global en proxectos superando os límites temporais e espaciais.

### 3.3 O Proxecto Final

Todas as especialidade incorporan no seu currículo o proxecto final o que implica que os estudantes terán un ano máis de formación.

O Produto Final Integrado que realizan no último trimestre de segundo ou terceiro curso (segundo os casos) inicia a preparación dos estudantes para afrontar o traballo de xeito autónomo e inicia as decisións sobre a súa temática.

O proxecto poderá orientarse nalgunha das catro liñas seguintes:

- Investigación
- Produción
- Creación
- Ampliación de coñecementos.

A incorporación do Proxecto Final pode repercutir vantaxosamente nos seguintes aspectos:

- Ampliación do alumnado
- Maior dinamismo.
- Ampliación da oferta educativa.
- Mellora do proceso formativo
- Proxección da escola cara ao exterior.

¿Como se efectiviza este curso?

1. Tras rematar o segundo ou terceiro nivel (o que finalice dependendo da especialidade) e tras acceder a cualificación de apto, o alumnado poderá presentar un proxecto que será avaliado en función dos criterios de selección que se explicitan no apartado correpondente da normativa do novo Plan de Estudos.
2. A asistencia será obrigatoria para os estudantes. Cada mestre/a determinará os criterios de asistencia na súa aula en función da complexidade e tipo de proxecto.
3. Todos os grupos terán un horario específico para garantir a calidade da ensinanza e os resultados.

Criterios de selección de proxectos:

- Fundamentación do proxecto.
- Viabilidade do proxecto.
- Interese e relevancia que ten no marco da especialidade.
- Nivel de creatividade e implicación.

## 4. Liñas metodolóxicas

Para acadar as competencias e ser coherente cos plantexamentos e ideario postos de manifesto neste documento é fundamental determinar unhas liñas metodolóxicas que o fagan factible e coadxuven ao seu logro.
Expoñemos de xeito sintético as liñas metodolóxicas que consideramos máis axeitadas:

1. Metodoloxía PBL (Proyect based Learning) (Aprendizaxe baseado en proxectos)
2. Metodoloxía da Clase volteada (Flipped classoom)
3. Traballo por Tarefas
4. Traballo colaborativo
5. Incorporación de técnicas e estratexias para o desenvolvemento dos procesos creativos
6. Learning By doing (Aprender facendo)
7. Avaliación formativa: incrementando o peso da avaliación entre pares e a auto-avaliación
8. Emprego dos portafolios dixitais como ferramentas de reflexión, difusión, promoción e avaliación.
9. Emprego dos entornos persoais de aprendizaxe como estratexias para aprender a aprender o longo da vida.
10. Integración de ferramentas dixitais de búsqueda, organización e análise de información para a ideación das obras.

## 5. Resume dos Perfís Formativos da EMAO

Na seguinte táboa recóllese o resume dos perfís profesionais das especialidades vixentes na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
Cada un deles descríbese máis adiante (Anexos de cada especialidade) polo miúdo analizando os seguintes elementos:

- **Competencia Xeral**: Competencia final do perfil. Será o resultado final da formación de cada especialidade.

- **Unidades de Competencia**: Tomando como referente a definición dada na Lei 5/2002 das Cualificacións e da Formación Profesional ”o conxunto de coñecementos e capacidades que permiten o exercicio da actividade profesional conforme as esixencias da produción e do emprego”. Adecuamos esta definición ao ámbito da

Escola e ao carácter semiprofesional da meirande parte das súas especialidades. Contemplando as esixencias profesionais có sesgo artesanal e artístico propio da EMAO e subliñando o ámbito actitudinal como un factor clave da competencia.

- **Realizacións profesionais**: elementos profesionais independentes que fan referencia aos procesos, técnicas ou produtos parciais desta, expresando ademais os logros técnicos, funcionais e de calidade que se esperan no exercicio profesional da ocupación.

- **Contexto profesional**: fai referencia aos medios e métodos, condicións de traballo, e, en definitiva todos aqueles datos que poidan sernos útiles para coñecer o ámbito organizativo-produtivo da ocupación, en relación con outras actividades comúns á área profesional, etc.

| | COMPETENCIA XERAL | UNIDADES DE COMPETENCIA |
|---|---|---|
| **CERÁMICA ARTÍSTICA** | Definir unha idea tanto de forma gráfica como tridimensional, así como investigar as súas características expresivas, os coñecementos dos materiais e as técnicas de traballo específicas do medio e a tradición cerámica. O coñecemento científico e técnico das materias primas cerámicas, pastas, engobes, esmaltes, etc., os seus modos de aplicación e os sistemas de cocción. Cunha formación artística que lle permite avaliar a adecuación dos distintos elementos da forma, a cor e o tratamento das superficies e a proporción. | **Unidade de Competencia 1**: Idear e proxectar a elaboración de volumes cerámicos con criterios artísticos e técnicos que garantan uns niveis de calidade aceptábeis<br>**Unidade de Competencia 2**: Elaborar volumes cerámicos por procesos manuais con criterios artísticos e de precisión técnica respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.<br>**Unidade de Competencia 3**: Cubrir volumes cerámicos diversos utilizando unha ampla gama de recursos técnicos e garantindo a calidade artística e técnica do acabado respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.<br>**Unidade de Competencia 4**: Cocer volumes cerámicos mediante distintos procesos respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.<br>**Unidade de competencia 5**: Organizar a actividade nun obradoiro de cerámica e realizar tarefas de promoción e marketing propias. |
| **SERIGRAFÍA ARTÍSTICA** | Realizar estampacións serigráficas deseñando e proxectando imaxes propias e alleas coñecendo tanto os procedementos tradicionais como os actuais da serigrafía artística elixindo e utilizando axeitadamente os procesos , materiais e técnicas do taller en base ao que se pretenda transmitir coa imaxe serigráfica realizando todo o proceso en condicións de seguridade laboral e de protección ambiental. | **Unidade de Competencia 1**: Crear imaxes propias ou por encargo para realizar estampacións con sistemas de impresión artísticos e artesanais analizando e interpretando criticamente as imaxes e as necesidades formuladas.<br>**Unidade de Competencia 2**:Realizar orixinais e fotólitos de forma tanto tradicional coma con novas tecnoloxías para realizar a imaxe serigráfica final.<br>**Unidade de Competencia 3**: Recoñecer, elixir e empregar axeitadamente os procesos, materiais e técnicas serigráficas en base ao que se pretenda transmitir coa obra gráfica .<br>**Unidade de Competencia 4**: Estampar serigrafías de forma tradicional e de forma automatizada.<br>**Unidade de competencia 5**: Identificar, elixir e aplicar axeitadamente os materiais e técnicas doutros sistemas de impresión artísticos e artesanais en función do que se pretende transmitir coa imaxe<br>**Unidade de Competencia 6** : Organizar a actividade profesional dun obradoiro de serigrafía artística. |
| **ZANFONA** | Construír zanfonas (modelo tradicional ibérico) segundo modelos propios ou preexistentes, desenvolvendo e executando o proxecto de deseño e construción | **Unidade de competencia 1:** Desenvolver un proxecto propio para a elaboración da zanfona tradicional. Interpretar e elaborar planos.<br>**Unidade de competencia 2:** Preparar e regular máquinas e equipos de taller<br>**Unidade de competencia 3:** Mecanizar madeira e |

| | | |
|---|---|---|
| | artesanal con criterios artísticos, en condicións de seguridade laboral e protección medio ambiental, con garantía de calidade artística, organizando a actividade profesional do obradoiro artesán. | derivados.<br>**Unidade de competencia 4:** Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais.<br>**Unidade de competencia 5:** Elaborar e ensamblar as pezas que compoñen o instrumento.<br>**Unidade de competencia 6:** Aplicar vernices e tintes para instrumentos musicais.<br>**Unidade de competencia 7:** Encordar, axustar e afinar o instrumento.<br>**Unidade de competencia 8:** Aplicar técnicas básicas de interpretación.<br>**Unidade de competencia 9:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal. |
| **GAITA** | Deseñar e construír instrumentos de vento tradicionais, a partir de modelos preexistentes e desenvolvendo e executando o proxecto de deseño e construción artesanal con criterios técnicos e estéticos; organizando a actividade profesional do seu obradoiro, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental, e con garantía de calidade artesá e funcional | **Unidade de Competencia** 1: Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos de vento tradicionais.<br>**Unidade de Competencia 2**: Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos de vento tradicionais.<br>**Unidade de Competencia 3**: Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais artesáns.<br>**Unidade de Competencia 4**: Elaborar e ensamblar as pezas dos instrumentos de vento tradicionais.<br>**Unidade de Competencia 5**: Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento de vento tradicional.<br>**Unidade de competencia 6:** Aplicar técnicas básicas de interpretación.<br>**Unidade de Competencia 7**: Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal. |
| **PINTURA** | Traballar con distintas técnicas e soportes empregando as distintas leis compositivas. | **Unidade de Competencia 1**: Idear e proxectar obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico.<br>**Unidade de Competencia 2**: Traballar con distintas técnicas de cor para realizar a obra.<br>**Unidade de Competencia 3**: Elixir e preparar o soporte adecuado a cada técnica.<br>**Unidade de Competencia 4**: Empregar o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético, tanto para pezas individuais e únicas como grupais e instalacións.<br>**Unidade de Competencia 5:** Organizar a actividade dun obradoiro de pintura |
| **DEBUXO** | Elaborar debuxos ou proxectos de debuxo de calquera natureza | **Unidade de Competencia 1**: Idear e proxectar debuxos orixinais e creativos |

| | | |
|---|---|---|
| | utilizando os diversos materiais e técnicas específicas e mantendo unha actitude crítica que nos sitúe no marco contemporáneo | **Unidade de Competencia 2**: Elaborar debuxos obxectivos tomando a realidade como modelo<br>**Unidade de Competencia 3**: Utilizar o pensamento critico como ferramenta de criterio estético<br>**Unidade de Competencia 4**: Organizar a actividade dun obradoiro de debuxo |
| **TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA** | Realización, reprodución e execución de pezas escultóricas e ornamentais bidimensionais ou tridimensionais a través da madeira e outros materiais e técnicas escultóricos, mantendo unha actitude crítica e de debate das distintas tendencias para situarnos nun marco contemporáneo. | **Unidade de Competencia 1**: Idear, deseñar e desenvolver un proxecto propio mediante a representación gráfica integral dos proxectos de talla de elementos decorativos na madeira e outras técnicas escultóricas.<br>**Unidade de Competencia** 2: Traballar o relevo coa talla sendo capaz de desenrolar o paso intermedio entre a bi e a tridimensionalidade na elaboración dunha talla na madeira en relevo<br>**Unidade de Competencia 3**: Construír esculturas tridimensionais utilizando as distintas técnicas e procesos escultóricos<br>**Unidade de competencia 4**: Traballar o relevo e a escultura en madeira aplicando a interdisciplinariedades con outras formas de expresión artística<br>**Unidade de competencia 5**: Adquirir as referencias concretas sobre o desenvolvemento histórico das artes aplicadas do ámbito da especialidade, para coñecer os factores culturais e históricos que contribuíron a producilas, así como as relacións entre elas e o resto das linguaxes estéticas<br>**Unidade de competencia 6**: Organizar a actividade dun obradoiro de talla e escultura en madeira |
| **MODA E CONFECCIÓN** | Crear deseños textis propios e realizar prendas de confección con criterios estéticos, respectando as tendencias e reflectindo o estilo persoal. | **Unidade de Competencia 1**: Crear deseños propios de prendas e complementos téxtiles e documentados.<br>**Unidade de Competencia 2**: Crear patróns base en base os deseños realizados.<br>**Unidade de Competencia 3**: Cortar tecidos ou outros materiais textis a partir de patróns, para obter pezas coas calidades requiridas<br>**Unidade de Competencia 4**: Ensamblar pezas de tea con corrección técnica e seguindo a normas de seguridade laboral e ambiental.<br>**Unidade de Competencia 5**: Rematar unha peza téxtil asegurando a calidade requirida<br>**Unidade de Competencia 6:** Organizar a actividade dun obradoiro de moda e confección |
| **ARTESANÍA EN COIRO** | Desenvolver produtos útiles, en pel ou coiro, dende o seu deseño ata a súa entrega, Aplicando as técnicas tanto decorativas | **Unidade de Competencia 1**: Desenvolver o proxecto de deseño e realización de pezas artesanais en pel ou coiro<br>**Unidade de Competencia 2**: Cortar as pezas na |

| | | |
|---|---|---|
| | como construtivas máis axeitadas á necesidade do proxecto, sendo coherente coa tradición e o oficio. | zona máis axeitada da pel a partir de patróns, para obter pezas coas calidades requiridas<br>**Unidade de Competencia 3**: Aplicar a técnica decorativa mais axeitada ao deseño desenvolvido.<br>**Unidade de Competencia 4**: Construír a peza utilizando técnicas construtivas que completen os volumes desexados.<br>**Unidade de Competencia 5**: Realizar os procesos de acabado e protección da peza<br>**Unidade de Competencia 6:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal. |
| **ENCAIXE DE PALILLOS** | Crear e desenvolver deseños propios de forma artística de xeito bidimensional e tridimensional, empregando distintas técnicas do encaixe de palillos, combinando as distintas técnicas e transmitindo a idea-emocional. Xestionalo e expoñelo como medio de promoción da obra propia. | **Unidade de Competencia 1**: Definir o problema de deseño, recompilar e analizar datos, comunicar por medio do téxtil para poder experimentar con diferentes deseños e produtos<br>**Unidade de Competencia 2**: Experimentar con diversos materiais co fin de aplicar innovacións aos tecidos e deseños<br>**Unidade de Competencia 3**: Planificar de forma técnica deseños creativos.<br>**Unidade de Competencia 4**: Realizar diferentes técnicas europeas e buscar a exquisitez do tecido.<br>**Unidade de Competencia 5**: Acabar, rematar e montar diferentes encaixes.<br>**Unidade de Competencia 6**: Organizar a actividade dun obradoiro de encaixe de palillos |
| ENCADERNACIÓN | | PENDENTE DO DOCENTE RESPONSABLE |
| LUTHERÍA ANTIGA | | PENDENTE DO DOCENTE RESPONSABLE |
| OURIVERÍA | | PENDENTE DO DOCENTE RESPONSABLE |

## 6. Resume Referentes Formativos da EMAO

Na seguinte táboa se recolle o resumo dos Referentes Formativos das especialidades vixentes na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.
Cada un deles se describe mais adiante (Anexos de cada especialidade) polo miúdo nos seguintes elementos:

- Nome do módulo
- Competencia asociada: Cada módulo se asocia a unha ou varias Unidades de Competencia co fin de dotalo dun enfoque procedimental e contextualizalo na realidade, coa intención de predeterminar un enfoque situado e competencial das aprendizaxes.
- Obxectivo Xeral
- Obxectivos Conceptuais
- Obxectivos Procedimentais

- Obxectivos Actitudinais
- Criterios de Avaliación
- Contidos
- Duración do módulo

| | MÓDULOS FORMATIVOS |
|---|---|
| **CERÁMICA ARTÍSTICA** | **Módulo 1:** Deseño e sistemas de representación<br>**Módulo 2:** Historia da Cerámica<br>**Módulo 3:** Tecnoloxía de materiais<br>**Módulo 4:** Procesos construtivos<br>**Módulo 5:** Sistemas de elaboración e aplicación de cubertas cerámicas<br>**Módulo 6:** Tecnoloxía da calor<br>**Módulo 7:** Organización do obradoiro e labores de marketing persoal<br>**Proxecto Final Integrado (P.F.I)** |
| **SERIGRAFÍA ARTÍSTICA** | **Módulo 1:** Deseño e sistemas de representación<br>**Módulo 2:** Historia da serigrafía e dos sistemas de impresión<br>**Módulo 3:** Técnicas tradicionais e actuais para obtención de orixinais e fotólitos<br>**Módulo 4:** Procesos, materiais e técnicas serigráficas<br>**Módulo 5:** Estampación serigráfica<br>**Módulo 6:** Procesos, materiais e técnicas doutros sistemas de impresión artísticos e artesanais<br>**Módulo 7:** Organizar a actividade profesional do obradoiro<br>**Proxecto Final Integrado (P.F.I)** |
| **ZANFONA** | **Módulo 1:** Desenvolvemento do proxecto de deseño e construción do instrumento musical de corda frotada<br>**Módulo 2:** Historia da música galega.<br>**Módulo 3:** Madeiras para a construción artesanal de instrumentos musicais de corda frotada.<br>**Módulo 4:** Elaboración artesanal e montaxe de pezas e elementos do instrumento musical de corda frotada.<br>**Módulo 5:** Vernizado e pulido de instrumentos musicais.<br>**Módulo 6:** A Montaxe da zanfona tradicional<br>**Módulo 7:** Interpretación melódica básica.<br>**Módulo 8**: O Regulamento e a preparación de maquinaria e equipos de taller<br>**Módulo 9:** A organización dun obradoiro artesanal de elaboración de zanfonas. |
| **GAITA** | **Módulo** 1: Deseño do instrumento e planificación do traballo.<br>**Módulo** 2: Preparación e afiado de ferramenta específica.<br>**Módulo** 3: Realización de preformas con calibre interior e anelas.<br>**Módulo** 4: Torneado, pulido e axuste das pezas do instrumento<br>**Módulo** 5: Acabado, montaxe, e afinado do instrumento.<br>**Módulo** 6: Técnica básica de interpretación do instrumento.<br>**Módulo** 7: Historia da música galega<br>**Módulo** 8: A organización dun obradoiro artesanal de Instrumentos de vento tradicionais |
| **PINTURA** | **Módulo 1**. Produción de obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico, co pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético.<br>**Módulo 2** Técnicas de cor: técnicas secas e técnicas húmidas.<br>**Módulo 3** A representación pictórica nos distintos soportes.<br>**Módulo 4** Historia da arte.<br>**Módulo 5.** Organizar a actividade dun obradoiro de Pintura.<br>**Proxecto Final Integrado (P.F.I)** |

| | |
|---|---|
| **DEBUXO** | **Módulo 1:** Proxección e produción de obra orixinal e creativa a través do debuxo<br>**Módulo 2:** Técnicas de expresión gráfica en Debuxo<br>**Módulo 3:** Representación espacial aplicada<br>**Módulo 4:** Historia do Debuxo<br>**Módulo 5:** Elaboración de debuxos tomando a realidade como modelo<br>**Módulo 6:** Organización dun obradoiro de debuxo<br>**Proxecto Final Integrado (P.F.I)** |
| **TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA** | **Módulo 1** Desenvolvemento do proxecto de deseño e planificación dunha peza de talla ou escultura en madeira<br>**Módulo 2** Os procedementos, a técnica e o material coma significante<br>**Módulo 3** A Escultura: o estudo da forma volumétrica no espacio e o traballo da Talla Artística<br>**Módulo 4** O traballo da talla en madeira aplicada a interdisciplinariedade con outras formas de expresión artísticas<br>**Módulo 5** A talla artística e a escultura nun marco histórico<br>**Módulo 6** Organización dun obradoiro artesanal de Talla e escultura en madeira<br>**Proxecto Final Integrado (P.F.I)** |
| **MODA E CONFECCIÓN** | **Módulo 1**. O deseño da peza a confeccionar<br>**Módulo 2.** O Patronaxe base e a interpretación de deseños<br>**Módulo 3.** O corte da peza en base a patróns<br>**Módulo 4.** Montaxe da peza<br>**Módulo 5.** Remates e acabados da peza<br>**Módulo 6.** Historia da moda<br>**Módulo 7:** Organización da actividade dun obradoiro de moda e confección<br>**Proxecto Final Integrado (P.F.I)** |
| **ARTESANÍA EN COIRO** | **Módulo 1** Deseño e Sistemas de Representación<br>**Módulo 2** Historia do Traballo do Coiro<br>**Módulo 3** Selección da pel e corte das pezas<br>**Módulo 4** Decoración de pezas de coiro<br>**Módulo 5 Construción** e volume das pezas de coiro<br>**Módulo 6** Acabado e protección das pezas de coiro<br>**Módulo 7** Xestión e Organización do Traballo do Coiro<br>**Proxecto Final Integrado (P.F.I)** |
| **ENCAIXE DE PALILLOS** | **Módulo** 1: Deseño e representación de sistemas téxtiles en encaixe de palillos (debuxo e deseño como linguaxe)<br>**Módulo** 2: Historia da arte relacionada co encaixe de palillos<br>**Módulo** 3: Tecnoloxía de materiais e fiaduras<br>**Módulo** 4: Procesos de realización<br>**Módulo** 5: Procesos de acabado<br>**Módulo** 6: A organización dun obradoiro artesanal de Deseño e encaixe de palillos<br>**Proxecto Final Integrado (P.F.I)** |
| ENCADERNACIÓN | PENDENTE DO DOCENTE RESPONSABLE |
| LUTHERÍA ANTIGA | PENDENTE DO DOCENTE RESPONSABLE |
| OURIVERÍA | PENDENTE DO DOCENTE RESPONSABLE |

# Deseños curriculares de cada especialidade

# Anexo I Cerámica Artística: Perfil Profesional, Referente Formativo e Temporalización e Secuenciación



# Anexo I-A Perfil Profesional de Cerámica Artística

| COMPETENCIA XERAL |
|---|
| Deseñar e planificar a execución de volume cerámicos tanto de forma gráfica como tridimensional, analizando as súas características expresivas, materiais e técnicas de traballo específicas do medio e a tradición cerámica. Con unha formación artística que lle permite avaliar a adecuación dos distintos elementos da forma, a cor e o tratamento das superficies e a proporción. |
| UNIDADES DE COMPETENCIA |
| **Unidade de Competencia 1**: Idear e proxectar a elaboración de volumes cerámicos con criterios artísticos e técnicos que garantan uns niveis de calidade aceptábeis<br>**Unidade de Competencia 2**: Elaborar volumes cerámicos por procesos manuais con criterios artísticos e de precisión técnica respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.<br>**Unidade de Competencia 3**: Cubrir volumes cerámicos diversos utilizando unha ampla gama de recursos técnicos e garantindo a calidade artística e técnica do acabado respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.<br>**Unidade de Competencia 4**: Cocer volumes cerámicos mediante distintos procesos respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.<br>**Unidade de competencia 5**: Organizar a actividade nun obradoiro de cerámica artesanal |

| **Unidade de Competencia 1**<br>Idear e proxectar a elaboración de volumes cerámicos con criterios artísticos e técnicos que garantan uns niveis de calidade aceptábeis | | |
|---|---|---|
| **REALIZACIÓNS** | | |
| Definir as especificacións formais, estéticas, técnicas e materiais da peza, avaliando a información recompilada, para determinar o seu deseño.<br>Obter, analizar e organizar información a través de recursos, dixitais o non, referida aos antecedentes históricos, materiais, técnicas e, procesos para o seu emprego na definición do proxecto de deseño e construción artesanal<br>Deseñar e aproximarse bidimensionalmente á idea<br>Realizar maquetas e detalles tridimensionais<br>Determinar a forma e estrutura da peza realizando debuxos e a partir das especificacións formais e estéticas definidas, empregando técnicas gráficas e sistemas de representación manuais e informáticos para ser utilizados como elemento de presentación, e valoración na toma de decisións, así como servir de guía no proceso de elaboración.<br>Definir o plan de elaboración da peza a partir das súas especificacións determinando as fases, os tempos e procedementos de control de calidade e seguridade para garantir a execución nas condicións previstas.<br>Documentar o proxecto de deseño e construción da peza, incorporando as decisións sobre as súas características, materiais, técnicas, condicións económicas, plan de elaboración para garantir a súa execución. | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/maquinaria | Obtén estes resultados |
| Cartón<br>Arxila | Ordenador<br>Lapis<br>Regra<br>Compás<br>Bitola<br>Cuter<br>Tesoira | Coñece antecedentes<br>Obter inspiración.<br>Aproximación Bidimensional<br>Aproximación Tridimensional ao obxecto de deseño. |

## Unidade de Competencia 2

Elaborar volumes cerámicos por procesos manuais con criterios artísticos e de precisión técnica respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.

### REALIZACIÓNS

- Amasar e prepara a arxila
- Elaborar volumes cerámicos empregando a técnica precolombina construción con elementos orgánicos
- Elaborar volumes cerámicos empregando a técnica de placas construción con elementos xeométricos
- Modelar volumes cerámicos partindo de vulto redondo macizo
- Extrusionar volumes cerámicos a partir de perfís preestablecidos
- Baleirar volumes cerámicos a partir de formas propias e alleas

| Emprega estos materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados |
|---|---|---|
| Arxilas<br>Barbotina<br>Xabrón desmoldeante<br>Pranchas de xeso<br>Tábolas, listóns, rodillos | Galleteria<br>Palillos de modelar<br>Paletas<br>Pinceis<br>Laminadora<br>Teas<br>Palillos de modelar<br>Paleta<br>Regras e pinceis<br>baleiradores, compás<br>Extrusionadora<br>Gardas,<br>Sarxentos<br>Surfones<br>Escofinas<br>Escatolas | Volumes orgánicos<br>Volumes xeométricos Escultura<br>Volumes modulares<br>Reproducións |

## Unidade de Competencia 3

Cubrir volumes cerámicos diversos utilizando unha ampla gama de recursos técnicos e garantindo a calidade artística e técnica do acabado respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.

### REALIZACIÓNS

- Engobar volumes en dureza de coiro
- Vidrar volumes abiscoitados
- Esmaltar volumes abiscoitados e con cuberta vítrea crúa e mais cocida
- Transferir e xerar imaxes propias e alleas
- Investigar posibilidades gráficas e decorativas

| Emprega estos materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados |
|---|---|---|
| Arxilas<br>Óxido metálicos<br>Pigmentos cerámicos<br>Carbonatos<br>Óxidos<br>Silicatos | Balanzas<br>Batidoras<br>Botes<br>Cubos<br>Pinceis<br>Equipo compresor | Cubertas térreas coloreadas ou non<br>Cubertas vítreas transparentes, mates e brillantes, coloreadas ou non<br>Transfers directos e indirectos de deseños e imaxes a diversos soportes cerámicos en distintos |

| | | |
|---|---|---|
| Oxido metálicos<br>Pigmentos cerámicos<br>Emulsiones<br>Vehículos 3º lume<br>Sobres e baixo cubertas<br>Papel de transfer<br>Película extractora<br>Engobes<br>Vidrados<br>Esmaltes | Insoladora<br>Recleta<br>Raedera<br>Mesa de estampado<br>Maquina de agua a alta presión<br>Equipo de aerografía<br>Pinceis<br>Reservas | estados<br>Diferentes tipos de decoracións e remates personalizados |

| **Unidade de Competencia 4**<br>Cocer volumes cerámicos mediante distintos procesos respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual. |
|---|
| **REALIZACIÓNS** |
| Cocer pezas cerámicas en fornos eléctricos respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual |
| Cocer pezas cerámicas en fornos de gas respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual |
| Cocer pezas cerámicas en caceta respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual |
| Cocer pezas cerámicas Raku respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual |

| **Emprega estes materiais** | **Emprega esta ferramenta/ maquinaria** | **Obtén estes resultados** |
|---|---|---|
| Electricidade<br>Gas propano<br>Mobiliario para fornos<br>Pinzas para Raku<br>Luvas térmicas<br>Contedores para a redución | Fornos eléctricos<br>Fornos de gas<br>Forno de Raku<br>Equipos pirométricos<br>Manta e papel de alúmina<br>Caixa refractaria | Volumes cocidos con distintos procesos a distintas temperaturas e atmosferas<br>Volumes cocidos a baixa temperatura en redución de xeito experimental<br>Volumes esmaltados e cocidos en cocción rápida a baixa temperatura e reducidos no exterior do forno. |

| **Unidade de competencia 5**<br>Organizar a actividade nun obradoiro de cerámica artesanal |
|---|
| **REALIZACIÓNS** |
| Distribuír as áreas imprescindibles de un obradoiro de cerámica respectando a lexislación de seguridade específicas para cada tipo de proceso. |
| Realizar o mantemento da ferramenta e maquinaria específica do obradoiro |
| Establecer as condicións que garantan a seguridade das operacións de elaboración do produto cerámico e a prevención dos posibles riscos derivados da súa actividade profesional |
| Respectar as normas de seguridade e hixiene, interpretando correctamente as fichas técnicas e de seguridade de tódalas materias primas existentes no obradoiro |
| Empregar o Equipo de Protección individual de forma correcta para realizar con seguridade as actividades do obradoiro. |
| Coñecer as necesidades do mercado, para poder promocionar o seu traballo |
| Elaborar un dossier que recolla a obra e o seu proceso de execución e permita presentala a clientes, empregadores, público. |

| | | |
|---|---|---|
| Participar en feiras e exposicións, co fin de divulgar e compartir o traballo. | | |
| Realiza a instalación dunha exposición con criterios artísticos | | |
| Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais o presenciais | | |
| **Emprega estes materiais** | **Emprega esta ferramenta/ maquinaria** | **Obtén estes resultados** |
| | Teléfono, Ordenador Programas<br>Máquina de fotos | Publicidade<br>conservación<br>recoñecemento |

# Anexo I-B Cerámica Artística - Referente Formativo

## Cerámica Artística

Duración: 810 horas

### Competencias

**Unidade de Competencia 1**: Idear e proxectar a elaboración de volumes cerámicos con criterios artísticos e técnicos que garantan uns niveis de calidade aceptábeis

**Unidade de Competencia 2**: Elaborar volumes cerámicos por procesos manuais con criterios artísticos e de precisión técnica respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.

**Unidade de Competencia 3**: Cubrir volumes cerámicos diversos utilizando unha ampla gama de recursos técnicos e garantindo a calidade artística e técnica do acabado respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.

**Unidade de Competencia 4**: Cocer volumes cerámicos mediante distintos procesos respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.

**Unidade de competencia 5**: Organizar a actividade nun obradoiro de cerámica artesanal

### Obxectivo Xeral

Comprender a evolución da cerámica a través da historia. Definir unha idea tanto de forma gráfica como tridimensional. Investigar as posibilidades construtivas do medio, fomentando a creatividade e innovación. Coñecer o comportamento dos materiais cerámicos. Utilizar os procesos de cocción de material cerámico. Aplicar as normativas

### Módulos Formativos

**Módulo 1:** Deseño e sistemas de representación

**Módulo 2:** Historia da Cerámica

**Módulo 3:** Tecnoloxía de materiais

**Módulo 4:** Procesos construtivos

**Módulo 5:** Sistemas de elaboración e aplicación de cubertas cerámicas

**Módulo 6:** Tecnoloxía da calor

**Módulo 7:** Organización do obradoiro e labores de marketing persoal

**Proxecto Final Integrado**

## Módulo 1: Deseño e Sistemas de representación

Asociado á Unidade de Competencia: Idear e proxectar a elaboración de volumes cerámicos con criterios artísticos e técnicos que garantan uns niveis de calidade aceptábeis

OBXECTIVO XERAL

Crear e planificar obras propias, con criterios estéticos e de calidade

| Duración: 70 horas | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Comprender o desenvolvemento histórico relacionado coa Cerámica<br>Analizar a produción dos principais artistas/artesanos relacionados coa Cerámica<br>Analizar os estilos mais relevantes relacionados coa especialidade<br>Coñecer cales son as fontes de información fiables e relevantes relacionadas coa Cerámica<br>Coñecer os sistemas de representación gráfica máis axeitados a Cerámica<br>Analizar unha idea para situarse na realidade conceptual da mesma e coñecer vantaxes e inconvenientes<br>Avaliar a conceptualización da obra analizando a súa funcionalidade, manexabilidade, forma,cor, materiais<br>Planificar o proceso construtivo para conquerir unha execución ordenada e axustada aos prazos establecidos<br>Elixir os materiais e procesos a utilizar na obra para conquerir un resultado consistente nos seus aspectos técnicos e estéticos | Escoller, analizar e arquivar documentación e material gráfico de distintas fontes cunha actitude creativa e crítica para definir un deseño personalizado do proxecto<br>Idear deseños propios respectando as características do material<br>Determinar as especificacións formais, estéticas, técnicas, da peza a partir de información recompilada e avaliada para concretar a execución da obra.<br>Elaborar unha aproximación bidimensional e tridimensional, como primeiro paso da aproximación física a peza final<br>Realizar o plano definitivo da obra como paso ultimo a súa realización<br>Definir o plan de elaboración da peza, temporizando as diferentes fases e decidindo os materiais a empregar, en condicións de seguridade laboral e protección<br>Documentar o deseño a través da memoria e presuposto para analizar e valorar a viabilidade da produción. | Hábitos de documentación, indagación e búsqueda de ideas aplicábeis no desenvolvemento da obra persoal.<br>Actitude creativa, aberta os cambios e innovacións, en procura de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais.<br>Valorar a tradición e a historia como fontes de inspiración a partir das que sustentar o proceso creativo<br>Manter unha actitude de procura da excelencia no traballo realizado.<br>Interpretar e dar resposta ás demandas dos clientes. |
| **Criterios de Avaliación** | | |
| Realizar o deseño dun proxecto cerámico, con criterios estéticos e técnicos, facendo aportacións persoais e plasmando a súa visión persoal.<br>Expoñer unha proposta dun deseño cerámico, argumentando con claridade e abrindo un dialogo colaborativo co resto e compañeiros que favoreza a depuración do deseño.<br>Elaborar unha memoria final do proxecto na que se recolla o proceso de ideación e se planifiquen os aspectos técnicos, estéticos, económicos e temporais necesarios para a súa execución. | | |

| CONTIDOS |
|---|
| 1. O Proceso creativo: Conceptualización da obra<br>2. Elección de fontes de inspiración e documentación<br>• Apuntamentos persoais<br>• Bibliografía<br>• Rede<br>3. Utilización dos sistemas de representación bi e tridimensional<br>• Bosquexos<br>• Maquetas<br>• prototipos<br>• planos<br>4. Memoria e presuposto<br>• Temporalización<br>• Materiais<br>• Procesos<br>• Custos<br>5. Ferramentas dixitais para a procura, organización e xestión da información na rede:<br>• Marcadores de Favoritos<br>• Lectores de RSS<br>• Sistemas de curación de contidos<br>6. O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade |

| **Módulo 2: Historia da cerámica** | | |
|---|---|---|
| Asociado á Unidade de Competencia 1: Idear e proxectar a elaboración de volumes cerámicos con criterios artísticos e técnicos que garantan uns niveis de calidade aceptábeis | | |
| **OBXECTIVO XERAL** | | |
| Valorar os distintos momentos evolutivos da cerámica, como fonte de inspiración do noso traballo, tanto a nivel técnico como expresivo. | | |
| Duración: 30 horas | | |
| **OBXECTIVOS DE MÓDULO** | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Distinguir as etapas da evolución da cerámica entre o paleolítico e o año 1000 , para poder clasificar os distintos momentos históricos que provocaron un cambio<br>Comparar a evolución da olería en España, Para poder entender el presente da mesma | Ordenar as distintas etapas do paleolítico ano 1000 identificando a aparición dos diferentes procesos construtivos<br>Reconstruír o mapa da chegada da porcelana a Europa para poder comprobar a súa evolución | Apreciar as distintas etapas do paleolítico ao ano 1000 para poder acostumarse á súa utilización<br>Acostumarse a diferenciar distintas tipoloxías para poder valorar esta herdanza aínda viva.<br>Apreciar a importancia das factorías na evolución da cerámica para poder situarnos no momento actual |

| | | |
|---|---|---|
| Extraer conclusións sobre as Grandes factorías europeas de porcelana, para poder situalo na realidade cerámica actual<br>Analizar a evolución do concepto de Deseño e a súa función na historia da cerámica para conformar unha concepción persoal<br>Analizar a evolución artística de autores relevantes na cerámica para comprender o proceso creativo e conformar unha conciencia artística propia. | | Acostumarse á súa utilización para conseguir maior excelencia nos nosos produtos<br>Interesarse no coñecemento das novas propostas, apreciar as múltiples posibilidades dos materiais<br>Valorar as distintas evolucións propostas para poder entender a evolución persoal |

## Criterios de Avaliación

Realizar un informe sobre un período, feito, movemento ou autor, no que se recollan as características principais e se realice unha aportación persoal: comentarios, aporte a súa obra, aspectos que mais lle teñen impactado... Os aportes persoais serán o aspecto mais valorado.

## CONTIDOS

1. Os comezos da cerámica:
   - Paleolítico e neolítico
   - Mesopotamia
   - Grandes culturas do Mediterráneo
   - Asia
   - América
   - África
2. A olería en España
3. Grandes factorías europeas da porcelana
   - Saxonia
   - Sevres
   - Wedgwood
   - Buen Retiro
4. Cerámica e función
   - Arts & crafts
   - Art nouveau
   - Art decó
   - Bauhaus
5. Ismos contemporáneos na cerámica
6. A evolución artística de autores relevantes na cerámica

# Módulo 3: Tecnoloxía de materiais

Asociado á Unidade de Competencia **2**: Elaborar volumes cerámicos por procesos manuais con criterios artísticos e de precisión técnica respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.

| OBXECTIVO XERAL | | |
|---|---|---|
| Investigar o comportamento dos materiais empregados na cerámica tanto a nivel de forma como de cuberta para obter resultados coa calidade desexada e con criterios creativos | | |
| Duración: 100 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Analizar o comportamento das arxilas,para extraer conclusións sobre as súas propiedades físicas e as súas posibilidades na cerámica<br>Analizar o comportamento das materias primas que forman as cubertas para elixir e aplicar os materiais e técnicas mais axeitados o deseño. | Testar os materiais cerámicos a distintas temperaturas, para comprobar os cambios sufridos.<br>Confeccionar un mostrario de cubertas, para comprobar as reaccións e relacións existentes entre as distintas materias primas | Acostumarse a realizar estas operacións para obter mellores resultados nos volumes realizados<br>Acostumarse a realizar estas operacións para obter mellores resultados en nas cubertas realizadas<br>Adoptar unha actitude creativa que permita innovar e obter resultados personalizados |
| Criterios de Avaliación | | |
| Realizar un mostrario de arxilas, onde se prestará atención a valores como cambio de cor, dimensións, resistencia e prestacións | | |
| CONTIDOS | | |
| 1. Mostrarios de arxilas a distintas temperaturas observando e anotando os cambios obtidos relativos a: tamaño, cor, resistencia e sonoridade<br>2. Un desenvolvemento de cubertas vítreas, que nos leve a comprender as reaccións e relaciones entre os distintos materiais que forman unha cuberta e as posibilidades para modificalos e conseguir distintos resultados. | | |

## Módulo 4: Procesos construtivos

Asociado á Unidade de Competencia **2**: Elaborar volumes cerámicos por procesos manuais con criterios artísticos e de precisión técnica respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.

| OBXECTIVO XERAL |
|---|
| Coñecer e aplicar os procedementos de obtención de formas na cerámica, para poder desenvolver o linguaxe persoal |

| Duración: 400 horas | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Identificar os módulos orgánicos para obter por adición os volumes mais complexos<br><br>Identificar os módulos xeométricos para obter por adición os volumes mais complexos<br><br>Analizar as posibilidades construtivas do vulto redondo para obter un recurso escultórico<br><br>Aplicar o proceso de extrusionado os distintos perfiles para analizar as súas posibilidades<br><br>Distinguir os distintos procesos reprodutivos tanto para serie como para obra única<br><br>Investigar os procedementos do torneado, para coñecer tanto as posibilidades útiles como as estéticas | Aplicar a técnica precolombina para comprobar as súas posibilidades construtivas e expresivas<br><br>Aplicar a técnica de placas para comprobar as súas posibilidades construtivas e expresivas<br><br>Construír volumes macizos para coñecer as técnicas do baleirado, despece e ensamblado.<br><br>Comprobar as posibilidades combinatorias dos distintos módulos para contrastar as súas posibilidades construtivas<br><br>Confeccionar baleirados a partir de diferentes matrices para comprobar as súas complexidades reprodutivas<br><br>Constatar, o distinto aprendizaxe de esta técnica construtiva, para entender e executar reiteradamente los exercicio que nos leven a controlar súas claves. | Valorar este procedemento ancestral para poder acometer volumes persoais de gran formato<br><br>Respectar os tempos de este procedemento para poder obter resultados personalizados<br><br>Interesarse por esta técnica común a outras disciplinas escultóricas, para abrir o abano de posibilidades persoais<br><br>Acostumarse a asistencia de maquinaria sinxela para obter resultados personalizados<br><br>Valorar a reprodución como unha posibilidade artística para ampliar os nosos recursos expresivos<br><br>Aceptar este procedemento construtivo non so como método de obtención de formas útiles senón como ferramenta mais , para ampliar as posibilidades creativas |
| **Criterios de avaliación:**<br>Realizar una peza en cada un dos procesos construtivos, onde formalmente o alumno exprese as súas inquedas artísticas | | |
| CONTIDOS | | |
| 1. **Volumes orgánicos** obtidos mediante a utilización de churros, elemento característico da técnica precolombina:<br>• Utilidade e inutilidade do volume orgánico<br>• Posibilidades expresivas do proceso<br>• Tipos de volumes: celosía, contedor e pechado<br>2. **Volumes xeométricos** obtidos mediante a utilización de planos, elemento característico da técnica de placas:<br>• Utilidade e inutilidade do volume xeométrico<br>• Posibilidades expresivas do proceso<br>• Tipos de volumes: celosía, contedor e pechado | | |

3. **Volumes modelados** a partir do vulto redondo macizo Procedemento característico da escultura que no caso da cerámica introduce o concepto do baleirado

- A figuración e a abstracción
- Posibilidades expresivas do proceso
- Segmentación, baleirado e reensamblado do volume

4. **Volumes modulares** obtidos a base de elementos extrusionados e o seu posterior ensamblado para obter volumes estruturalmente mais complexos

5. **Reprodución de volumes** partir de diferentes matrices en distintos materiais, estados e con distintos graos de complexidade

- Moldes de apertón
- Moldes de colada

6. **Volumes torneados** tendo en conta os conceptos útil – inútil

- Volumes en revolución de desenrolo vertical e horizontal
- Relacións interior – exterior
- Relacións continente e contido

<table>
<tr><th colspan="3">Módulo 5: Sistemas de elaboración e aplicación de cubertas</th></tr>
<tr><td colspan="3">Asociado á Unidade de Competencia 3: Cubrir volumes cerámicos diversos utilizando unha ampla gama de recursos técnicos e garantindo a calidade artística e técnica do acabado respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.</td></tr>
<tr><th colspan="3">OBXECTIVO XERAL</th></tr>
<tr><td colspan="3">Distinguir e clasificar as materias primas que interveñen nas cubertas cerámicas, elaborar as mesmas e coñecer os sistemas de aplicación</td></tr>
<tr><th colspan="3">Duración: 150 horas</th></tr>
<tr><th colspan="3">OBXECTIVOS DE MÓDULO</th></tr>
<tr><th>Conceptuais</th><th>Procedimentais</th><th>Actitudinais</th></tr>
<tr><td>Analizar a natureza dos engobes para poder entender as cubertas terreas<br><br>Distinguir os materiais que interveñen na formación dunha cuberta vítrea<br><br>Clasificar as distintas cubertas vítreas e opacas para coñecer as distintas materias primas que provocan as opacidades<br><br>Coñecer o proceso de transferencia de imaxes na cerámica para aportar novas solucións decorativas e artísticas<br><br>Clasificar os distintos procedementos decorativos para poder aplicalos segundo as necesidades expresivas desexadas</td><td>Elaborar os distintos tipos de engobes e coloracións para comprobar a súa adaptabilidade os distintos soportes<br><br>Confeccionar os distintos tipos de cubertas vítreas e as súas coloracións, para constatar a función das distintas materias primas mineiras<br><br>Manexar as distintas posibilidades de opacificación e as súas coloracións para compoñer esmaltes ricos e con matices<br><br>Elaborar monotipos por distintos procedementos para poder transferir as imaxes a os diversos soportes<br><br>Comprobar a súa adaptabilidade a os distintos soportes e estados para probar e elixir a opción mellor axeitada a cada situación</td><td>Acostumarse a utilizar os engobes, para resolver coloracións elementais<br><br>Apreciar as calidades das cubertas vítreas, para comprobar a impermeabilización do soporte e as súas propiedades estéticas<br><br>Valorar as cubertas opacas e opalescentes para comprobar as súas características ornamentais e artísticas<br><br>Ser constante no respecto por los tempos e as etapas na súa realización para obter os mellores resultados</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | Dominar os procesos de transferencia de imaxes para entender aptitudes industriais e artísticas | |

**Criterios de avaliación**

Realizar un mostrario de cubertas vítreas e practicar os sistemas de aplicación das mesmas.

Realizar un mostrario de técnicas decorativas

**CONTIDOS**

**1. Tipos de cubertas**

- Cubertas Térreas ( engobes )
- Cuberta vítreas Transparentes ( vidrados )
- Cuberta vítreas opacas ( esmaltes )

**2. Elaboración de cubertas terreas infusibles e semifusibles, coloracións e posibilidades de aplicación**

**3. Elaboración de cubertas vítreas transparentes, brillantes, mates e satinadas, incompatibilidades, coloracións e posibilidades de aplicación**

**4. Elaboración de cubertas vítreas opacas, brillantes, mates e satinadas, incompatibilidades, coloracións e posibilidades de aplicación**

**5. A serigrafía na cerámica**

- técnicas directas e indirectas.
- Coñecemento dos soportes e o estado dos mesmos

6. **Técnicas decorativas** na cerámica, os soportes e os estados dos mesmos, posibilidades expresivas

- Enriba de pezas en cru
- Enriba de pezas en dureza de coiro
- Enriba de pezas abiscoitadas
- Enriba de pezas abiscoitadas con cuberta cru
- Enriba de pezas abiscoitadas con cuberta cocida

## Módulo 6: Tecnoloxía da calor

Asociado á Unidade Unidade de Competencia **4**: Cocer volumes cerámicos mediante distintos procesos respectando a normativa de seguridade e hixiene e protección individual.

**OBXECTIVO XERAL**

Investigar a evolución do proceso de cocción de produtos cerámicos dende a antigüidade a os nosos días

Cocer pezas cerámicas seguindo os protocolos técnicos e de seguridade para obter un resultado de calidade

**Duración: 30 horas**

**OBXECTIVOS DE MÓDULO**

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar as posibilidades de unha cocción en un forno eléctrico para elixir a curva de cocción mas axeitada<br>Clasificar as atmosferas que se producen na cocción en un forno | Manexar as distintas curvas de temperatura nunha cocción en forno eléctrico para poder elixir a mais axeita en cada caso<br>Controlar os procesos de presión e tiraxe nun forno de gas así como | Apreciar as calidades da cocción en forno eléctrico para saber los diferenciar de outros sistemas<br>Valorar a posibilidade de cambio de atmosfera para entender certos procesos de cocción |

| | | |
|---|---|---|
| de gas para poder entender os cambios producidos tanto nas pastas como nas cubertas<br>Comparar os distintos contedores e procesos utilizados na cocción en gaceta para entender os cambios producidos nas cubertas das pezas<br>Recoñecer esta antiga e singular técnica de cocción cerámica para poder establecer similitudes e diferencias cos métodos tradicionais | os distintos combustibles gasosos para comprobar as posibilidades das atmosferas na cocción das obras cerámicas<br>Elaborar distintos contedores con distintas cargas e empaquetamentos para controlar na medida que cabe este proceso de compoñentes experimentais<br>Construír un forno para Raku con todos os seus aparellos adxacentes para experimentar co as posibilidades de este proceso | Mostrar unha aptitude aberta ante procesos de cocción experimentais para ampliar as posibilidades de cocción<br>Acostumarse a construír fornos experimentais para valorar a autosuficiencia |

Criterios de Avaliación

Realizar cargas e descargas en cada uno dos fornos así como programalos dependendo da natureza das distintas cargas

## CONTIDOS

1. **Fornos eléctrico**
   - Funcionamento e programación do cadro pirométrico
   - Mobiliario do forno
   - Carga e descarga
   - Tensión e consumo
   - Alteracións propias de esta técnica de cocción
2. **Fornos de gas**
   - Chama directa e chama invertida
   - Combustibles gasoso
   - Programación e control da cocción
   - Alteracións propias de esta técnica de cocción
3. **Cocción en gaceta**
   - Posibilidades contedoras
   - Cargas orgánicas e inorgánicas
   - Diferentes modalidades de empaquetamentos
   - Alteracións propias de esta técnica de cocción
4. **Cocción de Raku**
   - Construción do forno de raku
   - Queimador, lira e manómetro
   - Pinzas, luvas e contedores para redución
   - A redución no exterior do forno: proceso e materiais
   - O arrefriamento
   - Alteracións propias de esta técnica de cocción

# Módulo 7: Organización dun obradoiro artesanal de Cerámica Artística

Asociado á Unidade de Competencia **7**: Organizar a actividade nun obradoiro de cerámica

## OBXECTIVO XERAL

Definir, organizar e estruturar a actividade dun obradoiro de cerámica garantindo os procesos creativos e o mellor rendemento en condicións de seguridade e hixiene

## Duración: 20 horas

## OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar as tarefas dun obradoiro de cerámica para identificar as necesidades de espazos, materiais, ferramenta, maquinaria<br>Enumerar as tarefas de mantemento, para identificar e previr posíbeis problemas<br>Coñecer as distintas normativas para extraer conclusións acerca do risco de certos procesos<br>Identificar as tarefas que conleven unha promoción do produto para estruturar o marketing<br>Coñecer a normativa relacionada cos dereitos de autor. | Optimizar as areas  dun obradoiro de cerámica artística, para poder realizar o traballo con fluidez optimizando os procesos<br>Realizar tarefas de mantemento de maquinaria e ferramenta, para acadar o seu perfecto funcionamento<br>Aplicar as normativas relacionada coa actividade para controlar posíbeis alteracións<br>Practicar actividades promocionais para elaborar unha estratexia de mercado<br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais  a través de medios dixitais ou presenciais. | Cumprir a normativa que regula as realizacións da actividade<br>Responsabilizarse do traballo que desenvolve.<br>Valorar unha boa distribución das areas dun obradoiro, para facilitar o proceso produtivo<br>Aceptar as tarefas de mantemento, como parte esencial do proceso de traballo<br>Acostumar a ter sempre presente as normativas para non correr riscos innecesarios<br>Actitude positiva, aberta o disfrute persoal a través da execución do traballo como estratexia facilitadora da creatividade e o bo facer<br>Colaborar e relacionarse con afabilidade con compañeiros e clientes para facilitar o traballo e acadar mellores resultados.<br>Respectar e defender  a autoría e os dereitos de autor |

## Criterios de Avaliación

Cumprir con regularidade as normas de seguridade e hixiene que atinxe ó seu traballo

Manter limpo e ordenado o espazo de traballo.

Elaborar un proxecto de participación nunha exposición, que recolla as necesidades expositivas, informativas e divulgativas para  dar a coñecer o seu traballo.

Realizar un dossier sobre o Produto Final Integrado, no que se recolla o paso a paso, custo estimado e real, materiais a empregar e empregados, difusión do traballo realizado…

Desenvolver o seu Entorno Persoal de aprendizaxe (PLE)

Respectar os dereitos de autor

## CONTIDOS

**1. Organizar e distribuír os espazos dun obradoiro**

- Zona de fornos
- Zona de pesaxe e elaboración de cubertas
- Zona de procedementos manuais
- Zona de tornos
- Zona de aerografía

- Zona de reciclaxe
- Zona de almacén

**2. Mantemento**

- Maquinaria ( Fornos, Tornos, Galleteira, Extrusionadora e Equipo compresor )
- Ferramenta propia de cerámica e auxiliar

**3. Seguridade, protección e prevención**

- equipo protección individual
- botiquín
- Fichas de seguridade de maquinarias
- Fichas de seguridade de materias primas
- Normativas

4. Seguridade **e hixiene no traballo aplicable a un obradoiro de cerámica**

- Normativa de seguridade e hixiene no traballo relacionada cos talleres artesanais.
- Toxicidade e perigosidade dos produtos artesáns

5. **Ferramentas dixitais para a percura, organización e xestión da información na rede:**

- Marcadores de Favoritos
- Lectores de RSS
- Sistemas de curación de contidos

6. O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade
7. Os dereitos de autor, Licencias Creative Commons
8. Calendario de feiras e eventos relevantes relacionados coa cerámica
9. Redes sociais e comunidades virtuais relacionadas coa cerámica
10. Identidade dixital eNetiqueta

| Produto Final Integrado P.F.I |
|---|
| Obxectivos |
| • Integrar os coñecementos adquiridos ao longo da especialidade, tomando decisión sobre a traxectoria estética e técnica<br>• Preparar as bases que sustenten o Proxecto<br>• Adquirir autonomía na execución do traballo |
| Criterios de avaliación |
| Idear e deseñar o Produto Final Integrado<br>Seleccionar e preparar os materiais axeitados ó deseño do Produto Final Integrado<br>Seleccionar as técnicas de elaboración, decoración e cocción axeitadas o deseño do Produto Final Integrado<br>Elaborar os volumes cerámicos requiridos no deseño do PFI<br>Elaborar as cubertas para os volumes cerámicos do PFI<br>Cocer pezas cerámicas seguindo os protocolos técnicos e de seguridade para obter un resultado de calidade .<br>Realizar un dossier sobre o Produto Final Integrado, no que se recolla o proceso e os produtos realizados, as reflexións persoais sobre cada unha das fases de elaboración, custo estimado e real, materiais a empregar e empregados,<br>Preparar e realizar a difusión do PFI nas redes<br>Traballar con autonomía e tomar decisións con criterios técnicos e estéticos fundamentados nos coñecementos adquiridos na especialidade |

# Anexo I-C Cerámica – Temporalización e Secuenciación por cursos

Currículum normal: 700 horas + 90 complementarias = 790 horas
Currículum extendido (con nivel avanzado): 860 horas

| | Horas/módulo | Criterios de selección de contidos por cursos | |
|---|---|---|---|
| | | Primeiro | Segundo |
| Módulo 1<br>Deseño e sistemas de representación | 65 | Fundamentos do deseño aplicado a cerámica | Aplicar criterios do deseño na realización do traballo persoal |
| Módulo 2<br>Historia da Cerámica | 30 | Impártese na súa totalidade o 1º ano | |
| Módulo 3<br>Tecnoloxía de materiais | 100 | Distinguir as características e propiedades das arxilas | Investigar as relaciones entre as materias primas que interveñen nos esmaltes |
| Módulo 4<br>Procesos construtivos | 340 | Investigar os distintos procesos construtivos propios da cerámica | Adecuar os distintos procesos a o traballo persoal |
| Módulo 5<br>Sistemas de elaboración e aplicación de cubertas cerámicas | 120 | Fundamentos das distintas cubertas cerámicas, elaboración e aplicación | Establecer as relacións forma-cor no traballo persoal |
| Módulo 6<br>Tecnoloxía do calor | 40 | Coñecer la evolución e posibilidades do proceso de forneado a través da historia | Prácticas de forneado e desforneado, programación de fornadas |
| Módulo 7<br>Organización dun obradoiro artesanal de Cerámica Artística | 20 | Analizar as tarefas dun obradoiro de cerámica para saber deseñar o seu espacio | Practicar actividades promocionais |
| Produto Final Integrado | 100 | | Realizarase no último trimestre |

# Anexo II Serigrafía Artística: Perfil Profesional, Referente Formativo, Temporalización e Secuenciación



# Anexo II-A Serigrafía Artística – Perfil Profesional

## SERIGRAFÍA ARTÍSTICA

COMPETENCIA XERAL

Realizar estampacións serigráficas deseñando e proxectando imaxes propias e alleas coñecendo tanto os procedementos tradicionais como os actuais da serigrafía artística elixindo e utilizando axeitadamente os procesos , materiais e técnicas do obradoiro en base ao que se pretenda transmitir coa imaxe serigráfica realizando todo o proceso en condicións de seguridade laboral e de protección ambiental.

UNIDADES DE COMPETENCIA

**Unidade de Competencia 1**: Crear imaxes propias ou por encargo para realizar estampacións con sistemas de impresión artísticos e artesanais analizando e interpretando criticamente as imaxes e as necesidades formuladas.

**Unidade de Competencia 2**: Realizar orixinais e fotólitos de forma tanto tradicional coma con novas tecnoloxías para realizar a imaxe serigráfica final.

**Unidade de Competencia 3**: Recoñecer, elixir e empregar axeitadamente os procesos, materiais e técnicas tanto serigráficas coma doutros sistemas de impresión artísticos en base ao que se pretenda transmitir coa obra gráfica .

**Unidade de Competencia 4**: Estampar serigrafías de forma tradicional e de forma automatizada.

**Unidade de Competencia 5** : Xestión e organización do traballo de obradoiro.

| Unidade de Competencia 1<br>Crear imaxes propias ou por encargo para realizar estampacións con sistemas de impresión artísticos e artesanais analizando e interpretando criticamente as imaxes e as necesidades formuladas |
|---|
| REALIZACIÓNS |
| Obter, analizar e organizar información a través de recursos, dixitais ou non, sobre técnicas, antecedentes históricos, materiais, procesos, obras e artistas para o seu emprego na definición do proxecto de deseño e para xerar criterios configuradores da obra e estilo persoais |
| Definir as especificacións formais, estéticas, técnicas e materiais da serigrafía artística avaliando a información recompilada, para determinar o seu deseño. |
| Elaborar apuntes e bosquexos previos para obter a imaxe e proceder ao proceso serigráfico |
| Elixir a técnicas de expresión gráfica mais axeitada para realizar as imaxes propias tendo en conta as peculiaridades dos diferentes sistemas de impresión artísticos e artesanais. |
| Elaborar deseños propios expresándose creativamente |
| Realizar un bosquexo das fases de realización do proceso serigráfico no que se especifiquen os procesos de realización en base ás características da imaxe a estampar |
| Determinar a imaxe serigráfica realizando debuxos e a partir das especificacións formais e estéticas definidas, empregando técnicas gráficas e sistemas de representación manuais e informáticos para ser utilizados como elemento de presentación, e valoración na toma de decisións, así como servir de guía no proceso de elaboración |

| |
|---|
| Definir o plan de elaboración da serigrafía artística a partir das súas especificacións determinando as fases, os tempos e procedementos de control de calidade e seguridade para garantir a execución nas condicións previstas. |
| Documentar o proxecto de deseño e proceso da serigrafía incorporando as decisión sobre as súas características, materiais, técnicas, condicións económicas, plan de elaboración para garantir a súa execución. |
| Elaborar un orzamento da obra que se vai realizar calculando os custes para decidir a súa viabilidade |

## Medios de Produción

| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
|---|---|---|---|
| Información especializada e profesional relacionada coas artes plásticas e sistemas de impresión.<br>Técnicas gráficas.<br>Sistemas de representación. | Variedade de materiais trazadores (lapis, marcadores, pinceis…)<br>Útiles de debuxo e medida (calibre,regras, escuadras, cartabóns, compás, entre outros)<br>Ferramentas de materiais de soporte (papeis, cartóns, blocs….)<br>Hardware e software | Apuntes, croquis estudios e bosquexos das imaxes a realizar<br>Imaxes de creación propia<br>Bosquexos para transferir á matriz.<br>Definición gráfica do proceso global de elaboración<br>Definición dos acabados da imaxe a estampar a partir do deseño | Libros<br>Catálogos<br>Blogues<br>Páxinas web<br>Redes sociais<br>Libro de mostras de material gráfico-plástico e específico de serigrafía<br>Documentación técnica de máquinas e equipos<br>Normativa sobre riscos laborais e ambientais |

## Unidade de Competencia 2

## Realizar orixinais e fotólitos de forma tanto tradicional coma con novas tecnoloxías para realizar a imaxe serigráfica final

| REALIZACIÓNS |
|---|
| Realizar orixinais e fotólitos de forma manual partindo de bosquexo previo |
| Realizar o debuxo en tramas e /ou planos segundo as características da imaxe a realizar |
| Elixir as características do tramado segundo a lineatura de malla, a viscosidade da tinta e o soporte sobre o que se vai estampar |
| Manipular manualmente o fotólito con elementos gráfico-plásticos investigando con novos materiais e experimentando coas posibilidades técnicas segundo o que se pretenda transmitir |
| Realizar orixinais e fotólitos de forma automatizada partindo de bosquexo previo capturando e dixitalizando o orixinal e axustando o seu tratamento segundo as necesidades da estampación final |
| Separar as cores colocando as marcas de rexistro e de corte segundo as necesidades da estampación |

| | | | |
|---|---|---|---|
| tanto no fotólito manual como no automatizado | | | |
| Retocar os fotólitos obtidos modificando liñas ou planos para evitar liñas brancas na estampación | | | |
| Supervisar e verificar a correcta posición das marcas de rexistro sobre a mesa de luz para proceder á estampación | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| Opacadores, rotuladores permanentes, papel poliéster mate, máscaras, diversos útiles trazadores para crear texturas ( esponxas, pinceis, tintas...) tinta chinesa.<br>Tóner<br>Spray ennegre cedor | Ordenador, escáner, impresora, cámara fotográfica, Programas de edición de imaxe.<br>Mesa de luz | Fotólitos analóxicos e dixitais adaptando o bosquexo previo ás necesidades do proceso serigráfico para estampar a imaxe | Bibliografía técnica.<br>Catálogos e monografías de obra gráfica.<br>Catálogos e mostraxes de material gráfico e plástico. Documentación técnica de máquinas e equipos.<br>Normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental. |

| |
|---|
| Unidade de Competencia 3<br>Recoñecer, elixir e empregar axeitadamente os procesos, materiais e técnicas tanto serigráficas coma doutros sistemas de impresión artísticos en base ao que se pretenda transmitir coa obra gráfica |
| REALIZACIÓNS |
| Seleccionar a pantalla serigráfica segundo o formato da imaxe elixida para estampar, o tipo de maia, a viscosidade da tinta e o soporte sobre o que se vai estampar comprobando o estado da pantalla : os fantasmas, a tensión e o marco |
| Identificar, elixir e aplicar axeitadamente os materiais e técnicas doutros sistemas de impresión artísticos e artesanais axeitados para transmitir as ideas recollidas no deseño da imaxe |
| Desengraxar a pantalla entes de proceder ao emulsionado e , se fora necesario, eliminar imaxes fantasma |
| Emulsionar a pantalla comprobando o estado óptimo da raedera e elixindo o tipo de emulsión e as veces que hai que aplicala en función das características da imaxe a realizar |
| Insolar a pantalla emulsionada aplicando os diferentes modos de insolado serigráfico, a composición gráfica ao tecido da pantalla tendo en conta os valores formais e expresivos buscados e/ou establecidos no bosquexo definitivo. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| Axustar os valores de intensidade da luz e o tempo de exposición ata obter un insolado óptimo axustándose aos parámetros buscados para a correcta obtención da imaxe | | | |
| Revelar a pantalla hasta obter o grado de permeabilidade máis indicado para o resultado previsto | | | |
| Secar a pantalla e comprobar o estado da mesma avaliando a posibilidade de realizar retoques | | | |
| Realizar os retoques e correccións oportunos de acordo coa imaxe final esperada preparando tanto a pantalla para a fase de estampación como as matrices doutros sistemas de impresión | | | |
| Analizar os resultados obtidos xerando a partir deses resultados (correctos ou incorrectos) novas ideas e posibilidades | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Pantallas serigráficas<br>Materiais gráficos: lápices e barras litográficos, ceras, tintas graxas, pinceis,<br>rotuladores, film máscara acetatos, rotuladores opacadores. Bloqueadores<br>Emulsiones.<br>Produtos recuperadores de pantalla Desengraxantes.<br>Eliminadores imaxe fantasma.<br>Diversos materiais para sistemas de impresión artísticos e artesanais | Contafíos e lupas.<br>Raedera.<br>Insoladora de pantallas<br>Máquina limpadora de auga de alta presión<br>Ferramentas e maquinaria específica para realizar impresións artísticas ( prensa vertical, tórculo…) | Pantallas seleccionadas adecuadas á estampación.<br>Pantallas recuperadas, limpas e<br>desengraxadas<br>Pantallas preparadas para a estampación<br>Matrices de diversos sistemas de impresión artísticos artesanais e a súa estampación final | Documentación técnica de<br>máquinas, equipos e materiais.<br>Normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental. |

| Unidade de Competencia 4<br>Estampar serigrafías de forma tradicional e de forma automatizada |
|---|
| REALIZACIÓNS |
| Preparar os soportes, tintas, rasquetas, trapos e outros útiles e materiais. Ordealos axeitadamente atendendo a súa correcta manipulación, para a súa utilización durante a estampación serigráfica |
| Preparar os mecanismos da máquina de estampación serigráfica atendendo aos requirimentos da obra e aos materiais a empregar, para conseguir a calidade desexada na estampación e facilitar os axustes de entintado e rexistro posterior. |
| Axustar o entintado e a transmisión de tinta segundo os requirimentos da obra a estampar para asegurar a cubrición dos grafismos e a transferencia de tinta que permita unha estampación de calidade, respectando os valores formais e expresivos da imaxe. |
| Realizar as probas de estampación previas á tirada para establecer o entintado e a presión axeitada e recollelos na estampa modelo (B.A.T. -"Bon á Tirer", Bo para estampar-) tendo en conta os criterios e indicacións recollidos nos bosquexos |
| Efectuar a tirada, manipulando o soporte de estampación e os equipos utilizados de acordo coas condicións de calidade, repetindo o proceso de entintado e estampación definido na estampa modelo (B.A.T.) para conseguir a homoxeneidade entre as estampacións . |
| Realizar o correcto secado das estampas, utilizando os medios e equipos de secado apropiados á estampación e comprobando o perfecto ancoraxe da tinta no soporte para garantir as condicións de conservación |
| Investigar e experimentar cos materiais e técnicas utilizados |
| Empregar os errores xerados no proceso de estampación como posibles fontes de innovación e ideación de novas obras |

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Papeis e outros soportes de estampación.<br>Tintas e os seus compoñentes.<br>Materiais, ferramentas e equipos de<br>entintado: espátulas, rasquetas e outros | Equipos de estampación: máquinas serigráficas de estampación manuais, manual con brazo impresor, pulpo e máquina semiautomática.<br>Carro de secado | Probas de estampación -B.A.T.<br>Estampas Serigráficas.<br>Produtos<br>ou obxectos artísticos estampados sobre diversos materiais.<br>Edicións de Obra Gráfica Serigráfica. | Bibliografía técnica. Catálogos e monografías de serigrafía. Catálogos de papeles e de tintas. Bibliografía<br>técnica de materiais. Documentación técnica de máquinas e equipos. Normativa de prevención de riscos<br>laborais e de protección |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | ambiental |

| Unidade de Competencia 5<br>Xestión e organización do traballo de obradoiro |
|---|
| REALIZACIÓNS |
| Distribuír as áreas imprescindibles do obradoiro de impresión artística respectando a lexislación de seguridade específica para cada tipo de proceso e garantindo eficacia e eficiencia dos procesos<br>Realizar o mantemento da ferramenta e maquinaria seguindo as instrucións técnicas do fabricante e os protocolos de traballo establecidos para manter as máquinas e equipos de impresión artística en condicións óptimas de funcionamento e seguridade.<br>Establecer as condicións que garantan a seguridade das operacións de elaboración da obra e a prevención dos posibles riscos derivados da súa actividade profesional.<br>Respectar as normas de seguridade e hixiene, interpretando correctamente as fichas técnicas e de seguridade de tódalas materias primas existentes no obradoiro<br>Empregar o equipo de protección individual de forma correcta para realizar con seguridade as actividades do obradoiro<br>Elaborar un orzamento da imaxe ou serie que se vai  realizar calculando os custes para decidir a súa rendibilidade no campo da impresión artística<br>Definir os obxectivos do obradoiro artesán ao realizar o plan de viabilidade tendo en conta a realidade do mercado para lograr a máxima rendibilidade dos recursos e inversións<br>Participar en feiras e exposicións, co fin de divulgar e compartir o traballo<br>Realiza a instalación dunha exposición con criterios artísticos<br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais  a través de medios dixitais o presenciais<br>Elaborar un dossier que recolla a obra  e o seu proceso de execución e permita presentala a clientes, empregadores e público. |

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Materiais de mantemento da maquinaria | Teléfono, Ordenador, internet | Bo funcionamento da maquinaria<br>Garante a súa seguridade<br>Plan de viabilidade.<br>Solicitude de subvencións<br>Orzamentos laborais.<br>Propostas de plan de presentación do traballo<br>Sistema de | Normativa e recomendacións sobre seguridade, hixiene e protección individual.<br>Normativa e recomendacións relacionadas coa conservación do medio ambiente.<br>Normativa fiscal e laboral vixente.<br>Órdenes de subvencións da administración local, autonómica ou estatal.<br>Fichas técnicas de materiais.<br>Inventarios de materiais |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | elaboración e control de venta.<br>Postos en feiras<br>Exposicións<br>Plan de comercialización.<br>Folletos, catálogos<br>Inventarios de subministros | |

# Anexo II-B Serigrafía Artística - Referente Formativo

| Serigrafía Artística |
|---|
| Duración |
| **Duración total especialidade:**<br>Currículum normal: 700 horas + 60 complementarias = 760 horas<br>Currículum extendido (con nivel avanzado): 810 horas |
| Competencias |
| **Unidade de Competencia 1**: Crear imaxes propias ou por encargo para realizar estampacións con sistemas de impresión artísticos e artesanais analizando e interpretando criticamente as imaxes e as necesidades formuladas.<br>**Unidade de Competencia 2**: Realizar orixinais e fotólitos de forma tanto tradicional coma con novas tecnoloxías para realizar a imaxe serigráfica final.<br>**Unidade de Competencia 3**: Recoñecer, elixir e empregar axeitadamente os procesos, materiais e técnicas tanto serigráficas coma doutros sistemas de impresión artísticos en base ao que se pretenda transmitir coa obra gráfica .<br>**Unidade de Competencia 4**: Estampar serigrafías de forma tradicional e de forma automatizada.<br>**Unidade de Competencia 5** : Xestión e organización do traballo de obradoiro. |
| Obxectivo Xeral |
| Interpretar e crear imaxes serigráficas e con outros sistemas de impresión artísticos analizando e utilizando axeitadamente os procesos, materiais e técnicas tanto de forma tradicional como con novas tecnoloxías para elaborar imaxes propias ou por encargo realizando todo o proceso en condicións de seguridade laboral e de protección ambiental |
| Módulos Formativos |
| **Módulo 1:** Deseño e sistemas de representación<br>**Módulo 2:** Historia da serigrafía e dos sistemas de impresión<br>**Módulo 3:** Técnicas tradicionais e actuais para obtención de orixinais e fotólitos<br>**Módulo 4:** Procesos, materiais e técnicas serigráficas |

**Módulo 5:** Estampación serigráfica

**Módulo 6:** Procesos, materiais e técnicas doutros sistemas de impresión artísticos e artesanais

**Módulo 7:** Organizar a actividade profesional do obradoiro

# Módulo 1 Deseño e sistemas de representación

Asociado á Unidade de Competencia

**Unidade de Competencia 1**: Crear imaxes propias ou por encargo para realizar estampacións con sistemas de impresión artísticos e artesanais analizando e interpretando criticamente as imaxes e as necesidades formuladas.

**Unidade de Competencia 2**: Realizar orixinais e fotólitos de forma tanto tradicional coma con novas tecnoloxías para realizar a imaxe serigráfica final.

| OBXECTIVO XERAL |
|---|
| Crear e interpretar imaxes para a súa impresión artística e artesanal empregando o pensamento crítico |
| Duración: 230 horas |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO |

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Identificar, interpretar e analizar os elementos formais de expresión da imaxe e a súa sintaxe para saber expresarse no campo visual<br>Analizar e extraer conclusións da información obtida na busca de documentación sobre técnicas de expresión plástica e estampación para desenvolver a capacidade de análise crítica das imaxes<br>Comprender o desenvolvemento histórico relacionado coa estampación artística<br>Analizar a produción dos principais artistas relacionados coa impresión artística | Utilizar adecuadamente os materiais e técnicas de debuxo en función do que se pretenda transmitir coa imaxe<br>Representar as ideas de forma visual a través de bosquexos e apunte rápido<br>Consultar distintas fontes de información como punto de partida para a ideación da obra<br>Aplicar as técnicas de expresión gráfica máis adecuadas para elaborar imaxes propias expresándose creativamente e tendo en conta as peculiaridades tanto da serigrafía como doutros sistemas de impresión artísticos<br>Elaborar bocetos e apuntes para planificar as fases de realización do proceso de impresión artística<br>Planificar as fases de realización do proceso serigráfico e de impresión artesanal especificando as características da imaxe a estampar para decidir a súa viabilidade<br>Escoller, analizar e arquivar documentación e material gráfico de distintas fontes cunha actitude creativa e crítica para definir un deseño personalizado da impresión artística<br>Elaborar orzamentos do traballo de impresión artística para valoraras condicións e necesidades da súa execución<br>Documentar o deseño a través da memoria e presuposto para analizar e valorar a viabilidade da produción | Amosar unha actitude aberta e de respeto hacia as distintas opinión, expresións e concepcións estéticas.<br>Valorar a comunicación visual como medio para a creación de imaxes gráficas propias<br>Valorar a investigación como proceso para crear novas solución plásticas<br>Expresarse con actitude creativa, utilizando as técnicas plásticas máis adecuadas para ampliar as propias posibilidades comunicativas<br>Actitude creativa, aberta aos cambios e innovacións, na busca de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais<br>Ter unha actitude aberta a outras disciplinas como fontes de ideas e recursos para a composición de traballos de obra gráfica orixinais<br>Valorar o traballo colaborativo con persoas de diferentes especialidades para a creación de traballos que engadan valor á obra gráfica<br>Hábitos de documentación, indagación e busca de ideas aplicabeis no desenvolvemento da obra persoal.<br>Realizar o traballo en condicións óptimas de orde e limpeza<br>Valorar a tradición e a historia |

| | | |
|---|---|---|
| | | como fontes de inspiración a partir das que sustentar o proceso creativo<br>Interpretar e dar resposta ás necesidades plantexadas polo encargo dun traballo a realizar |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| Realizar unha carpeta-dossier onde se recollan os bosquexos e apuntes que represen as ideas de forma visual interpretando e dando resposta ás necesidades planteadas onde se analice e se empregue correctamente a sintaxe entre os elementos formais de expresión e as estratexias compositivas para seleccionar e empregar as técnicas de expresión gráficas máis axeitadas para cada sistema de impresión artística<br>Elaborar un pre-proxecto de planificación das fases de realización do proceso serigráfico e de impresión artesanal especificando as características da imaxe a estampar cunha secuenciación lóxica e ordenada das fases de elaboración e unha selección axeitada dos materiais e técnicas a empregar documentando o deseño a través dunha memoria onde se analice e valore a viabilidade da produción<br>Plasmar nos deseños elementos innovadores e a reinterpretación persoal de autores, tendencias, obra gráfica<br>Idear e deseñar o Produto Final Integrado |

| CONTIDOS |
|---|
| 1. Bosquexo<br>2. Proceso creativo<br>3. Materiais e técnicas de debuxo<br>4. Elementos formais de expresión : punto, liña , plano, textura, cor e luz<br>5. Sintaxe entre os elementos formais e estratexias compositivas<br>6. Gradacións tonais e tramas<br>7. Representar formas bidimensionais e tridimensionais<br>8. Encaixe e proporción<br>9. Cor e luz<br>10. Debuxo técnico . Sistemas de representación.<br>11. Características da comunicación visual<br>12. Percepción das imaxes<br>13. Lectura e análise de imaxe<br>14. Imaxe e expresión: manipulación de imaxes<br>15. Imaxe dixital : características e formatos<br>16. A planificación como ferramenta organizativa<br>17. Tipoloxías de fontes de información<br>18. Ferramentas dixitais para a busca, organización e xestión da información na rede:<br>• Marcadores de Favoritos<br>• Lectores de RSS<br>• Sistemas de curación de contidos<br>19. O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade |

# Módulo 2 Historia da serigrafía e dos sistemas de impresión

Asociado á **Unidade de Competencia 1**: Crear imaxes propias ou por encargo para realizar estampacións con sistemas de impresión artísticos e artesanais analizando e interpretando criticamente as imaxes e as necesidades formuladas.

OBXECTIVO XERAL

Analizar a historia dos medios de impresión co fin de desenvolver criterios persoais para a valoración das obras gráficas e para contribuír o desenvolvemento do estilo persoal

Extraer ideas de obras gráficas analizando as imaxes para elaborar deseños propios

Duración: 30 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar e extraer conclusións da información obtida na busca de documentación sobre historia da serigrafía e de las técnicas de impresión para desenvolver a capacidade de análise crítica das imaxes<br><br>Analizar criticamente as imaxes para desenvolver unha opinión persoal con criterio<br><br>Identificar, interpretar e analizar os sistemas de impresión para elaborar deseños propios expresándose creativamente<br><br>Seleccionar as técnicas de impresión máis axeitadas tomando como referencia a súa evolución histórica para lograr plasmar a imaxe gráfica desexada | Buscar, escoller, analizar e arquivar documentación e material de distintas fontes cunha actitude creativa e crítica para definir un deseño personalizado do proxecto gráfico a realizar | Interesarse pola historia como fonte de coñecemento para xenerar unha actitude crítica ante as imaxes de obra gráfica<br><br>Valorar a investigación como proceso para crear novas solución plásticas<br><br>Valorar os hábitos de documentación, indagación e busca de ideas aplicabeis no desenvolvemento da obra persoal para ampliar as posibilidades comunicativas |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Nomear os momentos clave do desenvolvemento histórico dos sistemas de impresión artesanais e industriais sinalando as súas características técnicas e estéticas principais.

Describir imaxes de obra gráfica: características de expresión plástica, autor, temporalización, materiais, ferramentas e técnicas aplicadas.

Realizar un traballo de investigación histórica das artes gráficas no que deben figurar a súa postura e valoración persoal

Documentar de xeito apropiado os deseños e obras que realiza, empregando a información seleccionada de forma persoal e respectando as fontes

**CONTIDOS**

**Antecedentes da Serigrafía. O estarcido**

- Evolución do estarcido.
- estarcido en oriente.
- estarcido en Europa e EEUU

**Os inicios da serigrafía**

- Nacemento
- A difusión da técnica

**Historia das técnicas de impresión de obra gráfica**

**A serigrafía como medio de expresión artística:**

- Artistas
- Análise de obra gráfica

**Sistemas de impresión artesanais e industriais**

**As patentes**

**Normativa de identificación dos diferentes tipos de impresión**

## Módulo 3 Técnicas tradicionais e actuais para obtención de orixinais e fotólitos

Asociado á **Unidade de Competencia 2**: Realizar orixinais e fotólitos de forma tanto tradicional coma con novas tecnoloxías para realizar a imaxe serigráfica final

OBXECTIVO XERAL

Aplicar as técnicas tradicionais e actuais de realización de orixinais e fotólitos a partir de bocetos previos para realizar a estampación da imaxe buscada

Duración:30 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar os elementos formais de expresión da imaxe e a súa correcta sintaxe para elaborar o orixinal e o fotólito tanto de forma manual como con novas tecnoloxías<br><br>Identificar os diferentes materiais utilizados nos procesos de elaboración de orixinais e fotólitos para a súa correcta aplicación segundo as necesidades da imaxe<br><br>Elixir axeitadamente as características do tramado segundo a lineatura de malla, a viscosidade da tinta e o soporte sobre o que se vai estampar<br><br>Avaliar a utilización de diferentes técnicas de realización de orixinais e fotólitos para aplicalas correctamente en base á imaxe final que se queira acadar | Utilizar adecuadamente os materiais e técnicas de creación de orixinais e fotólitos tanto tradicionais como con novas tecnoloxías en función do que se pretenda transmitir coa imaxe serigráfica final<br><br>Manipular manualmente o fotólito con elementos gráfico-plásticos investigando con novos materiais e experimentando coas posibilidades técnicas para acadar un resultado creativo e orixinal<br><br>Realizar orixinais e fotólitos de forma manual e automatizada partindo do bocexo previo capturando e dixitalizando o orixinal e axustando o seu tratamento segundo as necesidades da estampación final<br><br>Resolver problemas durante o | Expresarse creativamente, utilizando as técnicas e procesos de realización de orixinais e fotolitos máis axeitados para ampliar as propias posibilidades comunicativas<br><br>Valorar a investigación como proceso para crear novas solucíónss plásticas na realización de orixinais e fotolitos<br><br>Amosar unha actitude resolutiva ante os problemas que se presenten durante o desenvolvemento da realización de orixinais e fotolitos |

| | | |
|---|---|---|
| | proceso procurando distintas alternativas técnicas para a obtención de orixinais e fotólitos<br>Separar as cores tanto no fotólito manual como no automatizado mediante a colocación de marcas de rexistro e de corte segundo as necesidades da estampación<br>Modificar, no caso de que fora necesario , os orixinais e fotólitos obtidos para evitar as liñas brancas na estampación<br>Utilizar o proceso de realización de orixinais e fotólitos como medio de expresión propio para realizar imaxes creativas mediante diferentes técnicas tradicionais e con novas tecnoloxías | |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Realizar un mostrario onde se recolla a correcta aplicación das técnicas de realización de orixinais de forma manual realizando manipulacións cos elementos gráfico plásticos e fotólitos de forma automatizada mediante aplicacións informáticas específicas atendendo as necesidades da estampación final

Ter unha actitude resolutiva ante os problemas que se presenten durante o desenvolvemento da realización de orixinais e fotólitos

Aplicar os plans de seguridade e hixiene e a correspondente normativa vixente, utilizando correctamente medios e equipos de seguridade na realización fotólitos

Escoller a aplicación de técnicas de realización de fotólitos máis axeitada para o Produto Final Integrado

**CONTIDOS**

**Materiais para a creación de orixinais e fotólitos**

**Orixinais creados de forma manual:**

- De liña.
- De mancha.
- De ton continuo.
- De cor e matéricos.

**Tramas:** Tipos de tramas : de liña, de punto, de grao, estocástico.

**Angulación entre trama e malla:** O efecto moaré

**Selección de cor**

**Separación de cor**

**Variación tonal**

**Liñas de corte, cruces de rexistro e liñas de pregado**

**Retoques**

**Fotólitos creados con novas tecnoloxías**

- Periféricos de entrada e de saída
- Aplicacións informáticas para a dixitalización e tratamento de imaxes
- Sistemas dixitais de impresión de fotólitos

**Parámetros de calidade e medidas correctoras**

- Opacidade
- Rexistro
- Orde de tiraxe

## Módulo 4

### Procesos, materiais e técnicas serigráficas

Asociado á **Unidade de Competencia 3**: Recoñecer, elixir e empregar axeitadamente os procesos, materiais e técnicas serigráficas en base ao que se pretenda transmitir coa obra gráfica .

**OBXECTIVO XERAL**

Preparar pantallas atendendo aos parámetros de optimización que se buscan para obter na pantalla a imaxe previamente establecida no orixinal e no fotólito

Realizar pantallas serigráficas mediante sistemas directos e indirectos para a obtención da imaxe

Duración: 200 horas

**OBXECTIVOS DE MÓDULO**

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Distinguir as características da pantalla segundo o tipo de marco, angulación de trama e fiatura de maia para saber elixir a máis adecuada segundo as necesidades da imaxe<br><br>Identificar as diferentes técnicas de preparación de pantallas mediante métodos directos e indirectos para trasladar a imaxe á pantalla seleccionando a técnica máis adecuada | Preparación de pantallas : elección e montaxe, limpeza, recuperación, eliminación de imaxes fantasma e desengraxado para a súa óptima utilización<br><br>Aplicar a técnica directa ou indirecta de obtención de imaxe máis adecuada valorando os aspectos formais e expresivos da imaxe e o rexistro<br><br>Comprobar a imaxe da pantalla contrastándoa co orixinal para facer, se fose necesario, retoques<br><br>Resolver problemas durante todo o proceso procurando alternativas técnicas para a obtención da imaxe na pantalla<br><br>Aplicar a normativa de seguridade , saúde e protección ambiental na obtención de pantallas serigráficas | Realizar o traballo en condicións óptimas de orde e limpeza<br><br>Valorar a investigación como proceso para crear novas solucións plásticas<br><br>Amosar unha actitude resolutiva ante os problemas que se presenten durante o proceso de obtención de pantallas |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Construír artesanalmente unha pantalla elixindo as características máis axeitadas segundo as necesidades da imaxe: formato, tipo de marco, angulación de trama e fiatura de maia

Preparar pantallas mediante métodos directos e indirectos valorando os aspectos formais e expresivos da imaxe e o rexistro seleccionando a técnica máis axeitada : elección e montaxe, limpeza, recuperación, eliminación de imaxes fantasma e desengraxado para a súa óptima utilización

Emulsionar e insolar as pantallas correctamente

Aplicar os plans de seguridade e hixiene e a correspondente normativa vixente, utilizando correctamente os medios e equipos de seguridade na obtención de pantallas

Preparación de pantalla e obtención de imaxe na pantalla elixindo a técnica máis axeitada para a realización do Produto Final Integrado

**CONTIDOS**

**1. Materiais para a creación da pantalla serigráfica:**

- Marcos
- Mallas

**2. Tipos de pantalla:**

- Segundo o material do marco: madeira, aluminio, ferro, autotensable…
- Segundo a composición de maia : seda, nailon, poliéster…
- Dependendo da fiatura de malla.

**3. Materiais e ferramentas para a preparación da pantalla serigráfica:**

- Cepillos, líquidos recuperadores e de limpeza, máquina limpadora de alta presión

**4. Fases de preparación de la pantalla serigráfica :**

- Limpeza
- Recuperación
- Eliminación de imaxe fantasma
- Desengraxado

**5. Técnicas directas de creación de imaxe na pantalla**

- Materiais e ferramentas
- Técnicas : raspado. Creación de imaxe con lapis ou tinta litográfica e mediante bloqueadores.
- Obturación de zona de brancos con pincel e raedera.

**6. Técnicas indirectas para a obtención da imaxe serigráfica**

- Correcta selección da pantalla

**7. Desengraxado**

**8. Secado**

**9. Emulsionado**

- Tipos de emulsións , propiedades e técnicas de aplicación
- Selección da raedera e tipo de emulsión axeitada
- Aplicación da emulsión
- Secado de emulsión

**10. Insolado**

- Características e manexo de insoladoras : de presión e de baleiro
- Fontes de luz
- Tempos de exposición. Test de insolado
- Técnicas indirectas
- Correcto posicionamento do rexistro sobre a pantalla
- Colocación da pantalla sobre o foco de luz da insoladora

- Intensidade de luz e tempo de exposición para un resultado óptimo en función das características da imaxe. Subexposición e sobreexposición.
- Exposición da pantalla á luz

**11. Revelado de pantallas**

- Presión e temperatura de auga óptima para un correcto revelado
- Correcta utilización da máquina de limpeza de alta presión

**12. Secado de pantallas**

**13. Retocado de imaxe revelada sobre pantalla**

- Revisión e comparación de imaxe revelada e fotólito
- Obturación con pinceis e bloqueadores
- Protección de bordes de pantalla para proceder á estampación

**14. Normativa de seguridade , saúde e protección ambiental :**

- Condicións correctas de iluminación e ventilación no cuarto escuro
- Utilizar os materiais, ferramentas e maquinaria de emulsionado e insolado
- aplicando a normativa de protección e condicións de seguridade
- Manipulación e almacenamento de produtos químicos segundo a normativa vixente
- Xestión de residuos

## Módulo 5 Estampación serigráfica

Asociado á **Unidade de Competencia 4**: Estampar serigrafías de forma tradicional e de forma automatizada.

**OBXECTIVO XERAL**

Estampar serigrafías de forma manual e automatizada empregando axeitadamente materiais, ferramentas, máquinas e técnicas para a obtención de estampacións serigráficas

Duración: 150 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| | Elixir os materiais e técnicas máis idóneos de estampación manual e automatizada para empregalos axeitadamente en función das necesidades da imaxe<br><br>Preparar os materiais, ferramentas e soportes ordenadamente segundo a súa manipulación e orde de estampación para a correcta execución da tirada<br><br>Preparar as máquinas tanto manuais como automáticas realizando os axustes oportunos para acadar as características da imaxe desexada na estampación<br><br>Axustar o entintado segundo os valores cromáticos, de ancoraxe , | Valorar a investigación como proceso para crear novas solucións plásticas na realización de estampas serigráficas<br><br>Valorar o traballo colaborativo con persoas de diferentes especialidades para a creación de traballos que engaden valor á obra gráfica<br><br>Amosar unha actitude resolutiva ante os problemas que se presenten durante o proceso de estampación<br><br>Expresarse creativamente, utilizando as técnicas e procesos de estampación máis adecuados para ampliar as propias posibilidades comunicativas |

| | | |
|---|---|---|
| | de viscosidade ,de rexistro e de presión para obter os resultados previstos nos bocetos previos á estampación<br><br>Realizar o rexistro segundo as necesidades e características da imaxe final buscada para realizar unha óptima tirada homoxénea da estampación<br><br>Efectuar a tirada definindo e aplicando axeitadamente as características técnicas para acadar a homoxeneidade buscada nas estampacións<br><br>Supervisar o correcto secado da tinta para garantir a conservación das estampas<br><br>Realizar mantemento e limpeza de máquinas materiais e ferramentas seguindo normativas e instrucións técnicas para ter o obradoiro en condiciones óptimas de utilización | Ter unha actitude aberta a outras disciplinas como fontes de ideas e recursos para a creación de estampas<br><br>Realizar o traballo en condicións óptimas de orde e limpeza |

**CRITERIOS AVALIACIÓN**

Estampar tanto de forma manual como automatizada empregando os materiais e técnicas máis idóneos en función das necesidades da imaxe e atendendo ao correcto rexistro

Realizar operacións de mantemento e posta a punto de ferramentas e maquinaria

Manipular e acondicionar correctamente os diferentes tipos soportes sobre os que se vai estampar

Ter unha actitude resolutiva ante os problemas que se presenten durante o desenvolvemento da estampación buscando solucións orixinais e creativas

Aplicar os plans de seguridade e hixiene e a correspondente normativa vixente, utilizando correctamente os medios e equipos de seguridade no proceso de estampación

Estampar elixindo axeitadamente materiais, ferramentas e técnicas para o Proxecto Final Integrado

**CONTIDOS**

1. **Estampación serigráfica manual**
2. **Materiais e ferramentas** :
   - Racla
   - Contraracla
   - Tintas
   - Mesas de estampación, equipos de suxeición de pantalla
3. **O rexistro**
4. **Axustes de entintado**
   - Viscosidade
   - Conservación
   - Aditivos
   - Mestura
   - Secado

**5. Soportes para estampación**

- Papel
- Téxtil
- Madeira

**6. Comprobación e avaliación do resultado obtido na estampación**

- Axustes de rexistro , depósito de tinta, presión e ángulo de rasqueta, altura e fora de contacto, control de cor.

**7. Estampación serigráfica automatizada**

- Manexo e características técnicas da máquina serigráfica automática
- Proceso de estampación serigráfica automatizada :
- Rexistro
- Subxección racla e contraracla
- Entintado
- Secado

**8. Limpeza e mantemento das máquinas**

**9. Normativas de seguridade, saúde e protección ambiental**

## Módulo 6 Procesos, materiais e técnicas doutros sistemas de impresión artísticos e artesanais

Asociado á **Unidade de Competencia 3**: Recoñecer, elixir e empregar axeitadamente os procesos, materiais e técnicas tanto serigráficas coma doutros sistemas de impresión artísticos en base ao que se pretenda transmitir coa obra gráfica

**OBXECTIVO XERAL**

Realizar estampacións mediante sistemas de impresión artísticos e artesanais dominando as técnicas para crear obra gráfica persoal ou por encargo

Duración: 150 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Planificar as fases de realización do proceso de impresión especificando as características da imaxe a estampar e as súas necesidades para decidir a súa viabilidade<br><br>Expresarse creativamente, utilizando as técnicas e procesos de estampación máis adecuados para ampliar as propias posibilidades comunicativas | Realizar obra gráfica expresándose creativamente a través de materiais, procedementos e técnicas de sistemas de impresión artísticos e artesanais para obter estampacións con imaxes propias<br><br>Elixir e aplicar as técnicas de sistemas de impresión artísticos e artesanais máis axeitadas valorando os aspectos formais e expresivos segundo a imaxe buscada e o soporte sobre o que se vai a estampar<br><br>Utilizar adecuadamente os | Colaborar en edicións de obra gráfica con outros artistas<br><br>Valorar a investigación como proceso para crear novas solucións plásticas na realización de estampas<br><br>Ter unha actitude aberta a outras disciplinas como fontes de ideas e recursos para a creación de estampas<br><br>Amosar unha actitude resolutiva ante os problemas que se presenten durante o proceso de estampación<br><br>Realizar o traballo en condicións óptimas de orde e limpeza |

| | | |
|---|---|---|
| | materiais, ferramentas e maquinaria segundo as especificacións técnicas e as condicións de seguridade ,saúde e protección ambiental<br>Estampar e crear matrices da obra doutros artistas elixindo os materiais e técnicas máis axeitadas para atender ás necesidades da imaxe<br>Resolver problemas durante o proceso de impresión procurando distintas alternativas técnicas para a obtención de estampas. | |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Transferir axeitadamente diferentes tipos de imaxes sobre matrices

Realizar matrices elixindo e aplicando materiais e técnicas de sistemas de impresión artísticos e artesanais máis axeitadas valorando os aspectos formais e expresivos segundo a imaxe buscada e o soporte sobre o que se vai a estampar para obter estampacións de obra gráfica con imaxes propias

Ter unha actitude resolutiva ante os problemas que se presenten durante o desenvolvemento da estampación buscando solucións orixinais e creativas

Aplicar os plans de seguridade e hixiene e a correspondente normativa vixente, utilizando correctamente os medios e equipos de seguridade en todo o proceso de utilización de sistemas de impresión artísticos e artesanais

Elixir e aplicar as técnicas de sistemas de impresión artísticos e artesanais máis axeitados para o Produto Final Integrado

**CONTIDOS**

Materiais, técnicas e procedementos de:

- Offset
- Monotipia
- Xilografía
- Linóleo
- Puntaseca
- Augaforte
- Verniz brando
- Collagraph
- Gofrado

## Módulo 7 Organizar a actividade profesional do obradoiro

Asociado á **Unidade de Competencia 5 :** Xestión e organización do traballo do obradoiro.

**OBXECTIVO XERAL**

Definir, organizar e estruturar a actividade dun obradoiro de Serigrafía artística, garantindo os procesos creativos e o mellor rendemento en condicións de seguridade e hixiene

Duración: 20 horas

| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
|---|---|---|
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Analizar e extraer conclusións da planificación das fases de realización do proceso de impresión para aplicar un óptimo aproveitamento do tempo na xestión do traballo<br><br>Avaliar a planificación das fases de realización do proceso de impresión onde se especifiquen as características económicas e de viabilidade para realizar un presuposto do traballo a desenvolver | Realizar o mantemento de materiais, ferramentas e maquinaria seguindo instrucións técnicas e<br><br>protocolos de traballo establecidos para manter a maquinaria e os equipos de serigrafía en condicións óptimas de funcionamento e seguridade.<br><br>Aplicar as medidas necesarias de prevención de riscos respectando as normativas vixentes para garantir a seguridade, saúde e protección ambiental<br><br>Manipular correctamente os produtos químicos e a xestión de residuos para garantir a seguridade no obradoiro e non incidir negativamente no medio ambiente<br><br>Planificar as fases de realización do traballo de impresión artística previamente antes do seu desenvolvemento para avaliar a súa viabilidade en condicións de eficacia<br><br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais ou presenciais (feiras, exposicións…) | Actitude positiva, aberta ao disfrute persoal a través da execución do traballo como estratexia facilitadora da creatividade e o bo facer<br><br>Colaborar e relacionarse con afabilidade con compañeiros e clientes para facilitar o traballo e acadar mellores resultados<br><br>Acostumarse a realizar o proceso do traballo serigráfico cos equipos de protección axeitados para garantir a seguridade no obradoiro |

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Cumprir con regularidade as normas de seguridade e hixiene no seu traballo diario no obradoiro.

Elaborar un proxecto de participación nunha exposición, que recolla as necesidades expositivas, informativas e divulgativas para dar a coñecer o seu traballo

Manter o espazo de traballo limpo e ordenado así como realizar o mantemento de materiais, ferramentas e maquinaria seguindo instrucións técnicas e protocolos de traballo establecidos segundo as normativas vixentes para garantir a seguridade, saúde e protección ambiental

Elaborar un dossier no que se recollan as fases de planificación,realización e difusión do traballo de impresión artística previamente antes do seu desenvolvemento para avaliar a súa viabilidade e orzamento en condicións de eficacia

Realizar un dossier sobre o Produto Final Integrado, no que se recolla o paso a paso, custo estimado e real, materiais a empregar e empregados, difusión do traballo realizado…

Traballar con autonomía e tomar decisións con criterios técnicos e estéticos fundamentados nos coñecementos adquiridos na especialidade para a realización do Produto Final Integrado

## CONTIDOS

**Normativa de prevención de riscos e protección ambiental no obradoiro**

- Condicións de iluminación e ventilación
- Manipulación de elementos químicos
- Xestión de residuos
- Realización de todo el proceso de impresión artística segundo a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental
- Mantemento de material, ferramentas e maquinaria

**Como montar un obradoiro serigráfico**

- Requisitos para espazos e instalación
- Como crear insoladora e mesa de estampación caseira

**Planificación e difusión das fases de realización do traballo**

**Ferramentas dixitais para a percura, organización e xestión da información na rede:**

- Marcadores de Favoritos
- Lectores de RSS
- Sistemas de curación de contidos

**O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade**

Os dereitos de autor, Licencias Creative Commons

Calendario de feiras e eventos relevantes relacionados con Serigrafía artística

Redes sociais e comunidades virtuais relacionadas con Serigrafía Artística

Identidade dixital eNetiqueta

## Produto Final Integrado P.F.I

### Obxectivos

Integrar os coñecementos adquiridos ao longo da especialidade, tomando decisión sobre a traxectoria estética e técnica

Preparar as bases que sustenten o Proxecto

Adquirir autonomía na execución do traballo

### Criterios de avaliación

Idear e deseñar o Produto Final Integrado

Escoller a aplicación de técnicas de realización de fotólitos máis axeitada para o Produto Final Integrado

Preparación de pantalla e obtención de imaxe na pantalla elixindo a técnica máis axeitada para a realización do Produto Final Integrado

Estampar elixindo axeitadamente materiais, ferramentas e técnicas para o Proxecto Final Integrado

Elixir e aplicar as técnicas de sistemas de impresión artísticos e artesanais máis axeitados para o Produto Final Integrado

Realizar un dossier sobre o Produto Final Integrado, no que se recolla o paso a paso, custo estimado e real, materiais a empregar e empregados, difusión do traballo realizado…

Traballar con autonomía e tomar decisións con criterios técnicos e estéticos fundamentados nos coñecementos adquiridos na especialidade

# Anexo II-C Serigrafía Artística. Temporalización e Secuenciación

| Currículum normal: 700 horas + 90 complementarias = 790 horas. Currículum extendido (con nivel avanzado): 860 horas | | | |
|---|---|---|---|
| | Duración total | Criterios de selección de contidos | |
| | | Primeiro | Segundo |
| **Módulo 1:** Deseño e sistemas de representación | 230 | Proceso creativo. O bosquexo.<br>Materiais e técnicas de debuxo<br>Sintaxe entre os elementos formais e estratexias compositivas<br>Debuxo técnico . Sistemas de representación<br>Características da comunicación visual .<br>Percepción . Lectura e análise de imaxe<br>Imaxe dixital I<br>A planificación como ferramenta organizativa | Imaxe e expresión: manipulación de imaxes<br>Imaxe dixital II |
| **Módulo 2:** Historia da serigrafía e dos sistemas de impresión | 30 | Antecedentes, Inicio e desenvolvemento da Serigrafía<br>Historia das técnicas de impresión de obra gráfica<br>Serigrafía como medio de expresión artística | Buscar, escoller, analizar e arquivar documentación e material de distintas fontes cunha actitude creativa e crítica para definir un deseño personaliado do proxecto gráfico a realizar |
| **Módulo 3:** Técnicas tradicionais e actuais para obtención de orixinais e fotólitos | 30 | Materiais para creación de orixinais e fotólitos<br>Técnicas para creación de orixinais e fotólitos tanto manuais coma con novas tecnoloxías<br>Parámetros de calidade e medidas correctoras | Expresión e creatividade mediante a utilización de técnicas e procesos de realización de orixinais e fotolitos máis axeitados para ampliar as propias posibilidades comunicativas |
| **Módulo 4:** Procesos, materiais e técnicas serigráficas | 200 | Materiais para a creación da pantalla serigráfica<br>Tipos de pantalla<br>Materiais, ferramentas, e proceso de preparación de | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | pantalla<br>Técnicas directas e indirectas de obtención de imaxe na pantalla<br>Desengraxado<br>Secado<br>Emulsionado Insolado<br>Revelado<br>Retoque<br>Normativa de seguridade, saúde e protección ambiental | |
| **Módulo 5:** Estampación serigráfica | 150 | Materiais e ferramentas<br>O rexistro<br>Axustes de entintado<br>Soportes para estampación<br>Comprobación e avaliación do resultado obtido na estampación<br>Normativa de seguridade saúde e protección ambiental | Estampación serigráfica automatizada<br>Limpeza e mantemento das máquinas |
| **Módulo 6:** Procesos, materiais e técnicas doutros sistemas de impresión artísticos e artesanais | 150 | Monotipia<br>Xilografía<br>Linóleo<br>Gofrado | Offset<br>Puntaseca<br>Augaforte<br>Barniz brando<br>Collagraph |
| **Módulo 7:** Organizar a actividade profesional do obradoiro | 20 | Normativa de prevención de riscos e protección ambiental no obradoiro | Cómo montar un obradoiro serigráfico<br>Planificación e difusión das fases de realización do traballo |

# Anexo III Construción Artesanal de Instrumentos. Zanfona

## Anexo III-A Zanfona – Perfil Profesional

| UNIDADES DE COMPETENCIA |
|---|
| **Unidade de competencia 1:** Desenvolver un proxecto propio para a elaboración da zanfona tradicional. Interpretar e elaborar planos. |
| **Unidade de competencia 2:** Preparar e regular máquinas e equipos de taller |
| **Unidade de competencia 3:** Mecanizar madeira e derivados. |
| **Unidade de competencia 4:** Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais. |
| **Unidade de competencia 5:** Elaborar e ensamblar as pezas que compoñen o instrumento. |
| **Unidade de competencia 6:** Aplicar vernices e tintes para instrumentos musicais. |
| **Unidade de competencia 7:** Encordar, axustar e afinar o instrumento. |
| **Unidade de competencia 8:** Aplicar técnicas básicas de interpretación. |
| **Unidade de competencia 9:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal. |

| Unidade de Competencia 1: Desenvolver un proxecto propio para a elaboración da zanfona tradicional. Interpretar e elaborar planos | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Obter, analizar e organizar información a través de recursos, dixitais ou non, sobre técnicas, materiais e procesos referida a os antecedentes históricos, para o seu emprego na definición do proxecto de deseño e para xerar criterios configuradores da obra con estilo persoal.<br>Definir as especificacións formais, estéticas, técnicas, mecánico-acústicas e materiais de instrumentos musicais de corda frotada avaliando a información recompilada, para determinar o seu deseño.<br>Determinar a forma i estrutura do instrumento musical de corda frotada realizando debuxos, planos e plantillas a partir das especificacións formais simbólico-estéticas definidas, empregando técnicas gráficas e sistemas de representación manuais e informáticos para ser empregados como elemento de presentación e valoración na toma de decisións, así como servir de guía no proceso de elaboración.<br>Definir o plan de elaboración do instrumento musical de corda frotada a partir das especificacións, determinando as fases, os tempos e procedementos de control de calidade e seguridade para garantir a execución nas condicións previstas.<br>Documentar o proxecto de deseño e construción artesanal do instrumento musical de corda frotada, incorporando as decisións sobre as súas características, materiais, técnicas, condicións económicas e plan de elaboración para garantir a súa execución. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Información especializada e profesional relacionada coas pezas.<br>Técnicas gráficas. | Materiais e útiles para a representación gráfica.<br>Útiles de debuxo e medida (pe de rei, regras, escuadras, cartabóns, compás, | Definición gráfica do proceso global de elaboración dos elementos e pezas.<br>Elaboración de ficha técnica. | Proxecto de deseño e construcción das pezas.<br>Plan de elaboración. Modelos. Plantillas<br>Normativa sobre riscos laborais e ambientais. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Sistemas de representación. | entre outros). Hardware e software. | Definición dos acabados das pezas a partir do deseño. Bosquexos das pezas a fabricar. Plan de elaboración. | |

| Unidade de Competencia 2<br>Preparar máquinas e equipos de taller | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS<br>Preparar e regular máquinas de arranque de viruta.<br>Preparar e regular máquinas de corte para madeira.<br>Preparar e regular máquinas de preparación de superficies.<br>Preparar ferramenta de emprego manual. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Aceites lubricantes. Graxa consistente | Cepilladora regrosadora. Tupí. Serra circular. Combinada. Taladro. Torno. Fresadora vertical. Lixadoras. Máquina de aspiración de po e viruta. Esmeril. Pedra de asentar. Formóns. Gubias. Escofinas. Limas. Serróns. Cepillo manual. Raspillas. | Máquinas e equipos preparados para o mecanizado. | Manuais de instruccións da maquinaria e ferramenta |

| Unidade de Competencia 3<br>Mecanizar madeira e derivados | | | |
|---|---|---|---|
| **REALIZACIÓNS**<br>Realizar o mecanizado das pezas nas máquinas, alimentándoas de forma progresiva e alineadas para evitar retrocesos, marcas , repelos, queimaduras ou outros defectos.<br>Realizar o mecanizado das pezas nas máquinas, alimentándoas de forma progresiva e alineadas para evitar retrocesos, marcas , repelos, queimaduras ou outros defectos. Elaborar o mecanizado das pezas de madeira e derivados cá fresadora tupí, empregando plantillas ou ó ar cos medios de protección axeitados, para obter pezas mecanizadas co perfil establecido.<br>Seleccionar, apilar o produto elaborado e transportalo ó proceso seguinte, empregando os medios axeitados a cada caso, para seguir co proceso de fabricación posterior. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Madeira e derivados | Cepilladora. Regrosadora. Serra circular de mesa. Serra circular múltiple. Tupí. Serra de cinta . Taladro. Torno. Calibradora. Lixadora Útiles de medida e comprobación (cinta | Pezas mecanizadas para o proceso de elaboración. | Manuais de instruccións da maquinaria e ferramenta |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | métrica, pe de rei, galgas, plantillas entre outros). Sistema de aspiración de po e viruta. | | |

## Unidade de Competencia 4

## Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais.

**REALIZACIÓNS**

Adquirir as madeiras para instrumentos musicais seleccionándoas segundo a función, dimensións e características mecánicas das pezas nas que van ser transformadas, para proceder ó seu acondicionamento e almacenaxe.

Clasificar a madeira para instrumentos musicais en base a súa denominación comercial, finalidade, calidades físicas e estéticas para manter actualizado o inventario.

Almacenar e inventariar as pezas de madeira para instrumentos musicais, aplicando os procedementos establecidos, para garantir a súa calidade, dispoñibilidade, condicións de uso e seguridade laboral e ambiental.

Medios de Produción

| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
|---|---|---|---|
| Madeiras adquiridas, seleccionadas, clasificadas e preparadas para o seu secado, almacenadas e inventariadas. Pinturas, colas, parafina, entre outras, para o selado das testas das madeiras. | Sistemas de base de datos manuais e dixitais. Ferramentas de medida plantillas. Cepillo e rasqueta para valorar a tonalidade das madeiras e posibles defectos. | Madeira en estado óptimo para a construción do instrumento. | Normativa CITES (Convention International Trade in Endangered Species). Catálogos comerciais de madeiras para istrumentos musicais. Previsions de producción de instrumentos musicales.<br>Manuais sobre madeiras. Normativa sobre prevención de riscos laborais e ambientais relacionada co almacenamiento de madeiras. |

## Unidade de Competencia 5

## Elaborar e ensamblar as pezas que compoñen o instrumento

REALIZACIÓNS

Construír os aros, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, axustándoos as curvaturas dos moldes en condicións de seguridade laboral e protección ambiental.

Construír os tacos, segundo as técnicas e prodecementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, axuntándoos as curvaturas dos aros i encolándoos en condicións de seguridade laboral e protección ambiental.

Construír as contrafaixas, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento

| |
|---|
| musical de corda frotada, axustándoos as curvaturas dos aros i encolándoos, en condicións de seguridade laboral protección ambiental para aumentar a superficie de encolado de tapa e fondo.<br>Construír as travesas segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, axustándoos as anchuras da caixa harmónica i encolándoos en condicións de seguridade laboral protección ambiental para aumentar a superficie de encolado de tapa e fondo.<br>Construír o cravixeiro segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, axustándoo no seu correcto emprazamento en condicións de seguridade laboral protección ambiental.<br>Construír a roda segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, axustándoa no seu correcto emprazamento en condicións de seguridade laboral protección ambiental.<br>Preparar a tapa harmónica segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, axustándoa no seu correcto emprazamento en condicións de seguridade laboral protección ambiental.<br>Preparar o fondo segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, axustándoa no seu correcto emprazamento en condicións de seguridade laboral protección ambiental.<br>Realizar o peche da caixa harmónica, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental para garantir unha unión de calidade e proceder o remate da caixa harmónica<br>Construír a caixa do teclado, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental.<br>Construír as teclas, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental.<br>Construír as espadelas, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental.<br>Construír as cravixas e axustar a súa conicidade no clavixeiro conforme as medidas e mediante as técnicas e procedementos definidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada para garantir un acople homoxéneo e suave ó xiro.<br>Construír o cordoeiro co soporte metálico, axustando na súa correcta ubicación conforme as medidas e mediante as técnicas e procedementos definidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada<br>Construír os cabaletes axustando as súas patas na súa correcta ubicación conforme as medidas e mediante as técnicas e procedementos definidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada.<br>Construír o manubrio conforme as medidas e mediante as técnicas e procedementos definidos no proxecto do instrumento musical de corda frotada. |

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Madeiras (ébano, buxo, abeto, entre outras).Derivados da madeira. Colas. | Banco de traballo. Escariador. Formóns. Gubias. Limas. Escofinas. Regras Calibres. Lixas. Serróns . Domador. Serra de cinta. Tronzadora ingletadora. Cepilladora. Calibradora. Torno. Lixadora de banda. Torniquetas. | Aros. Interiores. Fodo. Tapa harmónica. Clavixeiro.Clavixa. Roda. Caixa do teclado. Teclas. Espadelas Cabaletes Cordoeiro. Gardapós. Manubrio | Planos.<br>Proxecto de de construcción |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Moldes. | | |

## Unidade de Competencia 6
## Aplicar vernices e tintes para instrumentos musicais.

**REALIZACIÓNS**

Selar os poros da madeira do instrumento musical de corda frotada segundo procedemento establecido no proxecto, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental, para acadar unha imprimación homoxénea de calidade.
Vernizar e pulimentar o instrumento musical de corda frotada mediante técnicas e procedementos artesanais,en condicións de seguridade laboral e protección ambiental, para protexer i embelecer a superficie con garantía de calidade.

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Resinas. Gomas. Colorantes naturais. Colorantes sintéticos. Alcohol. Aceites. Esencias. Tripoli. Pedra pómez Pigmentos. Lacas tapaporos. Mascarillas. Luvas. Sistemas de filtrado do ar. Pinceis Brochas. Lixas. La de aceiro. | Quecedores. Morteiros Molinillos. Matraces. Tubos de ensaio. Destiladores. Filtros. Termómetros. Útiles de medición. Algodón. Teas. | Verniz de base. Tapaporos. Vernices tinxidos. Vernices artesanais. Pezas tinxidas. Instrumentos musicais selados. Instrumentos musicais vernizados e pulidos. | Normativa de riscos laborais, suade e hixiene no traballo. Instruccíones de uso dos fabricantes. |

## Unidade de Competencia 7
## Encordar, axustar e afinar o instrumento

**REALIZACIÓNS**

Ranurar os cabaletes segundo distancia de separación das cordas, axustándose o proxecto de deseño e construción
Encordar as cantantes e rectificar o plano da roda cás técnicas especificas do proceso de construción, en condicións de seguridade laboral e protección medioambiental.
Asentar as cordas na superficie da roda e realizar proba acústica e de afinación.
Encordar bordón e bordoncillo

Resinar e algodonar

Realizar axustes das espadelas cás técnicas especificas do proceso de construción, en condicións de seguridade laboral e protección medioambiental.

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Cordas de tripa. Corda de tripa entorchada. Corda metálica. Resina. Algodón natural. | Limas, agulla. Tronzadora Ingletadora. Lixadora de banda. Lixas. | Funcionamento do instrumento musical de corda frotada en condicións óptimas de acústica e afinación. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Feltro autoadhesivo. | | | |

| Unidade de Competencia 8<br>Aplicar técnicas básicas de interpretación | | | |
|---|---|---|---|
| **REALIZACIÓNS**<br>Realizar técnicas básicas de interpretación.<br>Executar melodías básicas mediante un procedemento memorístico<br>Realizar os axustes necesarios derivados do emprego e dos cambios climáticos. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Algodón.<br>Resina.<br>Papel. | Zanfona<br>Lixa<br>Tesoira | Interpretación de pezas musicais básica.<br>Manter o instrumento en perfecto estado de funcionamento.<br>Adquirir seguridade científica fronte os imprevistos que podan xurdir.<br>Disfrute persoal. | |

| Unidade de Competencia 9<br>Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal. |
|---|
| **REALIZACIÓNS**<br>Distribuír as áreas imprescindibles dun obradoiro de Construcicón artesanal de instrumentos musicais respectando a lexislación de seguridade específicas para cada tipo de proceso e garantindo eficacia e eficiencia dos procesos<br>Realizar o mantemento da ferramenta e maquinaria específica do obradoiro<br>Establecer as condicións que garantan a seguridade das operacións de elaboración do produto artesanal e a prevención dos posibles riscos derivados da súa actividade profesional.<br>Respectar as normas de seguridade e hixiene, interpretando correctamente as fichas técnicas e de seguridade de tódalas materias primas existentes no obradoiro<br>Empregar o Equipo de Protección individual de forma correcta para realizar con seguridade as actividades do obradoiro<br>Coñecer as necesidades do mercado, para poder promocionar o seu traballo<br>Participar en feiras e exposicións, co fin de divulgar e compartir o traballo.<br>Realizar a instalación dunha exposición con criterios artísticos<br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais o presenciais. |

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| | Teléfono<br>Ordenador<br>Internet | Plan de viabilidade.<br>Solicitude de subvencións. Orzamentos laborais.<br>Plan fiscal.<br>Pagos de obrigacións tributarias.<br>Propostas de plan de presentación de produtos.<br>Sistema de elaboración e control de venta.<br>Plan de comercialización. Orzamentos de produtos de artesanía.<br>Inventarios de subministros. Necesidades de aprovisionamento de subministros.<br>Pedidos de subministros | Normativa e recomendacións sobre seguridade, hixiene e protección individual.<br>Normativa e recomendacións relacionadas coa conservación do medio ambiente.<br>Normativa fiscal e laboral vixente.<br>Órdenes de subvencións da administración local, autonómica ou estatal.<br>Fichas técnicas de materiais.<br>Inventarios de materiais. |

# Anexo III-B Zanfona – Referente Formativo

| Construción artesanal de zanfona tradicional |
|---|
| **Duración 730** |
| **Competencias Formativas** |
| **Unidade de competencia 1:** Desenvolver un proxecto propio para a elaboración da zanfona tradicional. Interpretar e elaborar planos.<br>**Unidade de competencia 2:** Preparar e regular máquinas e equipos de taller<br>**Unidade de competencia 3:** Mecanizar madeira e derivados.<br>**Unidade de competencia 4:** Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais.<br>**Unidade de competencia 5:** Elaborar e ensamblar as pezas que compoñen o instrumento.<br>**Unidade de competencia 6:** Aplicar vernices e tintes para instrumentos musicais.<br>**Unidade de competencia 7:** Encordar, axustar e afinar o instrumento.<br>**Unidade de competencia 8:** Aplicar técnicas básicas de interpretación.<br>**Unidade de competencia 9:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal. |
| **Obxectivo xeral** |
| Deseñar e construír a zanfona tradicional de xeito artesanal con garantía de calidade estética e acústica para cubrir as necesidades de mercado e conservación do patrimonio. |
| **Módulos Formativos** |
| **Módulo 1:** Desenrolo do proxecto de deseño e construción do instrumento musical de corda frotada<br>**Módulo 2:** Historia da música galega.<br>**Módulo 3:** Madeiras para a construción artesanal de instrumentos musicais de corda frotada.<br>**Módulo 4:** Elaboración artesanal e montaxe de pezas e elementos do instrumento musical de corda frotada.<br>**Módulo 5:** Vernizado e pulimentado de instrumentos musicais.<br>**Módulo 6:** A Montaxe da zanfona tradicional<br>**Módulo 7:** Interpretación melódica básica.<br>**Módulo 8**: O Regulamento e a preparación de maquinaria e equipos de taller<br>**Módulo 9:** A organización dun obradoiro artesanal de elaboración de zanfonas. |

# Módulo 1

## Desenrolo do proxecto de deseño e construción do instrumento musical de corda frotada.

Asociado á **Unidade de Competencia** 1: Desenvolver un proxecto propio para a elaboración da zanfona tradicional.

### OBXECTIVO XERAL

Deseñar e proxectar a construción do instrumento musical de corda frotada, tendo como referente os antecedentes históricos .

**Duración: 60 horas**

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Comprender o desenvolvemento histórico relacionado coa construción artesanal de zanfonas.<br>Analizar a produción dos principais artistas/artesanos relacionados coa construción artesanal de instrumentos de corda frotada.<br>Analizar e comparar información acerca de instrumentos musicais de corda frotada referida ós antecedentes históricos, materiais, técnicas e procesos de construción<br>Coñecer os sistemas de representación gráfica mais axeitados a construción de instrumentos musicais. | Aplicar técnicas de representación gráfica manuais e informáticas de instrumentos musicais de corda frotada a partir das súas especificacións formais e simbólico-estéticas.<br>Definir o plan de elaboración do instrumento, temporalizando as diferentes fases e decidindo os materiais a empregar, en condicións de seguridade laboral e protección.<br>Documentar o deseño a través da memoria e orzamento para analizar e valorar a viabilidade da produción.<br>Organizar documentación de proxectos a partir de documentos gráficos e escritos elaborados de proxectos de instrumentos musicais de corda frotada.<br>Determinar especificacións formais, estéticas, técnicas, mecánico-acústicas dun instrumento musical de corda frotada en diferentes supostos o situacións a partir de información recompilada e avaliada | Habitos de documentación, indagación e búsqueda de ideas aplicabeis no desenvolvemento da obra persoa.<br>Valorar a tradición e a historia como fontes de inspiración nas cales sustentar o proceso creativo.<br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado<br>Emplear tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria para empregalo no seu traballo.<br>Propoñerse obxetivos retadores que supoñan un nivel de rendimento e eficacia superior ó<br>acadado previamente.<br>Actitude creativa, aberta os cambios e innovacións, en búsqueda de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais.<br>Interpretar e dar resposta ás demandas dos clientes.<br>Amosar creatividade no desenrolo do traballo que realiza. |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Elaborar un proxecto de instrumento tradicional de corda frotada.

Definir as características estruturais e estéticas en base a documentación recompilada

Identificar as expectativas sonoras do instrumento, aportando os planos que servirán de guía para a súa construción, cunha secuenciación lóxica e ordenada das fases de produción

Seleccionar adecuadamente dos materiais a empregar.

**CONTIDOS**

1. Información e antecedentes para proxectos de instrumentos musicais de corda frotada.
   - Definición das características estruturais do instrumento.
   - Tipoloxía dos instrumentos musicais tradicionais.
   - Selección de información. Cualidades dos instrumentos musicais de corda frotada: a forma, os usos estéticos, funcións básicas e accesorias e esixencias acústicas
2. Estrutura de proxectos de construción de instrumentos musicais .
   - Requirimentos iniciais, control da información. Planificación e seguimento de procesos de proxectación: metodoloxía e descrición
   - Proceso de proxectación: intuición e método.
   - Unidade e coherencia formal e informativa en presentación de proxectos
3. Elementos estruturais dun instrumento musical de corda frotada.
   - Estudo das características estruturais dun instrumento musica de corda frotada : compoñentes en función das partes do instrumento musical, materiais convencionais e innovadores, clasificación de especificacións.
4. Elementos sonoros dun instrumento musical de corda frotada
   - Acústica e son: timbre, ton, color, tesitura.
   - Técnicas de análise de especificacións: relación entre os elementos, materiais e pezas.
5. Técnicas de representación gráfica para o deseño de instrumentos musicais.
   - Selección de sistemas de representación na determinación de formas e estruturas: debuxo e recursos gráficos de descrición
   - Uso de equipamentos informáticos no tratamento de gráficos: programas de soporte, bases de datos en internet.
   - Recompilación de datos acerca de sistemas de representación: valores funcionais, comunicativos e estéticos; influencia do deseño no desenvolvemento e evolución dos referentes musicais e instrumentos musicais.
6. Organización.
   - Secuencia e ordenación das fases de produción .
   - Selección de materiais e tecnoloxía: prestacións de materiais tradicionais e innovadores.
7. Ferramentas dixitais para a búsqueda, organización e xestión da información na rede:
   - Marcadores de Favoritos
   - Lectores de RSS
   - Sistemas de curación de contidos.
8. O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade.

## Módulo 2

## Historia da música galega

Asociado á **Unidade de Competencia** 1: Desenvolver un proxecto propio para a elaboración da zanfona tradicional.

OBXECTIVO XERAL

Valorar os distintos momentos evolutivos dos instrumentos musicais tradicionais, como fonte de inspiración do noso traballo, tanto a nivel técnico como expresivo.

| Duración: 30 horas | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Distinguir as etapas da evolución dos instrumentos musicais tradicionais dende as súas orixes ata a actualidade, para identificar os distintos momentos históricos que provocaron un cambio.<br>Comparar a evolución da zanfona nos distintos países para poder entender o presente da mesma.<br>Analizar o traballo e evolución de artesáns relevantes na construción de instrumentos musicais tradicionais para comprender o proceso evolutivo e creativo e conformar unha conciencia propia. | Ordenar as distintas etapas da evolución dos instrumentos identificando a aparición das distintas escolas de construción | Apreciar as etapas dos séculos XIX e XX para fudamentar os procesos de deseño persoais.<br>Acostumarse a diferenciar as distintas tipoloxias para poder volorar esta herdanza aun viva.<br>Acostumarse a empregar as técnicas de deseño e constructivas para conquerir maior excelencia nos productos elaborados.<br>Valorar as distintas evolucións propostas para comenzar a comprender a evolución persoal. |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Recoñecer as distintas etapas da evolución da música en Galicia
- Distinguir as distintas etapas da evolución dos instrumentos.
- Identificar as diferentes escolas de construción
- Identificar cinco persoeiros relevantes da conservación e divulgación da música galega no século XX.
- Identificar cinco artesáns das novas xeracións (finais do século XX – principios do século XXI)

**CONTIDOS**

**1. A MÚSICA MEDIEVAL. O CÓDICE CALIXTINO**

Contexto histórico socio-político. Descrición do Códice e os seus libros, composición e autores. Audición de varios dos cantos. A polifonía medieval e as súas escolas. A música dos peregrinos e os seus cantos. As referencias sobre instrumentos.

**2. A MÚSICA MEDIEVAL. A LÍRICA TROBADORESCA GALAICO-PORTUGUESA**

Os cancioneiros. Os principais autores. Trobadores, xograres e segreis. Xéneros dos textos. Comparación coa lírica provenzal e os seus autores .Martín Códax e Meendinho. Os instrumentos dos trobadores. O relato romántico da lírica medieval e o neotrobadorismo. As repercusións no Rexurdimento. Audición.

**3. A MÚSICA MEDIEVAL. AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA**

Contexto relixioso e o culto mariano. Semblanza de Alfonso X. Os cancioneiros. Xéneros das cantigas. As miniaturas e os instrumentos. As reinterpretacións contemporáneas. As escolas de interpretación, presentistas, historicistas.

**4. RENACEMENTO E BARROCO**

Os cancioneiros renacentistas e os vilancicos. A música nas capelas catedralicias. A reforma e contrarreforma. Ideas básicas sobre o Barroco musical en Galicia. A música na catedral de Santiago. A reforma e contrarreforma. Principais compositores. A obra de Frei José de Vaquedano.

**5. O CLASICISMO**

A Ilustración en Galicia. A ópera italiana. Frei Benito Feijoo e Martín Sarmiento. Principais compositores. Buono Chiodi e a súa obra. A orquestra da catedral de Santiago no clasicismo. A pervivencia dos usos clasicistas na música posterior ao sec. XVIII.

**6. O VILANCICO GALEGO.**

Traballo de Carlos Villanueva. A música popular na Igrexa. O itinerario do vilancico. Vilancicos de galegos en España e América. Principais autores en Santiago, Mondoñedo, Tui e Ourense. Melchor López e a súa obra.

**7. O NACIONALISMO MUSICAL.**

A relixión e o nacemento do nacionalismo musical. Contexto socio-político do séc. XIX. O rexeneracionismo estético de Pedrell. A revisión culta da música de tradición oral. A creación do relato histórico e o mito céltico. Montes, Veiga, Chané; vida e obra. Os compositores menos coñecidos.

**8. COMPOSITORES E INTÉRPRETES NA TRANSICIÓN DO XIX AO XX.**

Manuel Quiroga. Andrés Gaos. Pepito Arriola. Soutullo. As súas vidas e a súa obra.A súa relación coa música de tradición oral. A recreación culta dos materiais da compilación.

**9. OS COROS GALEGOS.**

Movemento dos coros Clavé. A creación dos primeiros orfeóns en Galicia. Orfeóns, corais polifónicas, diferencias e repertorio. A relación do coralismo coa política e o rexurdimento. A sociedade Coral Polifónica de Pontevedra. Perfecto Feijoo e Aires da Terra. O movemento dos coros Feijoo e a súa evolución. Cantigas da Terra, a Coral de Ruada, Toxos e Froles.

**10. A COMPILACIÓN DA TRADICIÓN ORAL. OS CANCIONEIROS.**

Precedentes da compilación da música tradicional no século XIX. Inzenga, Marcial de Valladares, Marcial del Adalid. A figura de Casto Sampedro e a Sociedade arqueolóxica. Victor Said e o cancioneiro Sampedro. O relato da elaboración. O cancioneiro de Torner e Gay. Xesús Bal e Gay e a súa obra. Diferencias entre os dous. O Cancioneiro Feijoo publicado por J. L. Calle. Os traballos de Daniel González e García Matos. As gravacións de Alan Lomax. Dorothe Schubarth e o seu cancioneiro.

**11.A MÚSICA TRADICIONAL DA PREGUERRA.**

Os estudios de Tafall e Oviedo Arce.A música de gaita na preguerra. Intérpretes famosos e os seus estilos. A música de baile e a transformación dos bailes agarrados. Os gaiteiros de Soutelo. Avelino Cachafeiro. A construción do mito. A vida dos Gaiteiros de Soutelo.

**12. A MÚSICA TRADICIONAL NA POSGUERRA**

Os campaneiros de Vilagarcía, estilo e composicións. A personalidade de Xosé O Campaneiro. Os Morenos de Lavadores. Os Coros e danzas da sección feminina Faustino Santalices e a recuperación da zanfona. Brisas da Coruña, os Tempranos de Eirís. Adolfo Anta Seoane e Saturnino Cuiñas.

**13. A MÚSICA GALEGA NA EMIGRACIÓN.**

Músicos galegos en Buenos Aires, Caracas e A Habana. Castor Cachafeiro. Manuel Dopazo Gontade. Os Gaiteiros de Villaverde. Los Monfortinos. As modernas reinterpretacións do folk celta na Arxentina. O patrimonio sonoro da emigración e a súa catalogación.

**14. OS GAITEIROS DA TRANSICIÓN.**

Ricardo Portela. Biografía. Estilo. O toque pechado. Nazario González "Moxenas". As reflexións sobre a nova música folk. O ensino da música tradicional. A creación do Obradoiro da Universidade Popular.

**15. A NOVA CANCIÓN GALEGA.**

Voces Ceibes. Literatura popular e canción galega de autor. Os círculos universitarios nos derradeiros tempos do franquismo. A conexión portuguesa. Relacións entre a "canción protesta" e os grupos "folclóricos" nos anos 70. O nacemento do concepto "folk".

**16. MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL E MÚSICA FOLK ENTRE 1980 E 1990.**

Os precursores do movemento folk: Fuxan Os Ventos. Os movementos folks en Europa: Francia, Irlanda.. A recreación do celtismo: Emilio Cao. A mítica neomedieval: Doa. A fusión e a internacionalización: Milladoiro. Outros enfoques: Na Lúa. A proxección ao mercado de consumo e a industria discográfica.

**17. A SEGUNDA XERACIÓN. A DÉCADA DOS 90.**

A nova rexeneración: os grupos de recollida de campo e os grupos de pandereteiras. Treixadura. Leilía. A

consolidación do mercado: Carlos Núñez. Berrogüetto. Luar na Lubre. A música folk galega na discografía europea e americana. A muller na música folk: Susana Seivane, Mercedes Peón, Cristina Pato.

**18. OS CONSTRUCTORES DE INSTRUMENTOS.**

O autodidactismo. Paulino Pérez, Amadeo Goyanes, Basilio Carril, Antón Corral, Xosé Seivane. Os construtores da nova xeración.

## Módulo 3

## Madeiras para a construción artesanal de instrumentos musicais de corda frotada.

Asociado á **Unidade de Competencia** 4: Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais.

**OBXECTIVO XERAL**

Recoñecer e seleccionar as madeiras en función da súa calidade visual e mecánica, para relacionala coas características finais do instrumento.

Duración: 100 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Aplicar criterios de selección na adquisición de madeiras, en bruto ou a medida para instrumentos musicais artesáns, en función das pezas nas que vai ser transformada.<br>Aplicar técnicas de clasificación de madeiras, en bruto ou a medida, para instrumentos musicais artesáns, mediante o emprego de criterios de identificación das mesmas.<br>Aplicar criterios de almacenaxe de madeiras, en bruto o a medida, para instrumentos musicais artesáns tendo en conta accesibilidade, localización e mantemento de almacéns, con criterios de calidade e seguridade.<br>Aplicar técnicas e procedementos de inventariado de madeiras e materiais para instrumentos musicais artesáns mediante o emprego de criterios de identificación das mesmas e ferramentas de elaboración e mantemento. | Describir os defectos mais habituais (rachados, revirados, nos, entre outros) que presentan as madeiras en bruto ou a medida relacionándoos coas características de calidade dos instrumentos musicais artesáns.<br>Describir os factores que se consideran na valoración da calidade visual e mecánica das madeiras en bruto ou a medida relacionándoas coas características finais do instrumento musical.<br>Decidir o tipo de madeira a empregar en función das súas características físicas e estéticas.<br>Identificar as madeiras dadas a partires das súas características físicas.<br>Verificar a súa calidade mediante procedementos visuais e táctiles.<br>Comprobar, mediante procedementos acústicos simples, a calidade acústica das pezas seleccionadas. | Responsabilizarse do traballo que desenvolve.<br>Finalizar os traballos nos prazos establecidos.<br>Propoñer alternativas co obxecto de mellorar resultados<br>Amosar un bo facer profesional. |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| Establecer criterios para a identificación de madeiras relacionándoas co seu emprego para a construción de instrumentos musicais.<br>Identificar os tipos correspondentes as madeiras dadas mediante a súa denominación comercial.<br>Seleccionar e aplicar criterios de clasificación.<br>Elaborar un inventario das mostras dadas empregando ditos criterios<br>Identificar as pezas que poden obterse delas en función das súas características. |
| **CONTIDOS** |
| Tipos de madeira na construción de instrumentos musicais<br>• Tipos comerciais.<br>• Características mecánicas.<br>• Tipos de vetas.<br>• Tipos de cortes.<br>• Presentacións comerciais.<br>• Normativa de protección ambiental referida a madeiras: orixe, especies protexidas, certificacións CITES (Convention International Trade in Endangered Species).<br>• Sistemas de inventarios e almacenaxe de madeiras para a construción de instrumentos musicais<br>• Criterios de clasificación e inventariado: Dureza, cor, antigüidade.<br>• Condiciones de almacenaxe: ventilación, temperatura, humidade e acondicionamento.<br>• Técnicas de protección de madeiras. |

# Módulo 4

## Elaboración artesanal e montaxe de pezas e elementos do instrumento musical de corda frotada

Asociado á

**Unidade de Competencia 3:** Mecanizar madeira e derivados.

**Unidade de competencia 5:** Elaborar e ensamblar as pezas que compoñen o instrumento.

| OBXECTIVO XERAL |
|---|
| Realizar a construción dos elementos que compoñen o instrumento empregando os materiais, maquinaria, ferramenta e procedementos axeitados a cada caso. |
| Duración: 300 horas |

| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
|---|---|---|
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Distinguir entre os diferentes tipos de moldes para escoller o axeitado.<br>Coñecer as diferentes clases de colas e o seu tempo de manipulado e secado para aplicalas correctamente.<br>Coñecer sistemas de | Realizar a preparación dos materiais, en función das dimensións definidas no proxecto.<br>Realizar domados.<br>Preparar tapas e fondos en función das características da veta das táboas | Responsabilizarse do traballo que desenvolve.<br>Amosar un bo facer profesional.<br>Manter a área de traballo co grao apropiado de orden limpeza. |

| | | |
|---|---|---|
| prensado para aplicar as presións axeitadas a cada fase de encolado en función do material e das pezas que van ser prensadas. | Realizar encolados en condicións de calidade.<br>Realizar recortados a partires da forma definida no proxecto.<br>Realizar calibrados segundo as especificacións do proxecto. | |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Describir o proceso de elaboración de moldes a partir de plantillas, relacionándoo cos materiais, útiles e ferramentas empregados no mesmo e os procedementos de verificación da súa calidade.
- Describir as condicións de recortado e perfilado dos moldes relacionándoas coas medidas de seguridade e a calidade das operacións.
- Seleccionar os materiais en función do instrumento, garantindo a estabilidade do molde a realizar.
- Describir as técnicas e procedementos de elaboración de aros, identificando materiais, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir as técnicas e procedementos de domado de aros, identificando ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir as técnicas procedementos de elaboración de tacos de unión, identificando materiais, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os procesos de preparación de pezas para a elaboración de fondos identificando materiais,condicións, técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade calidade das operacións
- Describir os sistemas de reforzos de fondos identificando materiais, técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os procesos de preparación de pezas para a elaboración de tapas harmónicas identificando materiais, condicións, técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os procesos de preparación de pezas para a elaboración clavixeiro identificando materiais, condicións, técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os procesos de preparación de pezas para a elaboración caixa do teclado identificando materiais, condicións, técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os procesos de preparación de pezas para a elaboración dos elementos torneados identificando materiais, condicións, técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os elementos ornamentais identificando técnicas, materiais, útiles e ferramentas relacionándoos con funcións estruturais e funcionais.
- Seleccionar, preparar e acondicionar os materiais, útiles, ferramentas e equipos de protección persoal a empregar durante o proceso.
- Aplicar durante todo el proceso criterios de seguridade laboral e ambiental empregando os medios de protección establecidos.

**CONTIDOS**

- Método de construción e montaxe de caixa harmónica para zanfonas:
- Elaboración de aros
- Elaboración de Interiores
- Elaboración de fondos e tapas

- Método de construción e montaxe de teclado/diapasón de zanfonas:
- Elaboración de caixa de teclado
- Elaboración de teclas
- Elaboración de espadelas
- Método de construción de elementos torneados para zanfonas.:
- Elaboración de clavixas
- Elaboración de pomo de manubrio
- Elaboración de peóns
- Elaboración da roda
- Método de construción de elementos tallados para zanfonas.
- Elaboración do clavixeiro
- Elaboración de coordoeiro
- Método de construción de elementos metálicos para zanfonas.
- Elaboración da S do manubrio
- Elaboración do soporte do coordoeiro

# Módulo 5

## Vernizado e pulimentado de instrumentos musicais

Asociado á **Unidade de Competencia**. Aplicar vernices e tinturas para instrumentos musicais

**OBXECTIVO XERAL**

Dotar o instrumento musical dun acabado que complete a súa calidade artística o tempo que se protexe a madeira de axentes externos

Duración: 90 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Coñecer distintos tipos de tinturas para aplicalas correctamente en función da peza.<br>Coñecer distintos tipos de vernices tapaporos para aplicalalos correctamente en función da peza.<br>Coñecer distintos tipos de vernices para aplicalalos correctamente en función da peza. | Aplicar técnicas e procedementos de tinxido para pezas de instrumentos musicais.<br>Aplicar procedementos de selado de poros de madeira para pezas de instrumentos musicais.<br>Aplicar técnicas de vernizado e pulimento de instrumentos musicais. | Responsabilizarse do traballo que desenvolve.<br>Amosar un bon facer profesional.<br>Manter a área de traballo co grao apropiado de orden e limpeza. |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Citar os tipos de verniz a aplicar en función da súa finalidade.
- Describir as técnicas a executar en cada caso identificando os útiles e ferramentas .
- Describir a técnica de pulimento tradicional identificando os procedementos, útiles e ferramentas.
- Aplicar o verniz de base segundo a técnica tradicional de sucesión de capas.
- Aplicar o verniz tinxido ou incoloro segundo a técnica tradicional.
- Realizar o proceso de pulimento.
- Realizar tras cada aplicación o control de calidade visual e táctil.
- Realizar as operacións cumprindo as medidas de seguridade laborais e ambientais

**CONTIDOS**

- Tinxido de base de madeiras para instrumentos musicais
- Determinación de tintes
- Procesos de aplicación de tinturas.
- Verificación de calidade
- Medidas de seguridade, protección, hixiene e contención.
- Normativa sobre prevención de riscos laborais e ambientais
- Selección de verniz tapaporos de base para instrumentos musicais
- Determinación de vernices.
- Sistemas de aplicación
- Verificación de calidade.
- Normativa sobre prevención de riscos laborais e ambientais
- Vernizado de instrumentos musicais
- Sistemas de aplicación.
- Procesos de pulimento.
- Sistemas de coloración.
- Normativa sobre prevención de riscos laborais e ambientais.

## Módulo 6
## Montaxe da Zanfona tradicional

Asociado á **Unidade de Competencia**. Encordar, axustar e afinar o instrumento.

**OBXECTIVO XERAL**

Montar a zanfona de xeito definitivo realizando os axustes necesarios para proceder o encordado e afinado da mesma.

Duración: 30 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar as distintas variedades de cordas para proceder a elección correcta.<br>Avaliar a necesidade de efectuar axustes no eixo para prever posibles ruídos<br>Avaliar a necesidade de facer axustes nas teclas para prever atasques ou folguras excesivas<br>Avaliar a necesidade de efectuar axustes na roda para axustar as alturas das cordas.<br>Avaliar a necesidade de facer axustes nas clavixas para evitar frouxidades. | Realizar axustes no eixo.<br>Realizar axustes nas teclas.<br>Realizar axustes na roda.<br>Realizar axustes nas cravixas.<br>Efectuar a colocación do cordoeiro en condicións de seguridade e fiabilidade a efectos de tensión das cordas.<br>Efectuar o ranurado nas pontes.<br>Efectuar o asentado das cordas sobre a roda.<br>Realizar a colocación dos bordóns.<br>Realizar o resinado da roda e algodonado das cordas.<br>Realizar o axuste e rematado das espadelas | Amosar disposición ó aprendizaxe con actitude positiva e esforzo.<br>Continuar o proceso de aprendizaxe de xeito persoal.<br>Actitude positiva e de disfrute cara as manifestacións musicais. |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Describir os procesos de selección de cordas, identificando criterios de selección
- Describir os procesos de axustado das alturas das pontes, identificando técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os procesos de axustado do eixo/roda, identificando técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os procesos de axustado das cravixas, identificando técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.
- Describir os procesos de axustado das espadelas, identificando técnicas, ferramentas e útiles relacionándoos coa seguridade e calidade das operacións.

**CONTIDOS**

Selección de cordas en función do tiro, nota e tensión axeitada.

Axuste e colocación das pontes dacordo co tiro especificado.

Axuste e a colocación do cordoeiro.

Axuste das alturas das cordas cantoras.

Axuste e colocación das pontes dos bordóns dacordo co tiro especificado.

Colocación e axuste das espadelas

## Módulo 7
## Interpretación melódica básica

Asociado á **Unidade de Competencia**. Aplicar técnicas básicas de interpretación

**OBXECTIVO XERAL**

Interpretar pezas básicas cunha execución segura. Recoñecer as distancias interválicas resolvendo os desaxustes de afinación atendendo o apoio pedal dos bordóns.

Duración: 30 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | |
|---|---|---|
| | Executar exercicios e escalas ascendentes e descendentes para asentar as bases dunha interpretación melódica segura e de calidade.<br>Aplicar unha correcta ergonomía sobre instrumento para aproveitar ó máximo os recursos. | Amosar disposición ó aprendizaxe con actitude positiva e esforzo.<br>Continuar o proceso de aprendizaxe de xeito persoal.<br>Actitude positiva e de disfrute cara as manifestacións musicais. |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Colocar correctamente as mans no instrumento.
- Colocar o corpo correctamente con relación o instrumento.
- Executar escalas ascendentes e descendentes con soltura.
- Interpretar melodías básicas sen erros.
- Identificar desaxustes relacionados coa afinación e proceder a eliminalos.

**CONTIDOS**

Ergonomía.

A posición correcta do corpo para un aproveitamento adecuado dos recursos persoais

A posición correcta dos dedos no instrumento

Exercicios de dixitación, para a memorización da posición dos dedos e a consecución dun son claro e nítido.

Escalas ascendentes e descendentes de posicións correlativas.

Escalas ascendentes e descendentes de posición salteadas de diferentes tipos.

Interpretación de melodías de nivel básico.

Interpretación de melodías sinxelas, incrementando o grao de dificultade ata acadar un nivel básico de interpretación.

## Módulo 8
## Regulamento e preparación de maquinaria e equipo de taller

Asociado á **Unidade de Competencia**. Preparar e regular máquinas e equipos de taller

**OBXECTIVO XERAL**

Dispoñer da maquinaria e ferramentas para a transformación de madeira en bo estado de emprego.

Duración: 40 horas

| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
|---|---|---|
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Poñer a punto as máquinas e ferramentas para o mecanizado de pezas de madeira e derivados<br>Poñer a punto os equipos de trazado de pezas para o seu mecanizado, empregando os instrumentos axeitados<br>Poñer a punto a serra sinfín para obter pezas con curvas. | Colocar útiles ferramentas nas máquinas efectuando o axuste dos parámetros (ángulos de corte, profundidade), o tempo que recoñece, escolle as ferramentas con bo estado de conservación e afiado e se montan os dispositivos necesarios de seguridade.<br>Asignar os parámetros (dimensión, velocidade, alineación) as distintas máquinas en función das necesidades de mecanizado.<br>Seleccionar e axustar parámetros de dispositivos de guiado para pezas con forma curva.<br>Realizar nas máquinas un mantemento periódico. | Responsabilizarse do traballo que desnvolve. |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Colocar útiles nas máquinas.
- Recoñecer e escoller as ferramentas con bo estado de conservación e afiado e montar os dispositivos necesarios de seguridade.
- Asignar os parámetros (dimensión, velocidade, alineación) as distintas máquinas en función dos datos técnicos e tipo de mecanizado.
- Realizar na máquina un mantemento periódico, controlado por ficha de mantemento, onde se identifican os elementos e as operacións a realizar.
- Realizar a posta a punto das máquinas en condicións de saúde laboral, seguridade calidade.
- Manexar útiles de trazado, marcado e medición propios da especialidade, e relacionalos coas súas aplicacións
- Confeccionar plantillas dacordo cos planos de fabricación.

**CONTIDOS**

1. Os procesos de mecanizado e derivados.
2. Os planos das pezas e as súas características da fabricación.
3. A posta a punto das máquinas de arranque de viruta para a elaboración de pezas de madeira e derivados.
4. A posta a punto das máquinas de corte lineal para a elaboración de pezas de madeira e derivados.
5. A posta a punto da serra sinfín para obter pezas curvas de madeira e derivados.
6. A posta a punto das máquinas de cilindrado para obter pezas torneadas de madeira e derivados.
7. A posta a punto dos equipos de trazado empregando os instrumentos apropiados.
8. A posta a punto das máquinas de lixado e pulido.

# Módulo 9

## A organización dun obradoiro artesanal de elaboración de zanfona

Asociado á **Unidade de Competencia** 9 Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal.

**OBXECTIVO XERAL**

<table>
<tr><td colspan="3">Definir, organizar e estruturar a actividade dun obradoiro tradicional de zanfonas, garantindo os procesos creativos e o mellor rendemento en condicións de seguridade e hixiene.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Duración: 60 horas</td></tr>
<tr><td colspan="3">OBXECTIVOS DE MÓDULO</td></tr>
<tr><td>Conceptuais</td><td>Procedimentais</td><td>Actitudinais</td></tr>
<tr><td>Analizar as tarefas dun obradoiro de construción de zanfonas para identificar as necesidades de espazos, materiais, ferramenta, maquinaria<br><br>Enumerar as tarefas de mantemento, para identificar e previr posibles problemas.<br><br>Coñecer as distintas normativas para extraer conclusións acerca do risco de certos procesos<br><br>Identificar as tarefas que conleven unha promoción do produto para estruturar o marketing.<br><br>Coñecer a normativa relacionada cos dereitos de autor.</td><td>Optimizar as areas dun obradoiro de construción de zanfonas, para poder realizar o traballo con fluidez optimizando os procesos.<br><br>Realizar tarefas de mantemento de maquinaria e ferramenta, para acadar o seu perfecto funcionamento<br><br>Aplicar as normativas relacionada coa actividade para controlar posíbeis alteracións<br><br>Practicar actividades promocionais para elaborar unha estratexia de mercado<br><br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais ou presenciais.</td><td>Cumprir a normativa que regula as realizacións da actividade<br><br>Responsabilizarse do traballo que desenvolve.<br><br>Valorar unha boa distribución das áreas dun obradoiro, para facilitar o proceso productivo<br><br>Aceptar as tarefas de mantemento, como parte esencial do proceso de traballo<br><br>Acostumarse a ter sempre presente as normativas para non correr riscos innecesarios<br><br>Interesarse por coñecer as posibilidades mercado como práctica imprescindible.<br><br>Actitude positiva, aberta o disfrute persoal a través da execución do traballo como estratexia facilitadora da creatividade e o bo facer<br><br>Colaborar e relacionarse con afabilidade con compañeiros e clientes para facilitar o traballo e acadar mellores resultados.<br><br>Respetar e defender a autoría e os dereitos de autor</td></tr>
</table>

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Cumprir con regularidade as normas de seguridade e hixiene no seu traballo diario no obradoiro.
- Elaborar un proxecto conxunto para a montaxe dunha exposición.
- Manter o espacio de traballo limpo e ordenado
- Elaborar un proxecto de montaxe dun obradoiro de instrumentos, respectando a normativa vixente.

**CONTIDOS**

1. A estrutura dun taller : recursos humanos e materiais
   - recursos humanos e materiais
   - espazos necesarios para a produción
   - Condicións de almacenaxe de materias primas e produtos elaborados.
   - Espazos de traballo: funcións e procesos a realizar en cada un.
   - As necesidades de ferramentas e maquinaria
   - A distribuír da maquinaria no taller tendo en conta a normativa sobre riscos laborais.
2. Normativa para os talleres artesáns
   - Normativa laboral referida ós traballadores autónomos como fórmula de autoemprego nos talleres artesáns.
   - Normativa laboral para a contratación de traballadores por conta allea en talleres artesáns.

- Normativa fiscal para as micropymes aplicable ós talleres artesáns

3. Xestión administrativa e comercial dun taller artesán
    - Contabilidade de empresa na xestión de talleres artesáns.
    - Valoración de consumos de materias primas, ferramentas, medios auxiliares, enerxía e man de obra nun taller artesán.
    - Sistemas de inventario de produtos artesáns.
    - Stock de seguridade.
    - Elementos de marketing e imaxe comercial.
4. Seguridade e hixiene no traballo aplicable á artesanía
    - Normativa de seguridade e hixiene no traballo relacionada cos talleres artesanais.
    - Toxicidade e perigosidade dos produtos artesáns.
5. Os dereitos de autor, Licencias Creative Commons
6. Calendario de feiras e eventos relevantes relacionados co sector musical
7. Redes sociais e comunidades virtuais relacionadas con mundo musical/artesanal
8. Identidade dixital e Netiqueta

# Anexo III-C CAIM Zanfona – Temporalización e Secuenciación

| Currículum normal: 700 horas + 170 complementarias = 870 horas. Currículum extendido (con nivel avanzado): 940 horas | | | |
|---|---|---|---|
| | Duración total | Primeiro | Segundo |
| Módulo 1.<br><br>Desenrolo do proxecto de deseño e construción do instrumento musical de corda frotada. | 60 | Información e antecedentes para proxectos de instrumentos musicais de corda frotada.<br>Estrutura de proxectos de construción de instrumentos musicais.<br>Elementos estruturais dun instrumento musical de corda frotada.<br>Elementos sonoros dun instrumento musical de corda frotada.<br>Técnicas de representación gráfica para o deseño de instrumentos musicais.<br>Organización do proceso construtivo<br>Ferramentas dixitais para a búsqueda, organización e xestión da información na rede.<br>O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade. | |
| Módulo 2<br><br>Historia da musica galega. | 30 | | A música medieval: O códice calixtino.<br>A lírica trovadoresca galaico-portuguesa.<br>As cantigas de santa María.<br>Renacemento e barroco.<br>O clasicismo.<br>O vilancico galego.<br>O nacionalismo musical. Compositores e intérpretes na transición do XIX ao XX.<br>Os coros galegos.<br>A compilación da tradición oral. Os cancioneiros.<br>A música tradicional de preguerra. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | A música tradicional na posguerra.<br>A música galega na emigración.<br>Os gaiteiros na transición.<br>A nova canción galega.<br>Música de tradición oral e música folk entre 1980 e 1990.<br>A segunda xeración. A década dos 90.<br>Os constructores de instrumentos. |
| Módulo 3.<br><br>Madeiras para a construción artesanal de instrumentos musicais de corda frotada. | 100 | Tipos de madeiras na construción de instrumentos musicais.<br>Normativa de protección referida a madeiras: orixe, especies protexidas, certificacións CITES. | Sistemas de inventarios e almacenaxe de madeiras para a construción de instrumentos musicais. |
| Módulo 4.<br><br>Elaboración artesanal e montaxe de pezas e elementos do instrumento musical de corda frotada. | 300 | Método de construción e montaxe de caixa harmónica para zanfonas.<br>Método de construción e montaxe de teclado/diapasón de zanfonas. | Método de construción de elementos tallados para zanfonas.<br>Metodo de construcción de elementos metálicos para zanfonas.<br>Método de construcción de elementos torneados para zanfonas. |
| Módulo 5.<br><br>Vernizado e pulimentado de instrumentos musicais. | 90 | | Tinguido de base de madeiras para instrumentos musicais.<br>Selección de verniz tapaporos de base para instrumentos musicais.<br>Vernizado de instrumentos musicais. |
| Módulo 6.<br><br>Encordar, axustar e afinar o instrumento. | 20 | | Selección de cordas en función do tiro, nota e tensión axeitada.<br>Axuste e colocación das pontes dacordo co tiro especificado.<br>Axuste e a colocación do cordoeiro.<br>Axuste das alturas das cordas cantoras.<br>Axuste e colocación das pontes dos bordóns dacordo co tiro especificado.<br>Colocación e axuste das espadillas. |
| Módulo 7. | 30 | | Ergonomía.<br>Exercicios de dixitación, para a |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Aplicar técnicas básicas de interpretación. | | | memorización da posición dos dedos e a consecución dun son claro e nítido.<br>Interpretación de melodías de nivel básico. |
| Módulo 8.<br><br>Regulamento e preparación de maquinaria e equipos de taller. | 40 | Analizar describir os procesos de mecanizado e derivados.<br>Interpretar planos das pezas e deducir as características da fabricación.<br>Poñer a punto as máquinas de arranque de viruta para a elaboración de pezas de madeira e derivados.<br>Poñer a punto as máquinas de corte lineal para a elaboración de pezas de madeira e derivados. | Poñer a punto a serra sinfín para obter pezas curvas de madeira e derivados.<br>Poñer a punto as máquinas de cilindrado para obter pezas torneadas de madeira e derivados.<br>Poñer a punto os equipos de trazado empregando os instrumentos apropiados.<br>Poñer a punto as máquinas de lixado e pulido. |
| Módulo 9.<br><br>A organización dun obradoiro artesanal de elaboración de zanfona | 60 | Definir os obxectivos do taller artesán ó realizar o plan de viabilidade tendo en conta a realidade do mercado.<br>Normativa para os talleres artesáns.<br>Xestión administrativa e comercial dun taller artesán.<br>Seguridade e hixiene no traballo aplicable á artesanía | Os dereitos de autor, Licencias Creative Commons<br>Calendario de ferias e eventos relevantes relacionados co sector musical<br>Redes sociais e comunidades virtuais relacionadas con mundo musical/artesanal<br>Identidade dixital e Netiqueta. |

# Anexo IV Construción Artesanal de Instrumentos. Gaita: Perfil Profesional e Referente Formativo



# Anexo IV-A CAIM Gaita. Perfil Profesional

## GAITA

### COMPETENCIA XERAL

Deseñar e construír instrumentos de vento tradicionais, a partir de modelos preexistentes e desenvolvendo e executando o proxecto de deseño e construción artesanal con criterios técnicos e estéticos; organizando a actividade profesional do seu obradoiro, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental, e con garantía de calidade artesá e funcional

### UNIDADES DE COMPETENCIA

**Unidade de Competencia** 1: Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos de vento tradicionais.

**Unidade de Competencia 2**: Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos de vento tradicionais.

**Unidade de Competencia 3**: Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais artesanos.

**Unidade de Competencia 4:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal.

**Unidade de Competencia 5**: Elaborar e ensamblar as pezas dos instrumentos de vento tradicionais.

**Unidade de Competencia 6**: Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento de vento tradicional.

**Unidade de competencia 7**: Aplicar técnicas básicas de interpretación.

## Unidade de Competencia 1

## Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos de vento tradicionais.

### REALIZACIÓNS

Obter información sobre instrumentos musicais de vento tradicionais, referida ós antecedentes históricos, a materiais, técnicas e procesos, demandas do músico ou cliente, para o seu emprego na definición do proxecto de deseño e construción artesanal

Definir as especificacións formais, estéticas, técnicas, mecánico-acústicas e materiais de instrumentos musicais de vento tradicionais avaliando a información recompilada, para determinar o seu deseño.

Determinar a forma e estrutura do instrumento musical de vento tradicional realizando debuxos e planos a escala 1:1 a partir das especificacións formais e estéticas definidas, empregando técnicas gráficas e sistemas de representación manuais e informáticos para ser utilizados como elemento de presentación, e valoración na toma de decisións, así como servir de guía no proceso de elaboración.

Definir o plan de elaboración do instrumento musical de vento tradicional a partir das súas especificacións determinando as fases, os tempos e procedementos de control de calidade e seguridade para garantir a execución nas condicións previstas.

Documentar o proxecto de deseño e construción artesanal do instrumento musical de vento tradicional, incorporando as decisións sobre as súas características, materiais, técnicas, condicións económicas, plan de elaboración para garantir a súa execución.

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza o xera esta información |
| Información especializada e profesional sobre instrumentos musicais de vento tradicionais. Técnicas gráficas. Sistemas de representación. | Materiais e útiles para a representación gráfica. Útiles de debuxo e medida (calibre,regras, escadras, cartabóns, compás, entre outros). Hardware e software | Información sobre instrumentos musicais de vento tradicionais, identificada, analizada, avaliada, arquivada e clasificada.<br>Especificacións do instrumento musical definidas.<br>Bosquexos Debuxos. Planos. A escala 1:1.<br>Características de instrumentos musicais de vento tradicinais definidas graficamente<br>Orzamento económico. Plan de elaboración. Proxecto de deseño e construción | Proyecto de deseño e construcción de instrumentos<br>musicales de cuerda. Plan de elaboración. Modelos.<br>Plantillas. Fichas técnicas de características de maderas. Medios de selección de as maderas. Normativa<br>sobre riscos laborales e ambientales. Normativa sobre maderas e otros materiais protegidos CITES<br>(Convention International Trade in Endangered Species) entre otras. |

## Unidade de Competencia 2

## Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos de vento tradicionais

**REALIZACIÓNS**

Mangar e afiar gubias e coitelas de tornear

Elaborar útiles e soportes necesarios para a realización de determinados procesos.

Manter en estado de bo funcionamento a maquinaria.

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza o xera esta información |
| Mangos, barras | Martelo, esmeril, | Gubias e coitelas | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| de cobalto, gubias.<br>Madeiras<br>Lubricantes | pedra de asentar.<br>Limas, gubias, torno, taladro<br>Aceiteira, chaves (fixas, allen, etc.) | para tornear<br>Útiles e soportes<br>Maquinas en bo estado de funcionamento. | |

## Unidade de Competencia 3

## Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais artesanos.

REALIZACIÓNS

Adquirir as madeiras para instrumentos musicais seleccionándoas segundo a función, dimensións, e características mecánicas das pezas na que vai ser transformada, para proceder ó seu acondicionamento e almacenaxe

Clasificar a madeira para instrumentos musicais en base á súa denominación comercial, finalidade, calidades físicas e estéticas para manter actualizado o inventario

Almacenar e inventariar as pezas de madeira para instrumentos musicais, aplicando os procedementos establecidos, para garantir a súa calidade, dispoñibilidade, condicións de uso e seguridade laboral e ambiental.

Clasificar a madeira para instrumentos musicais en base á súa denominación comercial, finalidade, calidades físicas e estéticas para manter actualizado o inventario

Medios de Produción

| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza o xera esta información |
|---|---|---|---|
| Sistemas de base de datos manuais e dixitais. Almacén. Pinturas, colas, parafina, entre outras, para o selado das testas de madeiras | Ferramentas de medida. Cepillo e rasqueta para valorala tonalidade das madeiras e posibles defectos.<br>Acondicionador de aire, higrómetro, deshumidificador | Madeiras adquiridas, seleccionadas, clasificadas, preparadas para o seu secado, almacenadas e inventariadas | |

## Unidade de Competencia 4

## Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesano de instrumentos de vento tradicionais

REALIZACIÓNS

Definir os obxectivos do obradoiro artesán o realizar o plan de viabilidade tendo en conta a realidade do mercado para lograr a máxima rendibilidade dos recursos e inversións.

Distribuír as áreas imprescindibles dun obradoiro de instrumentos de vento tradicionais respectando la lexislación de seguridade específicas para cada tipo de proceso e garantindo eficacia e eficiencia dos

procesos

Respectar as normas de seguridade e hixiene, interpretando correctamente as fichas técnicas e de seguridade de tódalas materias primas existentes no obradoiro

Elaborar un orzamento da peza ou serie que se vai realizar calculando os custes para decidir a súa rendibilidade

Asegurar o aprovisionamento de subministros, conxugando as necesidades coas existencias para garantir desenvolvemento da produción prevista

Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais o presenciais

Participar en feiras e exposicións, co fin de divulgar e compartir o traballo.

Elaborar un dossier que recolla a obra e o seu proceso de execución e permita presentala a clientes, empregadores e público.

Coñecer as necesidades do mercado, para poder promocionar o seu traballo

Empregar o Equipo de Protección individual de forma correcta para realizar con seguridade as actividades do obradoiro

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza o xera esta información |
| | Teléfono, Ordenador, internet | Plan de viabilidade.<br>Solicitude de subvencións Orzamentos laborais.<br>Plan fiscal.<br>Pagos de obrigacións tributarias.<br>Propostas de plan de presentación de produtos. Sistema de elaboración e control de venta. Plan de comercialización. Orzamentos de produtos de artesanía.<br>Inventarios de subministros. Necesidades de aprovisionamento de subministros.<br>Pedidos de subministros. | Normativa e recomendacións sobre seguridade, hixiene e protección individual.<br>Normativa e recomendacións relacionadas coa conservación do medio ambiente.<br>Normativa fiscal e laboral vixente.<br>Ordes de subvencións da administración local, autonómica ou estatal.<br>Fichas técnicas de materiais.<br>Inventarios de materiais. |

## Unidade de Competencia 5

| Elaborar e ensamblar as pezas dos instrumentos de vento tradicionais. | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Cilindrar, cortar e calibrar os tacos de madeira necesarios para elaborar o instrumento de vento tradicional<br>Elaborar e ensamblar as anelas segundo a súa posición no instrumento de vento tradicional<br>Tornear e pulir o exterior das pezas segundo os planos obtidos.<br>Axustar os espigos de afinación e de ensamble das pezas do instrumento de vento tradicional. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza o xera esta información |
| Madeira previamente seleccionada<br>Metacrilato<br>Metais<br>Tapaporos Nitrocelulósico, disolvente.<br>Cortiza natural<br>Cortiza sintética | Calibre, metro, gubias, torno, brocas, coitelas de baleirar, escariadores de calibrar.<br>Gubias, brocas, torno, rodillos de repuxar metal.<br>Lixas de diferentes graos, lá metálica, disolvente, gubias, torno. | Preformas calibradas de todas as pezas do instrumento.<br>As pezas do instrumento preparadas para o axuste dos espigos.<br>As pezas do instrumento preparadas para o proceso de acabado. | |

| Unidade de Competencia 6<br>Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento de vento tradicional. | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Realizar o acabado previamente decidido ao instrumento de vento tradicional<br>Realizar a montaxe, retocar, empalletar e afinar o instrumento de vento tradicional. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Vernices e ceras naturais (goma-laca, cera virxe e de carnauba)<br>Fol de tecido | Tea branca, escuma.<br>Punzón de retoque de buratos, avellanador de | O instrumento preparado para o proceso de ensamblado e afinación. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| sintético, fío encerado, palletas e pallóns. | man. | O instrumento de vento tradicional rematado para entregar ó músico-cliente. | |

| Unidade de Competencia 7<br>Aplicar técnicas básicas de interpretación | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Executar técnicas básicas de interpretación do instrumento.<br>Interpretar melodías básicas mediante proceso memorístico.<br>Controlar o tempero e a afinación do ronco con relación ó punteiro. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Frauta rectificada e gaita | | Interpretación musical a nivel básico | |

# Anexo IV-B CAIM Gaita – Referente Formativo

| Construción artesanal de instrumentos musicais - Gaita |
|---|
| Duración 730 horas |
| Competencias Formativas |
| **Unidade de Competencia** 1: Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos de vento tradicionais.<br>**Unidade de Competencia 2**: Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos de vento tradicionais.<br>**Unidade de Competencia 3**: Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos musicais artesanos.<br>**Unidade de Competencia 4:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal.<br>**Unidade de Competencia 5**: Elaborar e ensamblar as pezas dos instrumentos de vento tradicionais.<br>**Unidade de Competencia 6**: Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento de vento tradicional.<br>**Unidade de competencia 7**: Aplicar técnicas básicas de interpretación. |
| Obxectivo xeral |
| Elaborar instrumentos musicais tradicionais de vento, con niveis elevados de calidade estética e sonora, para cubrir as necesidades dos músicos profesionais de música tradicional. |
| Módulos Formativos |
| **Módulo** 1: Deseño do instrumento e planificación do traballo.<br>**Módulo** 2: Preparación e afiado de ferramenta específica.<br>**Módulo** 3: Realización de preformas con calibre interior e anelas.<br>**Módulo** 4: Torneado, pulido e axuste das pezas do instrumento<br>**Módulo** 5: Acabado, montaxe, e afinado do instrumento.<br>**Módulo** 6: Técnica básica de interpretación do instrumento.<br>**Módulo** 7: Historia da música galega<br>**Módulo** 8: A organización dun obradoiro artesanal de Instrumentos de vento tradicionais |

| Módulo 1<br>Deseño do instrumento e planificación do traballo.<br>**Asociado á Unidade de Competencia 1: Desenvolver un proxecto propio para a elaboración do instrumento de vento tradicional** |
|---|
| OBXECTIVO XERAL<br>Deseñar e proxectar o instrumento respectando a tradición e incorporando as innovacións tecnolóxicas adecuadas para mellorar a ergonomía, o son e calidade do instrumento |

| Duración: 60 horas | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVOS DE MÓDULO** | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Analizar e comparar información de distintas fontes cunha actitude creativa para definir un deseño personalizado do instrumento<br>Resolver problemas relativos a construción do instrumento a partir dos datos obtidos en distintas fontes.<br>Comprender o desenvolvemento histórico relacionado cos instrumentos de vento tradicionais.<br>Analizar a produción dos principais artesanos relacionados cos instrumentos de vento tradicionais.<br>Analizar os estilos mais relevantes relacionados cos instrumentos de vento tradicionais.<br>Coñecer cales son as fontes de información fiables e relevantes relacionadas cos instrumentos de vento tradicionais.<br>Coñecer os sistemas de representación gráfica mais axeitados a os instrumentos de vento tradicionais. | Escoller, analizar e arquivar documentación e material gráfico de distintas fontes cunha actitude creativa e crítica para definir un deseño personalizado do instrumento de vento tradicional.<br>Idear deseños propios respectando os antecedentes históricos e as necesidades sonoras de instrumento de vento tradicional.<br>Determinar as especificacións formais, estéticas, técnicas, do instrumento de vento tradicional. a partir de información recompilada e avaliada para concretar a execución do mesmo.<br>Realizar deseños propios respectando as esixencias do instrumento, a tradición e incorporando innovacións, materiais e tecnoloxías actuais<br>Definir o plan de elaboración do instrumento, temporalizando as diferentes fases e decidindo os materiais a empregar, en condicións de seguridade laboral e protección medioambiental, para conseguir un entorno de traballo organizado, seguro e produtivo<br>Utilizar con precisión instrumentos de medición.<br>Localizar os materiais adecuados para o proxecto.<br>Documentar o deseño a través da memoria e presuposto para analizar e valorar a viabilidade da produción | Manter unha actitude de búsqueda e documentación que permita ampliar coñecementos e información complementaria para empregalo no seu traballo.<br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado.<br>Demostrar flexibilidade para entender os cambios.<br>Demostrar creatividade no desenrolo do traballo que realiza.<br>Habitos de documentación, indagación e búsqueda de ideas aplicabeis no desenvolvemento da obra persoal.<br>Actitude creativa, aberta os cambios e innovacións, en búsqueda de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais.<br>Valorar a tradición e a historia como fontes de insopiración a partir das que sustentar o proceso creativo<br>Interpretar e dar resposta ás demandas dos clientes |
| Criterios de avaliación | | |
| Elaborar un proxecto de instrumento tradicional de vento, onde se definan as características estruturais e estéticas en base á documentación recompilada e que reflicte as expectativas sonoras do mesmo, aportando os planos que servirán de guía para a súa construción, cunha secuenciación lóxica e ordenada das fases de produción e una selección adecuada dos materiais a empregar. | | |
| CONTIDOS | | |
| 1. Información e antecedentes para proxectos de instrumentos musicais de vento tradicionais. | | |

- Definición das características estruturais do instrumento.
- Tipoloxía dos instrumentos musicais tradicionais.
- Selección de información. Cualidades dos instrumentos musicais: a forma, os usos estéticos; funcións básicas e accesorias, e esixencias acústicas.

2. Estrutura de proxectos de construción de instrumentos musicais
    - Requirimentos iniciais, control da información. Planificación e seguimento de procesos de proxectación: metodoloxía e descrición
    - proceso de proxectación: intuición e método.
    - Unidade e coherencia formal e informativa en presentación de proxectos.
3. Elementos estruturais dun instrumento musical tradicional de vento.
    - Estudo das características estruturais dun instrumento musical tradicional de vento: compoñentes en función das partes do instrumento musical, materiais convencionais e innovadores, clasificación de especificacións.
4. Elementos sonoros dun instrumento musical de vento.
    - Acústica e son: timbre, ton, color, tesitura.
    - Técnicas de análise de especificacións: relación entre os elementos, materiais e pezas.
5. Técnicas de representación gráfica para deseño de instrumentos musicais
    - Selección de sistemas de representación na determinación de formas e estruturas: debuxo e recursos gráficos de descrición
    - Uso de equipamentos informáticos no tratamento de gráficos: programas de soporte, bases de datos en internet.
    - Recompilación de datos acerca de sistemas de representación: valores funcionais, comunicativos e estéticos; influencia do deseño no desenvolvemento e evolución dos referentes musicais e instrumentos musicais.
6. Organización:
    - Secuencia e ordenación das fases de produción .
    - Selección de materiais e tecnoloxía: prestacións de materiais tradicionais e innovadores.
7. Ferramentas dixitais para a búsqueda, organización e xestión da información na rede:
    - Marcadores de Favoritos
    - Lectores de RSS
    - Sistemas de curación de contidos
8. O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade

## Módulo 2

## Preparación e afiado de ferramenta específica

Asociado á **Unidade de Competencia** 2: Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos de vento tradicionais.

| OBXECTIVO XERAL |
|---|
| Dispoñer de ferramenta, maquinaria e útiles necesarios, en condicións de seguridade laboral e protección medioambiental, para utilizalas na elaboración do instrumento con eficiencia e seguridade. |
| Duración: 80 horas |

| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
|---|---|---|
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| | Elaborar ferramenta específica non comercial, aplicando as normas de seguridade laboral e protección ambiental, para un desenvolvemento adecuado do traballo<br>Afiar e asentar ferramenta, aplicando as normas de seguridade laboral e protección ambiental, para un desenvolvemento adecuado do traballo<br>Elaborar soportes específicos, non comerciais, identificando as necesidades puntuais, para mellorar a calidade e produtividade<br>Axustar e lubricar maquinaria, en condicións de seguridade laboral e protección medioambiental, para alongar o máximo tempo posible a súa vida útil. | Respectar as normas de seguridade laboral e protección medioambiental.<br>Realizar o traballo en condicións óptimas de organización e limpeza |

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Preparar un xogo completo de ferramentas específicas, con ángulos de corte e afiado correctos.
- Elaborar un xogo completo de útiles específicos, con plena funcionalidade.
- Limpar, lubricar e axustar correctamente a maquinaria.

## CONTIDOS

1. As necesidades de preparación e mantemento das distintas ferramentas do obradoiro
   - Gubias de desbaste, coitelas de tornear.
   - Colocación de mangos e afiado co ángulo correcto de corte segundo os materiais utilizados.
   - Tipos de brocas, afiados e configuración de guías en función da súa utilización.
   - Escariadores para calibrar punteiros, especificacións segundo a tonalidade, afiado.
2. Útiles específicos para determinados procesos da elaboración do instrumento.
   - Soportes de fixación para a elaboración das chaves de ronquilla e chillón, e a cabeza (boquilla) do pito pastoril
   - Contrapunto de madeira para o prato do torno, coa función de arrastre das pezas para o seu torneado.
3. A maquinaria, o mantemento que alongará a súa vida e facilitará o traballo.
   - torno, limpeza, engraxe e axuste. Mantemento de correas e partes móbiles
   - Taladro e serra de cinta. Limpeza, axuste da mesa de coordenadas do taladro e serra de cinta

## Módulo 3

## Realización de preformas con calibre interior e anelas.

Asociado á **Unidade de Competencia** 5: Elaborar e ensamblar as pezas dos instrumentos de vento tradicionais.

### OBXECTIVO XERAL

Elaborar preformas de todas as pezas do instrumento, dimensional, calibradas e aneladas, segundo as directrices do proxecto, empregando os materiais, ferramenta e maquinaria adecuados, para garantir a calidade sonora do instrumento.

Duración: 100 horas

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Resolver problemas ou imprevistos na fase de deseño, axustando ou modificando dimensións, tanto das pezas como das anelas, ou calibre interior, atendendo a criterios de sonoridade e afinación, para conseguir un instrumento de calidade. | Dimensional e calibrar as pezas, interpretando os planos elaborados na fase de proxectación e utilizando a ferramenta axeitada a cada un dos procedementos.<br>Preparar e axustar as anelas, utilizando os materiais, ferramenta e maquinaria axeitadas.<br>Encolar as anelas, co adhesivo axeitado segundo o tipo de material. | Respectar as normas de seguridade laboral e protección medioambiental.<br>Realizar o traballo en condicións óptimas de organización e limpeza.<br>Traballar con rigor e precisión, na busca dun traballo ben feito. |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Elaborar as preformas correctamente calibradas e aneladas, segundo as especificacións do proxecto, das tres pezas dun ronco.
- Elaborar a preforma correctamente calibrada e anelada, segundo as especificacións do proxecto, do punteiro.

### CONTIDOS

1. Interpretación de planos, para ser capar de trasladar á realidade o especificado no proxecto
2. O mecanizado das madeiras. Especificacións para os distintos procedementos construtivos
   - Cilindrado dos tacos de madeira que conformarán o instrumento En base ós diámetros especificados no proxecto.
   - Dimensionado dos tacos cilindrados segundo a peza do instrumento á que vaia destinado
3. Os calibres interiores: a importancia da precisión na elaboración dos tubos sonoros.
   - Calibrado do punteiro segundo as necesidades da tonalidade.
   - Calibrado do interior do resto das pezas. A influencia do diámetro interior na potencia e timbre do son.
4. As anelas: elemento decorativo e de protección.
   - Preparación e axuste das anelas, segundo as especificacións do proxecto e as pezas ás que van destinadas
   - Encolado das anelas, Utilización de distintos tipos de adhesivo segundo os materiais empregados.

# Módulo 4 Torneado, pulido e axuste do instrumento

Asociado á **Unidade de Competencia** 5: Elaborar e ensamblar as pezas dos instrumentos de vento tradicionais.

## OBXECTIVO XERAL

Realizar o torneado e pulido das pezas do instrumento, seguindo o deseño do proxecto e axustar os espigos con cortiza, natural ou sintética, utilizando as ferramentas e materiais axeitados, , para deixalas preparadas para o acabado e montaxe.

Duración: 300 horas

## OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar os planos do proxecto, para decidir as coitelas de tornear máis axeitadas para realizar as formas do torneado exterior, | Realizar o torneado exterior do instrumento, con fidelidade ao deseño do proxecto e empregando a ferramenta axeitada en cada caso, para satisfacer as demandas estéticas do cliente.<br>Realizar o pulido das pezas do instrumento, utilizando as lixas adecuadas e con criterios de calidade, para obter un bo resultado no acabado do instrumento.<br>Realizar o encortizado e axuste das cortizas nos espigos, utilizando materiais de alta calidade, para facilitar o encaixe das pezas e a afinación do instrumento. | Respectar as normas de seguridade laboral e protección medioambiental.<br>Realizar o traballo en condicións óptimas de organización e limpeza.<br>Traballar con rigor e precisión, na busca dun traballo ben feito. |

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Elaborar o torneado e pulido das tres pezas do ronco, axustándose ás especificacións reflectidas no proxecto, empregando as ferramentas e elementos de pulido axeitados.
- Elaborar o torneado e pulido do punteiro, axustándose ás especificacións reflectidas no proxecto, empregando as ferramentas e elementos de pulido axeitados.
- Colocar as cortizas (naturais ou sintéticas) nas pezas elaboradas, Realizando o axuste necesario, segundo sexan espigos de afinación (deslizantes) ou de fixación, empregando as lixas axeitadas.

## CONTIDOS

1. Interpretación de planos, para ser capar de trasladar á realidade o especificado no proxecto
2. O torneado como elemento decorativo do instrumento
3. O torneado como parte esencial da afinación do instrumento.
   - A relación entre torneado exterior e calibre interior para conquerir una boa afinación do instrumento.
   - A relación entre torneado exterior e o diámetro e posición dos furados tonais para conquerir una boa afinación.
4. Elementos de pulido, indispensables para un remate axeitado do instrumento.

- Tipoloxía das lixas e lás metálicas.
- Utilización de lixas e lás metálicas para un pulido adecuado.

5. A cortiza nos espigos, a utilización de elementos naturais tradicionais e a incorporación de elementos actuais sintéticos.

- Colocación de cortizas naturais ou sintéticas segundo a súa funcionalidade.

Axuste das cortizas con diferente nivel de presión, segundo se trate de espigos de afinación ou de fixación.

## Módulo 5

## Acabado, montaxe e afinado do instrumento

Asociado á **Unidade de Competencia** 6 Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento de vento tradicional.

### OBXECTIVO XERAL

Rematar o instrumento de vento tradicional, con criterios de calidade sonora e estética, que garantan a súa funcionalidade como instrumento musical profesional e satisfaga as expectativas estéticas do músico-cliente.

Duración: 90 horas

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Valorar posibles defectos de afinación, con criterios de calidade, para efectuar os retoques adecuados para a súa resolución. | Realizar o acabado do instrumento, aplicando os produto máis axeitados en cada caso, para conseguir un instrumento visualmente atractivo.<br>Realizar a montaxe do instrumento, incorporando o fol e complementos estéticos, para satisfacer as expectativas do cliente.<br>Realizar o axuste final de afinación, aplicando ás técnicas axeitadas e seguindo criterios de calidade sonora segundo os estándares da afinación moderna. | Respectar as normas de seguridade laboral e protección medioambiental.<br>Realizar o traballo en condicións óptimas de organización e limpeza.<br>Traballar con rigor e precisión, na busca dun traballo ben feito. |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Aplicar o selado do poro e acabado das tres pezas do ronco (ceras ou verniz natural), acadando un nivel alto de calidade.
- Montar todas as buxas no fol sen que existan perdas de ar.
- Recoñecer os diferentes tipos de fol.
- Colocar correctamente os elementos textis do instrumento.
- Empalletar un punteiro con criterios de afinación e dureza da palleta, para ser tocado

### CONTIDOS

1. O acabado. A importancia dunha presentación axeitada do instrumento rematado.
   - Selado do poro natural da madeira mediante a aplicación de tapaporos nitrocelulósico.
   - Acabado do instrumento mediante a aplicación de ceras ou vernices naturais.
2. O fol. Tipoloxía e montaxe.
   - Tipoloxía do fol, materiais, formas e volumes.
   - Montaxe das buxas no fol. Técnicas para evitar perdidas de ar.
3. Elementos textis: vestido, farrapos e borlas.
   - Ornamentación do instrumento seguindo as directrices do músico-cliente.
4. Os elementos produtores de son: palletas e pallóns.
   - Empalletado do punteiro. Preparación da palleta para una correcta afinación e adaptación da mesma ás necesidades e particularidades do músico-cliente.
   - Os pallóns: ronco, ronqueta e chión, colocación e adaptación ás necesidades de dureza do músico-cliente.

## Módulo 6

## Técnica básica de interpretación do instrumento.

Asociado á **Unidade de Competencia** 7: Aplicar técnicas básicas de interpretación.

### OBXECTIVO XERAL

Interpretar melodías de nivel básico e controlar o tempero do fol, con seguridade no manexo do fol, que nos permita afinar o instrumento, para ofrecer, ó músico-cliente, un instrumento de calidade.

Duración: 30 horas

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| | Executar exercicios e escalas ascendentes e descendentes, con seguridade, para sentar as bases da futura interpretación de melodías.<br><br>Aplicar una correcta ergonomía no instrumento, co fin de aproveitar ó máximo os recursos, tanto do propio instrumento como os persoais<br><br>Controlar o tempero do fol con naturalidade, para manter una liña de son estable e sen variacións.<br><br>Interpretar melodías de baixa dificultade con soltura e seguridade, para ser capaz de identificar una correcta afinación do instrumento. | Mostrar disposición ó aprendizaxe, con actitude positiva e esforzo personal, para lograr un mellor desenvolvimento no proceso de aprendizaxe.<br><br>Continuar a búsqueda de coñecementos de xeito personal.<br><br>Actitud positiva y de disfrute hacia las manifestaciones musicales |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Colocar correctamente os dedos no instrumento.
- Executar escalas ascendentes e descendentes sen erros.
- Colocar o instrumento correctamente con relación o corpo.
- Executar una nota mantida no tempo, aplicando a técnica do tempero, sen oscilacións.
- Interpretar dúas melodías de nivel básico, sen erros.

CONTIDOS

1. Ergonomía na frauta rectificada.
   - A posición correcta do corpo para un aproveitamento adecuado dos recursos persoais
   - A posición correcta dos dedos no instrumento
2. Exercicios de dixitación, para a memorización da posición dos dedos e a consecución dun son claro e nítido.
   - Escalas ascendentes e descendentes de posicións correlativas con frauta rectificada.
   - Escalas ascendentes e descendentes de posición salteadas de diferentes tipos con frauta rectificada.
3. Interpretación de melodías de nivel básico con frauta rectificada.
   - Interpretación de melodías moi sinxelas, incrementando o grao de dificultade ata alcanzar un nivel básico de interpretación.
4. Ergonomía na gaita.
   - A posición correcta do corpo para un aproveitamento adecuado dos recursos persoais
   - 9A posición da gaita en relación co corpo, para o aproveitamento efectivo do ar almacenado no fol, e una correcta posición do punteiro que nos permita una correcta dixitación
5. O tempero. O dominio do ar a través do fol.
   - Exercicios con notas mantidas, coas que se busca o dominio do fol para evitar as oscilacións do son por distintas presións de ar.
6. Interpretación de melodías de nivel básico con gaita.
   - Interpretación das melodías aprendidas coa frauta rectificada na gaita, aplicando a ergonomía e técnicas de dixitación e tempero.

# Módulo 7

# Historia da música galega

Asociado á **Unidade de Competencia**. 1: Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos de vento tradicionais

OBXECTIVO XERAL

Valorar os distintos momentos evolutivos dos instrumentos de vento tradicionais, como fonte de inspiración do noso traballo, tanto a nivel técnico como expresivo.

## Duración: 30 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Distinguir as etapas da evolución dos instrumentos de vento tradicionalmente as súas | Ordenar as distintas etapas da evolución dos instrumentos identificando a aparición das | Apreciar as etapas dos séculos XIX e XX para fundamentar os procesos de deseño persoais |

| | | |
|---|---|---|
| orixes ata a actualidade, para poder identificar os distintos momentos históricos que provocaron un cambio.<br><br>Comparar a evolución da gaita en nas diferentes bisbarras de Galicia, Para poder entender o presente da mesma.<br><br>Analizar o traballo e evolución de artesáns relevantes na construción de instrumentos de vento tradicionais para comprender o proceso evolutivo e creativo e conformar unha conciencia propia. | distintas escolas de construción | Acostumarse a diferenciar as distintas tipoloxías para poder valorar esta herdanza aínda viva<br><br>Acostumarse a empregar as técnicas de deseño e construtivas para conseguir maior excelencia nos produtos elaborados.<br><br>Valorar as distintas evoluciones propostas para comezar a comprender a evolución persoal. |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer as distintas etapas da evolución da música en Galicia
- Distinguir as distintas etapas da evolución dos instrumentos.
- Identificar as diferentes escolas de construción
- Identificar cinco persoeiros relevantes da conservación e divulgación da música galega no século XX.
- Identificar cinco artesáns das novas xeracións (finais do século XX – principios do século XXI)

## CONTIDOS

**1. A MÚSICA MEDIEVAL. O CÓDICE CALIXTINO**

Contexto histórico socio-político. Descrición do Códice e os seus libros, composición e autores. Audición de varios dos cantos. A polifonía medieval e as súas escolas. A música dos peregrinos e os seus cantos. As referencias sobre instrumentos.

**2. A MÚSICA MEDIEVAL. A LÍRICA TROBADORESCA GALAICO-PORTUGUESA**

Os cancioneiros. Os principais autores. Trobadores, xograres e segreis. Xéneros dos textos. Comparación coa lírica provenzal e os seus autores .Martín Códax e Meendinho. Os instrumentos dos trobadores. O relato romántico da lírica medieval e o neotrobadorismo. As repercusións no Rexurdimento. Audición.

**3. A MÚSICA MEDIEVAL. AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA**

Contexto relixioso e o culto mariano. Semblanza de Alfonso X. Os cancioneiros. Xéneros das cantigas. As miniaturas e os instrumentos. As reinterpretacións contemporáneas. As escolas de interpretación, presentistas, historicistas.

**4. RENACEMENTO E BARROCO**

Os cancioneiros renacentistas e os vilancicos. A música nas capelas catedralicias. A reforma e contrarreforma. Ideas básicas sobre o Barroco musical en Galicia. A música na catedral de Santiago. A reforma e contrarreforma. Principais compositores. A obra de Frei José de Vaquedano.

**5. O CLASICISMO**

A Ilustración en Galicia. A ópera italiana. Frei Benito Feijoo e Martín Sarmiento. Principais compositores. Buono Chiodi e a súa obra. A orquestra da catedral de Santiago no clasicismo. A pervivencia dos usos clasicistas na música posterior ao sec. XVIII.

**6. O VILANCICO GALEGO.**

Traballo de Carlos Villanueva. A música popular na Igrexa. O itinerario do vilancico. Vilancicos de galegos en España e América. Principais autores en Santiago, Mondoñedo, Tui e Ourense. Melchor López e a súa obra.

**7. O NACIONALISMO MUSICAL.**

A relixión e o nacemento do nacionalismo musical. Contexto socio-político do séc. XIX. O rexeneracionismo estético de Pedrell. A revisión culta da música de tradición oral. A creación do relato histórico e o mito céltico. Montes, Veiga, Chané; vida e obra. Os compositores menos coñecidos.

**8. COMPOSITORES E INTÉRPRETES NA TRANSICIÓN DO XIX AO XX.**

Manuel Quiroga. Andrés Gaos. Pepito Arriola. Soutullo. As súas vidas e a súa obra.A súa relación coa música de tradición oral. A recreación culta dos materiais da compilación.

**9. OS COROS GALEGOS.**

Movemento dos coros Clavé. A creación dos primeiros orfeóns en Galicia. Orfeóns, corais polifónicas, diferencias e repertorio. A relación do coralismo coa política e o rexurdimento. A sociedade Coral Polifónica de Pontevedra. Perfecto Feijoo e Aires da Terra. O movemento dos coros Feijoo e a súa evolución. Cantigas da Terra, a Coral de Ruada, Toxos e Froles.

**10. A COMPILACIÓN DA TRADICIÓN ORAL. OS CANCIONEIROS.**

Precedentes da compilación da música tradicional no século XIX. Inzenga, Marcial de Valladares, Marcial del Adalid. A figura de Casto Sampedro e a Sociedade arqueolóxica. Victor Said e o cancioneiro Sampedro. O relato da elaboración. O cancioneiro de Torner e Gay. Xesús Bal e Gay e a súa obra. Diferencias entre os dous. O Cancioneiro Feijoo publicado por J. L. Calle. Os traballos de Daniel González e García Matos. As gravacións de Alan Lomax. Dorothe Schubarth e o seu cancioneiro.

**11.A MÚSICA TRADICIONAL DA PREGUERRA.**

Os estudios de Tafall e Oviedo Arce.A música de gaita na preguerra. Intérpretes famosos e os seus estilos. A música de baile e a transformación dos bailes agarrados. Os gaiteiros de Soutelo. Avelino Cachafeiro. A construción do mito. A vida dos Gaiteiros de Soutelo.

**12. A MÚSICA TRADICIONAL NA POSGUERRA**

Os campaneiros de Vilagarcía, estilo e composicións. A personalidade de Xosé O Campaneiro. Os Morenos de Lavadores. Os Coros e danzas da sección feminina Faustino Santalices e a recuperación da zanfona. Brisas da Coruña, os Tempranos de Eirís. Adolfo Anta Seoane e Saturnino Cuiñas.

**13. A MÚSICA GALEGA NA EMIGRACIÓN.**

Músicos galegos en Buenos Aires, Caracas e A Habana. Castor Cachafeiro. Manuel Dopazo Gontade. Os Gaiteiros de Villaverde. Los Monfortinos. As modernas reinterpretacións do folk celta na Arxentina. O patrimonio sonoro da emigración e a súa catalogación.

**14. OS GAITEIROS DA TRANSICIÓN.**

Ricardo Portela. Biografía. Estilo. O toque pechado. Nazario González "Moxenas". As reflexións sobre a nova música folk. O ensino da música tradicional. A creación do Obradoiro da Universidade Popular.

**15. A NOVA CANCIÓN GALEGA.**

Voces Ceibes. Literatura popular e canción galega de autor. Os círculos universitarios nos derradeiros tempos do franquismo. A conexión portuguesa. Relacións entre a "canción protesta" e os grupos "folclóricos" nos anos 70. O nacemento do concepto "folk".

**16. MÚSICA DE TRADICIÓN ORAL E MÚSICA FOLK ENTRE 1980 E 1990.**

Os precursores do movemento folk: Fuxan Os Ventos. Os movementos folks en Europa: Francia, Irlanda.. A recreación do celtismo: Emilio Cao. A mítica neomedieval: Doa. A fusión e a internacionalización: Milladoiro. Outros enfoques: Na Lúa. A proxección ao mercado de consumo e a industria discográfica.

**17. A SEGUNDA XERACIÓN. A DÉCADA DOS 90.**

A nova rexeneración: os grupos de recollida de campo e os grupos de pandereteiras. Treixadura. Leilía. A consolidación do mercado: Carlos Núñez. Berrogüetto. Luar na Lubre. A música folk galega na discografía europea e americana. A muller na música folk: Susana Seivane, Mercedes Peón, Cristina Pato.

**18. OS CONSTRUCTORES DE INSTRUMENTOS.**

O autodidactismo. Paulino Pérez, Amadeo Goyanes, Basilio Carril, Antón Corral, Xosé Seivane. Os construtores da nova xeración.

# Módulo 8

## A organización dun obradoiro artesanal de Instrumentos de vento tradicionais

**Asociado á Unidade de Competencia X Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal**

### OBXECTIVO XERAL

Definir, organizar e estruturar a actividade dun obradoiro de XXXX garantindo os procesos creativos e o mellor rendemento en condicións de seguridade e hixiene

**Duración: 40 horas**

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| **Conceptuais** | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar as tarefas dun obradoiro de instrumentos de vento tradicionais. para identificar as necesidades de espazos, materiais, ferramenta, maquinaria<br><br>Enumerar as tarefas de mantemento, para identificar e previr posibles problemas<br><br>Coñecer as distintas normativas para extraer conclusións acerca do risco de certos procesos<br><br>Identificar as tarefas que conleven unha promoción do produto para estruturar o marketing.<br><br>Coñecer a normativa relacionada cos dereitos de autor. | Optimizar as areas dun obradoiro de instrumentos de vento tradicionais., para poder realizar o traballo con fluidez optimizando os procesos<br><br>Realizar tarefas de mantemento de maquinaria e ferramenta, para acadar o seu perfecto funcionamento<br><br>Aplicar as normativas relacionada coa actividade para controlar posíbeis alteracións<br><br>Practicar actividades promocionais para elaborar unha estratexia de mercado<br><br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais ou presenciais. | Cumprir a normativa que regula as realizacións da actividade<br><br>Responsabilizarse do traballo que desenvolve.<br><br>Valorar unha boa distribución das areas dun obradoiro, para facilitar o proceso produtivo<br><br>Aceptar as tarefas de mantemento, como parte esencial do proceso de traballo<br><br>Acostumarse a ter sempre presente as normativas para non correr riscos innecesarios<br><br>Interesarse por coñecer as posibilidades mercado como practica imprescindible.<br><br>Actitude positiva, aberta o disfrute<br><br>persoal a través da execución do traballo como estratexia facilitadora da creatividade e o bo facer<br><br>Colaborar e relacionarse con afabilidade con compañeiros e clientes para facilitar o traballo e acadar mellores resultados.<br><br>Respectar e defender a autoría e os dereitos de autor |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Cumprir con regularidade as normas de seguridade e hixiene no seu traballo diario no obradoiro.
- Elaborar un proxecto conxunto para a montaxe dunha exposición.
- Manter o espazo de traballo limpo e ordenado.
- Elaborar un proxecto de montaxe dun obradoiro de instrumentos, respectando a normativa vixente.

### CONTIDOS

- Distribución de espazos recomendacións e normativa relacionada cun obradoiro artesanal de instrumentos de vento tradicionais.

- Seguridade e hixiene no traballo aplicable á artesanía
- Normativa de seguridade e hixiene no traballo relacionada cos talleres artesanais.
- Toxicidade e perigosidade dos produtos artesáns
- Os dereitos de autor, Licencias Creative Commons
- Calendario de feiras e eventos relevantes relacionados con instrumentos de vento tradicionais.
- Redes sociais e comunidades virtuais relacionadas con instrumentos de vento tradicionais.
- Identidade dixital eNetiqueta

# Anexo IV-C CAIM Gaita – Temporalización e Secuenciación por cursos

| Currículum normal: 700 horas + 170 complementarias = 870 horas. Currículum extendido (con nivel avanzado): 940 horas | | | |
|---|---|---|---|
| | Duración total | Criterios de selección de contidos | |
| | | Primeiro | Segundo |
| Módulo 1 | 60 | Información e antecedentes para proxectos de instrumentos musicais de vento tradicionais.<br>Estrutura de proxectos de construción de instrumentos musicais<br>Elementos estruturais dun instrumento musical tradicional de vento.<br>Elementos sonoros dun instrumento musical de vento.<br>Técnicas de representación gráfica para deseño de instrumentos musicais<br>Organización<br>Ferramentas dixitais para a búsqueda, organización e xestión da información na rede<br>O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade | Elementos estructurais dun instrumento musical tradicional de vento.<br>Elementos sonoros dun instrumento musical de vento.<br>Organización.<br>Ferramentas dixitais para a búsqueda, organización e xestión da información na rede<br>O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade |
| Módulo 2 | 80 | As necesidades de preparación e mantemento das distintas ferramentas do obradoiro.<br>Útiles específicos para determinados procesos da elaboración do instrumento.<br>A maquinaria, o mantemento que alongará a súa vida e facilitará o traballo | As necesidades de preparación e mantemento das distintas ferramentas do obradoiro.<br>Trebellos específicos para determinados procesos da elaboración do instrumento.<br>A maquinaria, o mantemento que alongará a súa vida e facilitará o traballo |
| Módulo 3 | 100 | Interpretación de planos, para ser capar de trasladar á realidade o especificado no proxecto. | O mecanizado das madeiras.<br>Os calibres interiores: a importancia da precisión |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | O mecanizado das madeiras.<br>Os calibres interiores: a importancia da precisión na elaboración dos tubos sonoros.<br>Calibrado do interior do resto das pezas. A influencia do diámetro interior na potencia e timbre do son.<br>As anelas: elemento decorativo e de protección. | na elaboración dos tubos sonoros.<br>Calibrado do punteiro segundo as necesidades da tonalidade.<br>As anelas: elemento decorativo e de protección. |
| Módulo 4 | 300 | Interpretación de planos, para ser capar de trasladar á realidade o especificado no proxecto.<br>O torneado como parte esencial da afinación do instrumento.<br>Elementos de pulido, indispensables para un remate axeitado do instrumento.<br>A cortiza nos espigos, a utilización de elementos naturais tradicionais e a incorporación de elementos actuais sintéticos. | O torneado como elemento decorativo do instrumento<br>A cortiza nos espigos, a utilización de elementos naturais tradicionais e a incorporación de elementos actuais sintéticos.<br>Axuste das cortizas con diferente nivel de presión, segundo se trate de espigos de afinación ou de fixación |
| Módulo 5 | 90 | Os elementos produtores de son: palletas e pallóns.<br>O fol. Tipoloxía e montaxe. | Elementos textis: vestido, farrapos e borlas.<br>O acabado. A importancia dunha presentación axeitada do instrumento rematado. |
| Módulo 6 | 30 | | Impártese no segundo curso. |
| Módulo 7 | 30 | | Impártese no segundo curso. |
| Módulo 8 | 40 | | Impártese no segundo curso. |

# Anexo V Pintura



# Anexo V-A Pintura – Perfil Profesional

## Pintura

COMPETENCIA XERAL

Traballar con distintas técnicas e soportes pictóricos empregando as leis compositivas.

## UNIDADES DE COMPETENCIA

**Unidade de Competencia 1**: Idear e proxectar obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico.

**Unidade de Competencia 2**: Traballar con distintas técnicas de cor para realizar a obra.

**Unidade de Competencia 3**: Elixir e preparar o soporte adecuado a cada técnica.

**Unidade de Competencia 4**: Empregar o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético, tanto para pezas individuais e únicas como grupais e instalacións.

**Unidade de Competencia 5:** Organizar a actividade dun obradoiro de pintura.

## Unidade de Competencia 1
## Idear e proxectar obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico.

REALIZACIÓNS

Obter información a través de recursos, dixitais o non, sobre técnicas, antecedentes históricos, materiais, procesos, obras e artistas; para xerar ideas e criterios configuradores da obra e estilo persoais.
Representar mediante apunte rápido a idea da obra que se vai realizar. Bocexar.
Definir as especificacións formais, estéticas, técnicas e materiais da obra: Organizar a imaxe no soporte a partir das leis compositivas, definir o campo cromático a partindo da teoría da cor.
Definir o plan de elaboración da obra a partir das súas especificacións determinando as fases, os tempos e procedementos de control de calidade e seguridade para garantir a execución nas condicións previstas.
Elaborar o orzamento da obra que se vai realizar calculando os custes para decidir a súa rendibilidade e viabilidade.

Medios de Produción

| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
|---|---|---|---|
| Biblioteca, libretas de apuntes, ordenador, centros de arte. | | Plan de obra. | Xera apuntes e anotacións para mellorar a obra. |

## Unidade de Competencia 2
## Realizar traballos pictóricos empregando diferentes técnicas de cor

REALIZACIÓNS

Realizar obras pictóricas con PASTEL.

Realizar obras pictóricas coa ACUARELA.

Realizar obras pictóricas con ACRÍLICO e TÉCNICAS MIXTAS.

| | | | |
|---|---|---|---|
| Realizar obras pictóricas con ÓLEO.<br>Realizar obras con *COLLAGE.* | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| Realiza obras pictóricas con PASTEL | | | |
| Barras e lápices de pastel e papel específico para pastel, así como outros non específicos. | Os dedos e difuminos. | Pezas sobre distintos soportes con pastel. | Libros sobre técnicas de pastel visualizacións en museos.<br>Xera tanto apuntes e bosquexos en pastel en distintos soportes, como reflexións realizadas tanto en grupo como individuais para afianzar coñecementos. |
| Realiza obras pictóricas coa ACUARELA. | | | |
| Acuarelas en tubo e lápices acuarelables. | Pinceis, esponxa, espátulas e distintos tipos de útiles trazadores. | Acuarelas sobre papel cun gramaxe óptimo. | Libros sobre técnicas de *acuarela. Exposicións* en museos y galerías de arte.<br>Xera apuntes e bosquexos sobre o traballo con acuarela en distintos soportes, Reflexións realizadas tanto en grupo como individuais. |
| Realiza obras pictóricas con ACRÍLICO e TÉCNICAS MIXTAS. | | | |
| Pigmentos en pó con Alfil así como rotuladores e botes de acrílico.<br>Materiais de carga e extrapictóricos.<br>Distintos soportes. | Diversos útiles trazadores e regras. Cizalla. | Pezas realizadas en acrílico e técnicas mixtas sobre soportes diversos como: papel, cartón, lenzo, acetato e madeira. | Libros sobre técnicas de *acrílico y técnicas mixtas. Exposicións* en museos y galerías de arte.<br>Xera apuntes e bosquexos sobre o traballo con acrílico y técnicas mixtas en distintos soportes, Reflexións realizadas tanto en grupo como individuais. |
| Realiza obras pictóricas con ÓLEO. | | | |
| Óleo en tubo e barras de óleo.<br>Lenzo | Pinceis, espátulas e distintos tipos de útiles trazadores. | Óleo sobre lenzo. | Libros sobre técnicas de *óleo. Exposicións* en museos y galerías de arte.<br>Xera apuntes e bosquexos sobre o traballo con óleo en distintos soportes, Reflexións realizadas tanto en grupo como individuais. |
| Realiza obras con *COLLAGE.* | | | |
| Papel, materiais extrapictóricos, tesoiras, recortes de periódicos e revistas. | Tesoira, cuter e as mans para recortar. | *Collage* con diversos materiais. | Libros sobre técnicas de *collage Exposicións* en museos y galerías de arte.<br>Xera apuntes e bosquexos sobre o traballo co *collage* en distintos soportes, Reflexións realizadas tanto en grupo como individuais. |

## Unidade de Competencia 3

## Elixir e preparar o soporte adecuado a a técnica pictórica que se vai a utilizar

| REALIZACIÓNS |
|---|
| Traballa con lenzo e aprende a montar a tela co bastidor.<br>Traballa con distintos papeis e cartóns.<br>Traballa con madeiras e táblex.<br>Traballa con acetato.<br>Traballa con pranchas de metal. |

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| Acetatos de distintos grosores. | Cutter, cizalla e regulas e rotuladores. | Traballa coas coas técnicas de acrílico e técnicas mixtas co soporte de acetato. | Apuntes dados na aula. Fichas onde vese a súa facilidade ou non de emprego co acrílico e as técnicas mixtas.<br>Visita centros de arte. |

## Unidade de Competencia 4

## Empregar o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético.

| REALIZACIÓNS |
|---|
| Empregar o pensamento crítico na obtención de singularidades artísticas.<br>Resolver problemas de carácter formal en obra propia.<br>Valorar obras alleas mediante os coñecementos estéticos. |

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| | | Pezas individuais. | Información propia que pode verse reflectida no libro de bosquexos |

## Unidade de Competencia 5

## Organizar a actividade dun obradoiro de pintura

| REALIZACIÓNS |
|---|
| Coñecer as necesidades do mercado para poder promocionar o seu traballo.<br>Elaborar un dossier que recolla a obra e o seu proceso de execución e permita presentar a galeristas e dirección de museos.<br>Participar en feiras de arte e exposicións co fin de divulgar e compartir o traballo.<br>Realizar a instalación de exposicións con criterios de calidade.<br>Realizar a instalación de exposicións con criterios de calidade.<br>Distribuír as áreas imprescindibles dun obradoiro de Pintura, respectando a lexislación de seguridade específicas para cada tipo de proceso e garantindo eficacia e eficiencia dos procesos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Respectar as normas de seguridade e hixiene, interpretando correctamente as fichas técnicas e de seguridade de tódalas materias primas existentes no obradoiro.<br>Empregar os útiles e ferramentas de traballo respectando as instrucións de uso, limpeza e mantemento para asegurar a súa conservación e garantir a normativa sobre riscos laborais e xestión ambiental. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| Mascarillas e luvas<br>Materiais para a montaxe de exposicións | Dispositivos dixitais.<br>Ordenador, internet, Todo tipo de dispositivos dixitais | Dossier<br>e-portfolio<br>Exposición<br>Publicidade,<br>Recoñecemento do traballo persoal<br>Continuar aprendendo | Blogs e páxinas web<br>Notas, trucos, consellos e ideas.<br>Información en xeral.<br>Normativa e recomendacións sobre seguridade, hixiene e protección individual.<br>Normativa e recomendacións relacionadas coa conservación do medio ambiente.<br>Fichas técnicas de materiais |

# Anexo V-B Pintura – Referente Formativo

| Pintura |
|---|
| Duración: 525 h + 60 h complementarias |
| Competencias Formativas |
| **Unidade de Competencia 1**: Idear e proxectar obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico.<br>**Unidade de Competencia 2**: Traballar con distintas técnicas de cor para realizar a obra.<br>**Unidade de Competencia 3**: Elixir e preparar o soporte adecuado a cada técnica.<br>**Unidade de Competencia 4**: Empregar o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético, tanto para pezas individuais e únicas como grupais e instalacións.<br>**Unidade de Competencia 5:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro de Pintura. |
| Obxectivo xeral |
| Concibir e interpretar proxectos de pintura artística e desenvolvelos empregando distintas técnicas do pictóricas, manexando con precisión os procedementos e os útiles.<br>Empregar o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético. |
| Módulos Formativos |
| **Módulo 1**. Produción de obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico, co pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético.<br>**Módulo 2** Técnicas de cor: técnicas secas e técnicas húmidas.<br>**Módulo 3** A representación pictórica nos distintos soportes.<br>**Módulo 4** Historia da arte.<br>**Módulo 5.** A normativa do obradoiro e riscos laborais. |

| Módulo 1: Produción de obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico, empregando o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético.<br>Asociado á<br>**Unidade de Competencia** 1: Idear e proxectar obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico.<br>**Unidade de Competencia 4**: Empregar o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético, tanto para pezas individuais e únicas como grupais e instalacións. |
|---|
| OBXECTIVO XERAL |
| Idear e proxectar obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico, tendo como referente os antecedentes históricos. |
| Duración: 148 horas |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO |

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Comprender o desenvolvemento histórico relacionado coa Pintura.<br><br>Comprender as teorías de pesos visuais e compositiva.<br><br>Comprender as leis de perspectiva.<br><br>Identificar os aspectos artísticos, formais, funcionais e técnicos dun proxecto<br><br>de pintura.<br><br>Coñecer os sistemas de representación gráfica máis axeitados á Pintura. | Escoller, analizar e arquivar a documentación e material gráfico de referencia para a realización de obras.<br><br>Usar criterios estéticos e técnicos para xerar imaxes de potencia.<br><br>Empregar a cor a partir do coñecemento da teoría da cor para facer composicións equilibradas.<br><br>Rematar os bosquexos para acadar o criterio de calidade desexado.<br><br>Resolver problemas de carácter formal para xerar unha obra propia.<br><br>Elaborar unha aproximación tanto plana como bidimensional e tridimensional, como primeiro paso da aproximación física a peza final.<br><br>Realizar composicións axeitadas a partir do emprego das distintas técnicas e os soportes, obtendo unha imaxe con efecto de unidade e orde.<br><br>Empregar a teoría de pesos visuais para obter unha obra equilibrada.<br><br>Xerar espazos con profundidade empregando as leis de perspectiva. | Manter unha actitude creativa aberta sos cambios e innovacións en búsqueda de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais.<br>Ter hábitos de documentación, indagación e busca de ideas aplicables ao desenvolvemento da obra persoal.<br>Colaborar, prestar o material e facer que as ideas poidan fluír.<br>Coidar e empregar o material garantindo a súa boa conservación.<br>Posuír un pensamento crítico deixando aparte o concepto de "gusto", para obter singularidades artísticas individuais.<br>Valorar obras alleas mediante os coñecementos estéticos para xerar obra. |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Realizar composicións propias onde de aparezan acronías e harmonías, tendo en conta o círculo cromático.
- Facer unha composición na que o peso visual e os distintas leis compositivas organicen os elementos no soporte, obtendo unha imaxe con efecto de unidade e orde.
- Empregar a teoría de pesos visuais para obter unha obra equilibrada, e xerar espazos con profundidade empregando as leis de perspectiva
- Facer obras con criterio estético, e rematar os bosquexos para acadar o criterio de calidade desexado.
- Resolver problemas de carácter formal para xerar unha obra propia.
- - Ter hábitos de documentación, indagación e busca de ideas aplicables ao desenvolvemento da obra persoal.
- Manter unha actitude creativa aberta aos cambios e innovacións en procura de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais.
- Valorar obras alleas mediante os coñecementos estéticos para xerar obra.
- Coidar e empregar o material garantindo a súa boa conservación.

| CONTIDOS |
|---|
| 1. Teoría da cor.<br>2. O círculo cromático e os conceptos de acromía e harmonía<br>3. A perspectiva euclidiana: o espazo en perspectiva e profundidade.<br>4. A composición: relación figura e fondo.<br>5. Os pesos visuais nunha composición: peso, simetría e ritmo.<br>6. Equilibrio: contrate e harmonía Dinamismo e movemento.<br>7. Ferramentas dixitais para a procura, organización e xestión da información na rede:<br>• Marcadores de Favoritos<br>• Lectores de RSS<br>• Sistemas de curación de contidos<br>8. O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade |

## Módulo 2: Técnicas de cor: técnicas secas e técnicas húmidas.

Asociado á

**Unidade de Competencia** 2: Traballar con distintas técnicas de cor para realizar a obra.

**Unidade de de Competencia 3**: Elixir e preparar o soporte adecuado a cada técnica.

| OBXECTIVO XERAL |
|---|
| Traballar coas distintas técnicas e procedementos pictóricos na realización de obras bidimensionais. |
| Duración: 287 horas |

| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
|---|---|---|
| **Conceptuais** | **Procedimentais** | **Actitudinais** |
| Coñecer as Técnicas húmidas: acuarela, óleo, acrílico.<br>Coñecer as Técnicas secas: pastel e *collage*. | Empregar barras e lápices de pastel e papel específico para pastel, así como outros non específicos, a partir dos dedos e difuminos para xerar obras.<br>Realizar obras coas Acuarelas en tubo e lápices acuarelables, empregando pinceis, esponxa, espátulas e distintos tipos de útiles trazadores.<br>Realizar pezas con ACRÍLICO e TÉCNICAS MIXTAS, e con pigmentos en pó con Alkil así como rotuladores, botes de acrílico,e materiais de carga e extrapictóricos, empregando diversos útiles trazadores.<br>Xerar pezas con Óleo en tubo e barras de óleo, empregando os útiles adecuados.<br>Argallar co *COLLAGE, con diversos materia para xerar* | Posuír unha actitude creativa ante os exercicios propostos.<br>Coidar e empregar o material garantindo a súa boa conservación.<br>Traballar adecuadamente tanto individualmente como en grupo. |

| | | |
|---|---|---|
| | *obras.* | |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| • Coñecer tanto as Técnicas húmidas: acuarela, óleo, acrílico, como Técnicas secas: pastel e *collage*.<br>• Realizar obras na técnica de pastel, empregando as distintas gamas cromáticas.<br>• Realizar acuarelas cos mínimos recursos cunha composición equilibrada en canto a cor.<br>• Realizar obras con acrílico e técnicas mixtas, organizando o espazo dun xeito claro a partir dos distintos esquemas compositivos, e que empregue as técnicas vinculadas aos diferentes estilos que explicáronse na aula.<br>• Realizar obras en óleo e descubrir os distintos procedementos que permite esta técnica.<br>• Realizar obras coa técnica do *collage*, organizando o espazo segundo os distintos materiais.<br>• Posuír unha actitude creativa ante os exercicios propostos.<br>• Coidar e empregar o material garantindo a súa boa conservación.<br>• Traballar adecuadamente tanto individualmente como en grupo. |
| CONTIDOS |
| 1. O pastel como técnica seca: aplicación do pastel no soporte. Tipos de barras e lapis de pastel. Acabado final: secado e conservación.<br>2. A acuarela como técnica húmida: preparación do soporte. As diferencias entre os distintos útiles trazadores. Distintos xeitos de empregar a acuarela: húmida, seca e mixta. Emprego dos distintos procedementos na técnica de acuarela.<br>3. Acrílico e a técnica mixta: a preparación do acrílico. Importancia do trazo e dos útiles no emprego do acrílico. Distintos procedementos e soportes co acrílico.<br>4. O Óleo e os seus procedementos. O traballo coas gamas quebradas. Emprego do óleo nos distintos soportes.<br>5. *O collage* e a tridimensionalidade. Diferenciación entre o *collage* e a fotomontaxe. |

## Módulo 3.: A representación pictórica nos distintos soportes.

Asociado á

**Unidade de Competencia** 3: Elixir e preparar o soporte adecuado a cada técnica.

**Unidade de Competencia** 4: Empregar o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético, tanto para pezas individuais e únicas como grupais e instalacións

| OBXECTIVO XERAL | | |
|---|---|---|
| Distinguir, elixir e preparar o soporte mais adecuado a cada técnica pictórica. | | |
| Duración: 74 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Inferir que os distintos soportes son parte fundamental na concepción de obra así como na realización de bocetos, para xerar obras de potencia visual. | Realizar obras nas distintas técnicas cos soportes axeitados.<br>Realizar obras co papel adecuado para o PASTEL.<br>Facer pezas coas distintas | Ter actitude creativa ante os exercicios propostos.<br>Coidar e empregar o material pensando sempre na súa durabilidade. |

| | | |
|---|---|---|
| | posibilidades de soportes que ofrece o ACRÍLICO e a TÉCNICA MIXTA.<br>Realizar pezas cos distintos soportes que permite o ÓLEO: cristais, lenzo e cartón, para realizar obras coa técnica do óleo .<br>Traballar cos distintos soportes coa técnica do COLLAGE en distintos soportes, tendo en conta as distintas posibilidades que ofrece a técnica. | Traballar adecuadamente tanto individualmente como en grupo. |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- nferir que os distintos soportes son parte fundamental para xerar obras de potencia visual.
- O soporte: preparación dos distintos soportes axeitados para cada técnica.
- O papel como soporte: gramaxes e durabilidade nas técnicas de acuarela e pastel.
- O lenzo e a súa preparación para as distintas técnicas: óleo, acrílico e técnica mixta.
- O ÓLEO: cristais, lenzo e cartón, para realizar obras coa técnica do óleo
- O ACRÍLICO e a TÉCNICA MIXTA: as distintas posibilidades de soportes que ofrecen estas técnicas.
- Ter actitude creativa ante os exercicios propostos.
- Coidar e empregar o material pensando sempre na súa durabilidade.
- Traballar adecuadamente tanto individualmente como en grupo

CONTIDOS

1. O soporte: preparación dos distintos soportes axeitados para cada técnica.
2. papel como soporte: gramaxes e durabilidade nas técnicas de acuarela e pastel.
3. lenzo e a súa preparación para as distintas técnicas: óleo, acrílico e técnica mixta.
4. ÓLEO: cristais, lenzo e cartón, para realizar obras coa técnica do óleo
5. ACRÍLICO e a TÉCNICA MIXTA: as distintas posibilidades de soportes que ofrecen estas técnicas.

# Módulo 4: Historia da arte

Asociado á

**Unidade de Competencia** 1: Idear e proxectar obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico.

**Unidade de Competencia 4**: Empregar o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético, tanto para pezas individuais e únicas como grupais e instalacións.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer e valorar a historia da pintura para posicionarse no marco contemporáneo cunha actitude crítica.

Duración: 30 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| Distinguir de maneira secuencial a evolución da pintura, as súas características, os seus mestres e a cronoloxía de estilos, con solvencia, para posicionarse dunha maneira crítica ante o marco contemporáneo.<br><br>Analizar pinturas actuais e clásicas, apreciando o contexto e as características , analoxías e diferencias inferidas polas técnicas e xeitos de expresión empregados, relacionándoos entre eles para contribuír á formación do criterio e o goce estético.<br><br>Analizar as características formais e estéticas de obras pictóricas con actitude crítica para desenvolver unha opinión persoal. | | Interesarse pola historia como fonte de coñecemento para xerar unha actitude crítica ante a imaxen contemporánea tanto da contorna cultural próxima como do afastado.<br><br>Apreciar as manifestacións culturais da contorna participando delas para xerar sinerxias positivas dentro da sociedade. |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Distinguir os distintos estilos ao longo da historia da arte.
- Coñecer a artistas que serven como referente creador e innovador.
- Saber valorar a importancia das mulleres artistas así como o esquecemento a que estiveron sometidas na historia da arte.
- Apreciar as manifestacións culturais da contorna participando delas para xerar sinerxias positivas dentro da sociedade.
- Traballar adecuadamente tanto individualmente como en grupo.

CONTIDOS

1. A IDADE ANTIGA: Dende a arte expresionista da Prehistoria ata a funcionalidade e racionalismo da arte romana.
2. A IDADE MEDIA: A expresividade das pinturas murais do románico ata a busca da perspectiva na obra de Giotto.
3. A IDADE MODERNA: Desde o nacemento da perspectiva ata o surrealismo en Goya.
4. A IDADE CONTEMPORÁNEA: A dialéctica entre o romanticismo e o neoclasicismo como unha constante da contemporaneidade.

## Módulo 5

## Organizar a actividade profesional dun obradoiro de Pintura.

Asociado á **Unidade de Competencia** 5: Organizar a actividade dun obradoiro de pintura

OBXECTIVO XERAL

Definir, organizar e estruturar a actividade dun obradoiro de Pintura garantindo a seguridade e hixiene e facendo posible a optimización dos procesos creativos e produtivos

Duración: 46 horas

| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
|---|---|---|
| Conceptuais | Procedimentais | |
| Analizar as tarefas dun obradoiro de pintura para identificar as necesidades de espazos, materiais e ferramentas.<br>Distribuír as áreas imprescindibles dun obradoiro de Pintura, respectando a lexislación de seguridade específicas para cada tipo de proceso e garantindo eficacia e eficiencia dos procesos.<br>Coñecer as distintas normativas para extraer conclusións acerca do risco de certos procesos e materiais.<br>Identificar as tarefas que conleven unha promoción do produto para estruturar o marketing.<br>Coñecer a normativa relacionada cos dereitos de autor. | Elaborar un dossier que recolla a obra e o seu proceso de execución e permita presentar a galeristas e dirección de museos.<br>Optimizar as areas  dun obradoiro de pintura, para poder realizar o traballo con fluidez optimizando os procesos.<br>Aplicar as normativas relacionada coa actividade para controlar posíbeis alteracións.<br>Practicar actividades promocionais para elaborar unha estratexia de mercado.<br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais  a través de medios dixitais ou presenciais. | Empregar os útiles e ferramientas de traballo respetando as instruccións de uso, limpeza e mantemento para asegurar a sua conservación e garantir a normativa sobre riscos laborais e xestión ambiental.<br>Respetar as normas de seguridade e hixiene, interpretando correctamente as fichas técnicas e de seguridade de todalas matérias primas existentes no obradoiro.<br>Saber responsabilizarse do traballo que desenvolve.<br>Valorar unha boa distribución das areas dun obradoiro, para facilitar o proceso productivo.<br>Ter sempre presente as normativas para non correr riscos innecesarios<br>Intresarse por coñecer as posibilidades mercado como practica imprescindible.<br>Posuir unha actitude positiva, aberta o disfrute persoal a través da execución do traballo como estratexia facilitadora da creatividade e o bo facer<br>Colaborar e relacionarse con afabilidade con compañeiros e clientes para facilitar o traballo e acadar mellores resultados.<br>Respetar e defender a autoría e os dereitos de autor. |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| • Empregar correctamente os materiais e ferramentas atendendo aos posibles riscos laborais.<br>• Posuír o  coñecemento necesario das normas de seguridade e hixiene para realizar o seu traballo de forma segura.<br>• Realizar un dossier que explique a súa proposta estética.<br>• Montar unha exposición con criterios de espazos limpos e ordenados con respecto a idea vertebradora da mostra.<br>• Optimizar as areas  dun obradoiro de pintura, para poder realizar o traballo con fluidez optimizando os procesos.<br>• Traballar e difundir a súa obra a partir das redes sociais a partir de todo tipo de dispositivos dixitais e tamén dun xeito presencial.<br>• Traballar adecuadamente tanto individualmente como en grupo.<br>• Respectar e defender  a autoría e os dereitos de autor. |

| CONTIDOS |
|---|
| 1. Distribución de espazos recomendacións e normativa relacionada cun obradoiro artesanal de Pintura.<br>2. Seguridade e hixiene no traballo aplicable a un obradoiro de pintura. |

3. Os dereitos de autor, Licencias Creative Commons
4. Redes sociais e comunidades virtuais relacionadas coa Pintura.

# Anexo V-C Pintura – Temporalización e Secuenciación de Contidos

| Duración total de la especialidade Currículum normal: 525 horas + 60 complementarias = 585 horas<br>Currículum extendido (con nivel avanzado): 655 horas | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Duración total | Criterios de selección de contidos | | |
| | | Primeiro | Segundo | Terceiro |
| Módulo 1: Produción de obra propia a partir da cor, cun criterio artístico e técnico, empregando o pensamento crítico como ferramenta de desenvolvemento persoal e de criterio estético. | 148 h | -Teoría da cor.<br>-O círculo cromático e os conceptos de acromía e harmonía<br>-A perspectiva euclidiana: o espazo en perspectiva e profundidade.<br>-A composición: relación figura e fondo (primeiras nocións)<br>- Os pesos visuais nunha composición: peso, simetría e ritmo. | - O Equilibrio: contrate e harmonía Dinamismo e movemento.<br>- A composición: relación figura e fondo (primeiras nocións). | - A perspectiva euclidiana: o espazo en perspectiva e profundidade.<br>-A composición: relación figura e fondo. |
| Módulo 2: Técnicas de cor: técnicas secas e técnicas húmidas. | 287 h | -O pastel como técnica seca: aplicación do pastel no soporte. Tipos de barras e lapis de pastel. Acabado final: secado e conservación.<br>-A acuarela como técnica húmida: preparación do soporte. As diferencias entre os distintos útiles trazadores. Distintos xeitos de empregar a acuarela: húmida, seca e mixta. Emprego dos distintos procedementos na técnica de acuarela. | - O acrílico e a técnica mixta: a preparación do acrílico. Importancia do trazo e dos útiles no emprego do acrílico. Distintos procedementos e soportes co acrílico. | - O óleo e os seus procedementos. O traballo coas gamas quebradas. Emprego do óleo nos distintos soportes.<br>-O *collage* e a tridimensionalidade. Diferenciación entre o *collage* e a fotomontaxe. |
| Módulo 3:<br>A representación | 74 h | -O soporte: preparación dos | - O soporte: preparación dos | O lenzo e a súa<br>preparación para as |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| pictórica nos distintos soportes. | | distintos soportes axeitados para cada técnica.<br>-O papel como soporte: gramaxes e durabilidade nas técnicas de acuarela e pastel. | distintos soportes axeitados para cada técnica.<br>- O lenzo e a súa preparación para as distintas técnicas: óleo, acrílico e técnica mixta.<br>- O ACRÍLICO e a TÉCNICA MIXTA: as distintas posibilidades de soportes que ofrecen estas técnicas. | distintas técnicas: óleo, acrílico e técnica mixta.<br>O ÓLEO: cristais, lenzo e cartón, para realizar obras coa técnica do óleo |
| Módulo 4: Historia da arte | 30 h | | | Impártese no terceiro curso. |
| Módulo 5: Organizar a actividade profesional dun obradoiro de Pintura. | 46 h | Elaboración dun dossier.<br>Difusión do traballo nas redes sociais.<br>A normativa do obradoiro e riscos laborais.<br>As normas de seguridade e hixiene no traballo.<br>O emprego da protección individual asociada as diversas técnicas. | Elaboración dun dossier.<br>Claves para unha montaxe expositiva adecuada.<br>As normas de seguridade e hixiene no traballo.<br>O emprego da protección individual asociada as diversas técnicas.<br>O emprego das ferramentas atendendo aos posibles riscos laborais. | Difusión do traballo nas redes sociais.<br>De cómo compartir e difundir o traballo entre os profesionais a través de medios dixitais ou presenciais.<br>As normas de seguridade e hixiene no traballo.<br>O emprego da protección individual asociada as diversas técnicas.<br>O emprego das ferramentas atendendo aos posibles |

# Anexo VI Debuxo Artístico: Perfil Profesional, Referente Formativo, Temporalización e Secuenciación



# Anexo VI-A Debuxo Artístico – Perfil profesional

| Debuxo |
|---|
| COMPETENCIA XERAL<br>Elaborar debuxos ou proxectos de debuxo de calquera natureza utilizando os diversos materiais e técnicas específicas e mantendo unha actitude crítica que nos sitúe no marco contemporáneo |
| UNIDADES DE COMPETENCIA |
| Unidade de Competencia 1: Idear e proxectar debuxos propios orixinais e creativos<br>Unidade de Competencia 2: Elaborar debuxos obxectivos tomando a realidade como modelo observando esta de maneira analítica<br>Unidade de Competencia 3: Traballar con destreza as técnicas do debuxo.<br>Unidade de Competencia 4: Utilizar o pensamento critico como ferramenta de criterio estético<br>Unidade de Competencia 5: Organizar a actividade dun obradoiro de debuxo |

| Unidade de Competencia 1<br>Idear e proxectar debuxos orixinais e creativos | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Obter información a través de recursos, dixitais o non, sobre técnicas, antecedentes históricos, materiais, procesos, obras e artistas; para xerar ideas e criterios configuradores da obra e estilo persoais.<br>Representar mediante apunte rápido a idea da obra que se vai realizar. Bocetar.<br>Definir as especificacións formais, estéticas, técnicas e materiais da obra. Organizar a imaxe do plano do cadro de acordo ás a leis compositivas.<br>Usar criterios estéticos para xerar imaxes acabadas con potencia visual<br>Definir o plan de elaboración da obra determinando previamente o proceso da mesma | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| Libretas de apuntes, papeis diversos, en diversas técnicas | A propia ferramenta do obradoiro e a biblioteca | Obra propia | Libros, internet Imaxes planas |

| Unidade de Competencia 2<br>Elaborar debuxos tomando a realidade como modelo observando esta de maneira analítica |
|---|
| Realizacións profesionais |

Elaborar debuxos a man alzada a partir da realidade, nas diversas técnicas utilizadas en debuxo, tanto en B/N, como cor

Observar a realidade, con capacidade analítica, valorando os elementos constitutivos da imaxe para obxectivalos ou interpretalos

Aplicar as leis compositivas ao determinar o cadro da imaxe a realizar

Construír perspectivas reais ou imaxinadas atendendo aos convencionalismos dos sistemas de representación

Acabar a obra cos criterios de calidade desexado

**Medios de Produción**

| Empraga estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
|---|---|---|---|
| Visor, papeis varios, lápices, carbón, rotuladores , Tintas...etc. Papeis diversos<br>Materiais específicos para cada técnica técnica usada | A propia do obradoiro | Obra propia | Imaxes planas |

## Unidade de Competencia 3
## Traballar con destreza as técnicas do debuxo

**Realizacións profesionais**

Realizar debuxos con TÉCNICAS SECAS: lapis, carbón, pastel

Realizar debuxos con TÉCNICAS HÚMIDAS: tinta, acuarela, rotuladores e grafos

Realizar debuxos con TÉCNICAS MIXTAS

**Medios de Produción**

| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
|---|---|---|---|
| Lapis de diversas durezas, carbón.<br>Barras de pastel e papeis específicos. Tintas, acuarelas e lápices acuarelables con papeis específicos.<br>Rotuladores e grafos diversos | A propia do obradoiro | Obra propia | Libros sobre técnicas. Exposicións en museos e galerías de arte.<br>Xera apuntes e bosquexos sobre o traballo cas técnicas. Reflexións realizadas tanto en grupo como individuais. |

| Unidade de Competencia 4<br>Utilizar o pensamento critico como ferramenta de criterio estético | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Resolver problemas de carácter formal en obra propia<br>Utilizar o pensamento crítico na obtención de singularidades artísticas<br>Valorar obras alleas a través de coñecementos estéticos | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| | | Obra propia<br>Identidade estética persoal | Imaxes planas |

| Unidade de Competencia 5<br>Organizar a actividade dun obradoiro de debuxo | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Coñecer as necesidades do mercado para poder promocionar o seu traballo.<br>Elaborar un dossier que recolla a obra e o seu proceso de execución e permita presentar a galeristas e dirección de museos.<br>Participar en feiras de arte e exposicións co fin de divulgar e compartir o seu traballo.<br>Realizar a instalación de exposicións con criterios de calidade.<br>Compartir e difundir o traballo realizado nas redes sociais e profesionais a través de medios dixitais e presenciais.<br>Empregar os útiles e ferramentas de traballo respectando as instrucións de uso, limpeza e mantemento para asegurar a súa conservación e garantir a normativa sobre riscos laborais e xestión ambiental. | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| Materiais para a montaxe de exposicións | Dispositivos dixitais.<br>Ordenador,<br>internet, | Dossier<br>e-portfolio<br>Exposición<br>Publicidade,<br>Recoñecemento do traballo persoal<br>Continuar aprendendo<br>Entorno de traballo ergonómico | Blogs e páxinas web<br>Notas, trucos, consellos e ideas.<br>Información en xeral |

# Anexo VI-B Debuxo Artístico - Referente formativo

## Debuxo

Duración 525 horas + 60 horas de complementarias

### Competencias Formativas

Unidade de Competencia 1: Idear e proxectar debuxos propios orixinais e creativos

Unidade de Competencia 2: Elaborar debuxos obxectivos tomando a realidade como modelo observando esta de maneira analítica

Unidade de Competencia 3: Traballar con destreza as técnicas do debuxo.

Unidade de Competencia 4: Utilizar o pensamento critico como ferramenta de criterio estético

Unidade de Competencia 5: Organizar a actividade dun obradoiro de debuxo

### Obxectivo xeral

Idear e proxectar debuxos orixinais e creativos utilizando con precisión as técnicas e os materiais específicos para lograr produtos de potencia visual

Elaborar debuxos a partir da realidade, observando esta realidade de xeito analítica para plasmala obxectiva ou subxectivamente

Utilizar o pensamento crítico como ferramenta de coñecemento para analizar traballos propios e alleos e situarse fronte ao contexto contemporáneo

Aprender a aprender a través da participación e a colaboración global para ter unha formación continua e aberta

### Módulos Formativos

**Módulo 1:** Proxección e produción de obra orixinal e creativa a través do debuxo

**Módulo 2:** Técnicas de expresión gráfica en Debuxo

**Módulo 3:** Representación espacial aplicada

**Módulo 4:** Historia do Debuxo

**Módulo 5:** Elaboración de debuxos tomando a realidade como modelo

**Módulo 6:** Organización dun obradoiro de debuxo

## Módulo 1

## Proxección e produción de obra orixinal e creativa a través do debuxo

Asociado á

**Unidade de Competencia** 1 Idear e proxectar debuxos propios orixinais e creativo

**Unidade de Competencia** 3 Utilizar o pensamento critico como ferramenta de criterio estético

| OBXECTIVO XERAL | | |
|---|---|---|
| Idear e proxectar debuxos orixinais e creativos utilizando con precisión as técnicas e os materiais específicos para lograr produtos planos de potencia visual | | |
| Duración: 119 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Identificar as referencias formais e estéticas que aparecen na contorna para xerar ideas propias<br>Analizar a produción dos principais artistas no que o debuxo é un piar fundamental na súa obra e os estilos máis relevantes deste campo<br>Coñecer cales son as fontes de información fiables e relevantes dentro dentro do ámbito do debuxo<br>Coñecer os sistemas de representación gráfica na realización de perspectivas | Elaborar a planificación de proxectos debuxísticos organizando as fases para facilitar o proceso de traballo<br>Elaborar bosquexos a través do apunte rápido, con soltura, para utilizar posteriormente na produción de obra<br>Aplicar todos os elementos gráficos do debuxo e a súa sintaxe con coñecemento, con criterio e con habilidade, para construír debuxos de gran valor formal<br>Aplicar a psicoloxía das artes visuais con coñecemento e con criterio para xerar imaxes con valor estético<br>Executar debuxos ou proxectos de debuxo cos criterios de calidade desexado tanto en B/N como en cor. | Identificar as referencias formais e estéticas que aparecen na contorna para xerar ideas propias<br>Valorar a tradición e a historia como fontes de inspiración a partir das que sustentar o proceso creativo<br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado<br>Actitude creativa, aberta os cambios e innovacións, en búsqueda de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais. |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | | |
| Realizar composicións na que o peso visual e os distintas leis compositivas organicen os elementos no soporte, obtendo unha imaxe con efecto de unidade e orde.<br>Executar debuxos con criterio estético, e rematar os bosquexos para acadar o criterio de calidade desexado.<br>Resolver problemas de carácter formal para xerar debuxos propios e orixinais<br>Idear e realizar o Produto Final Integrado | | |
| CONTIDOS | | |
| 1. A planificación dun proxecto. Ideación. Execución. Acabado.<br>2. As referencias estéticas como punto de partida<br>3. A contorna como fonte de inspiración<br>4. Do bosquexo ao debuxo acabado<br>5. Elaboración dun dossier<br>6. conservación dos debuxos<br>7. Ferramentas dixitais, para a procura, organización e xestión da información na rede<br>8. Desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado co debuxo | | |

# Módulo 2

## Técnicas de expresión gráfica en Debuxo

Asociado á **Unidade de Competencia** 3 Traballar con destreza as técnicas do debuxo

### OBXECTIVO XERAL

Utilizar e aplicar con sensibilidade e precisión as técnicas e os materiais da expresión gráfica do Debuxo, para lograr produtos de calidade técnica

Duración: 180 horas

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| --- | --- | --- |
| Clasificar os elementos gráficos do debuxo , para aplicar na elaboración de obra propia<br>Organizar a imaxe do plano do cadro de acordo ás leis compositivas para obter imaxes equilibradas<br>Distinguir as diversas técnicas e o xeito de aplicalas sobre os soportes máis adecuados, para seleccionar a máis adecuada na elaboración de obra<br>Identificar os distintos tipos de papeis e o comportamento que teñen coas diversas técnicas para seleccionar o máis adecuado na elaboración de obra<br>Coñecer a elaboración dos materiais utilizados en debuxo para poder elaborar materiais propios | Aplicar os elementos gráficos con destreza e criterio sobre os soportes máis adecuados, na produción de debuxos ben executados<br>Aplicar a sintaxe da linguaxe visual e as estratexias compositivas con criterio, para elaborar produtos de debuxo equilibrados.<br>Utilizar as diversas técnicas de debuxo, con destreza e criterio, para a consecución de volumes sobre superficies planas, adecuando os soportes a cada unha delas<br>Utilizar os papeis máis adecuados con coñecemento do seu comportamento para elaborar obra gráfica<br>Experimentar con liberdade con outros materiais non propios do debuxo para xerar modos de facer propios | Valorar obra gráfica propia e doutros, atendendo a criterios técnicos e estéticos<br>Esforzarse polo traballo ben acabado como finalidade na consecución da excelencia<br>Realizar o traballo en condicións óptimas de orde e limpeza |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Realizar mostrarios de técnicas e útiles sobre os soportes máis adecuados, utilizando os elementos gráficos expresivos adecuados a cada unha delas con calidade na súa execución.

Realizar debuxos cas diversas técnicas secas atendendo os elementos gráficos máis adecuados, organizando o espazo dun xeito claro a partir dos distintos esquemas compositivos e buscando a calidade na execución e acabado

Realizar debuxos cas diversas técnicas húmidas atendendo os elementos gráficos máis adecuados, organizando o espazo dun xeito claro a partir dos distintos esquemas compositivos e buscando a calidade na execución e acabado

Realizar debuxos na técnica de pastel , executando estes con calidade formal,empregando as distintas gamas cromáticas

Realizar apuntes en acuarela cos mínimos recursos e cunha composición equilibrada en canto a cor.

Ter unha actitude de esforzo polo traballo ben rematado, buscando a excelencia na execución en cada debuxo

Valorar os debuxos propios e alleos con criterio técnico e estético

CONTIDOS

**1. Elementos e sintaxe constitutivos da forma:**

- Elementos gráficos e a súa aplicación informativa e expresiva: O punto. A liña. A mancha. A textura. A cor
- Sintaxe dos elementos gráficos e estratexias compositivas: O formato. A composición: a súa expresividade na composición do espacio. A relación figura e fondo. A proporción. A medida. Lectura e análise da imaxe. Figuración e abstracción

**2. Representación do volume e o espazo:**

- Clarescuro.
- As luces e as sombras
- Figuración e abstracción

**3. Técnicas gráficas e soportes**:

- Secas: Lapis de grafito. Carbón e lapis composto. A sanguina. O pastel.
- Húmidas: O bolígrafo e os rotuladores. A tinta. A acuarela
- O papel como soporte principal do debuxo.
- Tipos de papeis e elaboración
- Introdución a outras técnicas: O gravado

## Módulo 3
## Representación espacial aplicada en Debuxo

Asociado á

**Unidade de Competencia** 1 Idear e proxectar debuxos orixinais e creativos

**Unidade de Competencia** 2 Elaborar debuxos tomando a realidade como modelo

OBXECTIVO XERAL

Utilizar o sistema cónico con claridade e precisión, para expresar perspectivas

Desenvolver a visión espacial dos obxectos tridimensionais con aplicación dos métodos de análise e síntese

Duración: 30 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Distinguir os sistemas de representación mais adecuados para expresar a forma plana e a forma volumétrica<br>Identificar no espazo real aqueles elementos constitutivos | Aplicar os convencionalismos do sistema de representación cónico con rigor para debuxos de perspectivas a man alzada<br>Construír perspectivas imaxinadas ou reais con | Esforzarse polo traballo ben acabado como finalidade na consecución da excelencia<br>Realizar o traballo en condicións óptimas de orde e limpeza |

| | | |
|---|---|---|
| dunha perspectiva para situalos no plano do debuxo | destreza, atendendo aos convencionalismos do sistema de representación cónico | |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| Realizar perspectivas reais ou imaxinadas a man alzada, aplicando os convencionalismos do sistema cónico con rigor.<br>Coñecer os sistemas de representación e a súa utilidade no campo do debuxo e o deseño<br>Obter perspectivas que poidan ser referente no desenvolvemento do Produto Final Integrado<br>Ter unha actitude de esforzo polo traballo ben rematado |

| CONTIDOS |
|---|
| 1. O concepto de proxección<br>2. Introdución aos sistemas de representación: Do plano á tridimensionalidade, sistema diédrico, isométrico e cónico<br>3. Convencionalismos do sistema cónico e aplicación:<br>• Plano do cadro<br>• Plano xeometral<br>• Liña de horizonte<br>• Liña de terra<br>• Puntos de fuga, punto de vista.<br>4. A linguaxe do espazo: O sistema de representación cónico e a súa aplicación práctica. Reprodución de perspectivas a partir da realidade |

## Módulo 4
## Historia do Debuxo

Asociado á

**Unidade de Competencia** 1 Idear e proxectar debuxos orixinais e creativos

**Unidade de Competencia** 2 Elaborar debuxos tomando a realidade como modelo

**Unidade de Competencia** 3 Utilizar o pensamento critico como ferramenta de criterio estético

| OBXECTIVO XERAL | | |
|---|---|---|
| Coñecer e valorar a historia do debuxo para situarse no marco contemporáneo cunha actitude crítica | | |
| Duración: 30 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Distinguir de xeito secuencial a evolución do debuxo, as súas características, os seus mestres e a cronoloxía de estilos con solvencia, para situarse dun xeito crítico ante o marco contemporáneo<br>Analizar debuxos actuais e | | Interesarse pola historia como fonte de coñecemento para xerar unha actitude crítica ante a imaxe contemporánea tanto da contorna cultural próxima como o afastado<br>Apreciar as manifestacións culturais da contorna participando delas para xerar sinergias positivas dentro da |

| | | |
|---|---|---|
| clásicos, apreciando o contexto e as características , analoxías e diferenzas inferidas polas técnicas e modos de expresión empregados, relacionándoos entre eles para contribuír á formación do gusto persoal e o goce estético<br><br>Analizar as características formais e estéticas de obras gráficas con actitude crítica para desenvolver unha opinión persoal<br><br>Distinguir de xeito secuencial a evolución do debuxo, as súas características, os seus mestres e a cronoloxía de estilos con solvencia, para situarse dun xeito crítico ante o marco contemporáneo | | sociedade |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Distinguir os distintos estilos ao longo da historia da arte.

Coñecer  a artistas que serven como referente creador e innovador.

Valorar a importancia  da historia da arte como fonte de coñecemento para realizar unha crítica construtiva ante a imaxe contemporánea

CONTIDOS

1. Renacemento S.XV e XVI: Nacemento do retrato moderno, nacemento da perspectiva. Quattrocento e Cinquecento. Manierismo.
2. Barroco e Rococó: S.XVII e XVIII. A Europa das cortes
3. Neoclasicismo: 1760.1830. Academicismo e espírito racionalista da Ilustración
4. Romanticismo: 1815.1848. A natureza como modelo imaxinado
5. Segunda metade do S. XIX. Realismo. Impresionismo. Postimpresionismo. A mercantilización da arte.
6. Primeira metade do S.XX. Fauvismo. Expresionismo. Cubismo. Surrealismo. Primeiras vangardas artísticas
7. Segunda metade do S.XX. Pop Art. Hiperrealismo. Segundas vangardas artísticas
8. Debuxo hoxe.

## Módulo 5

## Elaboración de debuxos tomando a realidade como modelo

Asociado á

**Unidade de Competencia** 1 Idear e proxectar debuxos orixinais e creativos

**Unidade de Competencia** 2 Elaborar debuxos tomando a realidade como modelo observando esta de maneira analítica

**Unidade de Competencia** 3 Traballar con destreza as técnicas do debuxo

OBXECTIVO XERAL

| | | |
|---|---|---|
| Elaborar debuxos a partir da realidade, observando esta realidade de xeito analítica para plasmala obxectiva ou subxectivamente | | |
| Duración: 180 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Observar a realidade, con capacidade analítica, valorando os elementos constitutivos da imaxe para obxectivalos ou interpretalos | Confeccionar con liña a partir da realidade e con rigor formal e compositivo o esquema do observado para trasladalo ao plano do cadro<br>Aplicar todos os elementos gráficos do debuxo e a súa sintaxe con coñecemento, con criterio e con habilidade, para construír debuxos obxectivos ou subxectivos tomando a realidade como modelo<br>Expresar graficamente a forma dos obxectos da contorna a través dunha mirada analítica para obter debuxos frescos e emocionantes<br>Executar debuxos a partir da realidade cos criterios de calidade desexado tanto en B/N como en cor | Esforzarse polo traballo ben acabado como finalidade na consecución da excelencia<br>Mostrar unha actitude de crítica constructiva ante obras propias e alleas<br>Apreciar a contorna próxima, como un xerme xerador de ideas |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | | |
| Realizar esquemas a liña a partir de modelos reais, atendendo os espazos, ángulos, distancias, observando esta realidade de xeito analítico<br>Aplicar os elementos gráficos de debuxo en composición tomadas da realidade, tras os esquemas previos xa realizados.<br>Realizar propostas persoais a partir da realidade observada buscando a frescura no trazo e na execución<br>Valorar a importancia da contorna na xeración de ideas<br>Presentar os debuxos con un acabado óptimo<br>Rematar, tomando a realidade como modelo un Produto Final Integrado | | |
| CONTIDOS | | |
| 1. A observación como medio de coñecemento: Da imaxe icónica á forma observada<br>2. A figura humana e a súa relación coas formas da contorna<br>3. O retrato: Unha mirada cara ao interior<br>4. As formas da natureza. O mundo orgánico. A paisaxe<br>5. Aplicación da perspectiva na paisaxe urbana | | |

## Módulo 6

## A organización dun obradoiro de Debuxo

| Asociado á **Unidade de Competencia 5:** Organizar a actividade dun obradoiro de debuxo | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVO XERAL | | |
| Definir, organizar e estruturar a actividade dun obradoiro de debuxo | | |
| Duración:46 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Analizar as tarefas dun obradoiro de debuxo para identificar as necesidades de espazos, materiais e ferramentas.<br>Enumerar as tarefas de mantemento, para identificar e previr posibles problemas de convivencia no obradoiro<br>Coñecer a normativa relacionada cos dereitos de autor.<br>Optimizar as areas dun obradoiro de debuxo, para poder realizar o traballo con fluidez optimizando os procesos<br>Realizar tarefas de mantemento de mesas, cabaletes e material para<br>Practicar actividades promocionais para elaborar unha estratexia de proxección cara ó exterior<br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais ou presenciais.<br>Cumprir a normativa que regula as realizacións da actividade<br>Responsabilizarse do traballo que se desenvolve.<br>Valorar unha boa distribución das areas dun obradoiro, para facilitar o proceso productivo<br>Aceptar as tarefas de mantemento, como parte esencial do proceso de traballo<br>Intresarse por coñecer as posibilidades mercado como practica imprescindible.<br>Actitude positiva, aberta o disfrute persoal a través da execución do traballo como estratexia facilitadora da creatividade e o bo facer<br>Colaborar e relacionarse con afabilidade con compañeiros para facilitar o traballo e acadar mellores resultados.<br>Respetar e defender a autoría e os dereitos de autor | | |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | | |
| Empregar correctamente os materiais e ferramentas atendendo aos posibles riscos laborais.<br>Manter o espazo de traballo limpo tras o seu uso<br>Posuír o coñecemento necesario das normas de seguridade e hixiene para realizar o seu traballo de forma segura.<br>Elaborar un dossier dixital ou físico no que se recolla o proceso e o Produto Final Integrado, con unha presentación con estrutura e calidade estética<br>Difundir as obras realizadas nos medios sociais dixitais e tamén dun xeito presencial.<br>Respectar o traballo propio e alleo defendendo a autoría da obra | | |
| CONTIDOS | | |
| Distribución de espazos recomendacións e normativa relacionada cun obradoiro artesanal de debuxo<br>Seguridade e hixiene no traballo aplicable ó obradoiro de debuxo<br>• Toxicidade e perigosidade dos produtos cos que se traballa no obradoiro de debuxo | | |

Os dereitos de autor, Licencias Creative Commons

Calendario de feiras e eventos

Redes sociais e comunidades virtuais relacionadas co debuxo, a ilustración os urban sketchers

Identidade dixital e Netiqueta

Ferramentas dixitais para a búsqueda, organización e xestión da información na rede:

- Marcadores de Favoritos
- Lectores de RSS
- Sistemas de curación de contidos

O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade

## Produto Final Integrado

Os Módulos se completarán coa realización dun Produto Final Integrado

### Obxectivos

- Integrar os coñecementos adquiridos o longo da especialidade, tomando decisión sobre a traxectoria estético técnica
- Preparar as bases que sustenten o Proxecto
- Adquirir autonomía na execución do traballo

### Criterios de avaliación

- Idear e deseñar o Produto Final Integrado.
- Escoller as técnicas máis adecuadas para o desenvolvemento dun Final Integrado.
- Rematar, acabar e Protexer o Produto Final Integrado.
- Realizar un dossier sobre o Produto Final Integrado, no que se recolla o paso a paso, custo estimado e real, materiais a empregar e empregados, difusión do traballo realizado…
- Traballar con autonomía e tomar decisións con criterios técnicos e estéticos fundamentados nos coñecementos adquiridos na especialidade

# Anexo VI-C Debuxo Artístico – Temporalización e Secuenciación

| Duración total de la especialidade Currículum normal: 525 horas + 60 complementarias = 585 horas<br>Currículum extendido (con nivel avanzado): 655 horas | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Duración total | Criterios de selección de contidos | | |
| | | Primeiro | Segundo | Terceiro |
| Módulo 1:<br>Proxección e produción de obra orixinal e creativa a través do debuxo | 119 h | Fundamentos na planificación de proxectos de debuxo | Elaboración de bocetos e apuntes rápidos con soltura<br>Execución de debuxos aplicando os elementos gráficos aprendidos | Aplicar os coñecementos na elaboración de proxectos |
| Módulo 2:<br>Técnicas de expresión gráfica en Debuxo | 180 h | Técnicas secas: aplicación acabados e conservación.<br>Técnicas húmidas: soportes e útiles<br>Diversidade de papeis e utilidades | O pastel e a cor<br>Introdución á técnica do gravado<br>Introdución a acuarela | Aplicación de técnicas diversas na consecución de obras orixinales e creativas |
| Módulo 3:<br>Representación espacial aplicada en Debuxo | 30 h | Impártese no primeiro curso. | | |
| Módulo 4:<br>Historia do Debuxo | 30 h | | | Impártese no terceiro curso. |
| Módulo 5:<br>Elaboración de debuxos tomando a realidade como modelo | 180 h | Como aprender a observar de xeito analítico<br>Trasladar da realidade ao plano do cadro | Aplicación sistemática do aprendido na elaboración de libretas de apuntamentos | Aplicación en obra propia |
| Modulo 6:<br>A organización dun obradoiro de Debuxo | 46 h | Elaboración dun dossier.<br>Difusión do traballo nas redes sociais.<br>A normativa do obradoiro e riscos laborais. | Elaboración dun dossier.<br>Claves para unha montaxe expositiva adecuada.<br>As normas de seguridade e hixiene no traballo. | Difusión do traballo nas redes sociais.<br>De como compartir e difundir o traballo entre os profesionais a través de medios dixitais ou presenciais.<br>As normas de |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| | Máquina de puntada plana, overloock<br>Agulla, fío, tesoiras<br>Ferro | Acabado interior da peza<br>Acabado exterior da peza.<br>Final de todo o proceso. | |

## Unidade de Competencia 6
## Organizar a actividade dun obradoiro de moda e confección

### REALIZACIÓNS

Coñecer as necesidades do mercado para poder promocionar o seu traballo.

Elaborar un dossier que recolla a obra e o seu proceso de execución e permita presentar a galeristas e dirección de museos.

Participar en desfiles, feiras e exposicións co fin de divulgar e compartir o traballo.

Compartir e difundir o traballo realizado nas redes sociais e profesionais a través de medios dixitais e presenciais.

Distribuír as áreas imprescindibles dun obradoiro de moda e confección respectando as recomendacións de seguridade e hixiene e protección individual para garantir un traballo seguro.

Empregar os útiles e ferramentas de traballo respectando as instrucións de uso, limpeza e mantemento para asegurar a súa conservación e garantir a normativa sobre riscos laborais e xestión ambiental.

| Medios de Produción | | | |
|---|---|---|---|
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza u xera esta información |
| | Dispositivos dixitais.<br>Ordenador, internet, Todo tipo de dispositivos dixitais | Dossier<br>e-portafolio<br>Exposición<br>Publicidade,<br>Recoñecemento do traballo persoal<br>Continuar aprendendo | Blogs e páxinas web<br>Notas, trucos, consellos e ideas.<br>Información en xeral. |

# Anexo VIII-B Moda e Confección – Referente Formativo

| Moda e Confección |
|---|
| Duración 750 + 30 de historia e 30 de debuxo |
| Competencias Formativas |
| **Unidade de Competencia 1**: Crear deseños propios de prendas e complementos téxtiles e documentados.<br>**Unidade de Competencia 2**: Crear patróns base en base os deseños realizados.<br>**Unidade de Competencia 3**: Cortar tecidos ou outros materiais téxtiles a partir de patróns, para obter pezas coas calidades requiridas<br>**Unidade de Competencia 4**: Ensamblar pezas de tea con corrección técnica e seguindo a normas de seguridade laboral e ambiental.<br>**Unidade de Competencia 5**: Rematar unha peza téxtiles asegurando a calidade requirida<br>**Unidade de Competencia 6:** Organizar a actividade dun obradoiro de moda e confección |
| Obxectivo xeral |
| Será capaz de crear deseños téxtiles propios e realizar pezas de confección baseándose nas tendencias e na súa propia creatividade |
| Módulos Formativos |
| **Módulo 1**. O deseño da peza a confeccionar<br>**Módulo 2. A** Patronaxe base e a interpretación de deseños<br>**Módulo 3.** O corte da peza en base a patróns<br>**Módulo 4.** Montaxe da peza<br>**Módulo 5.** Remates e acabados da peza<br>**Módulo 6.** Historia da moda<br>**Módulo 7:** Organización da actividade dun obradoiro de moda e confección<br>Produto Final Integrado |

<table>
<tr><th colspan="3">Módulo 1<br>O deseño da peza de confección</th></tr>
<tr><td colspan="3">Asociado á Unidade de Competencia 1: Crear deseños propios e documentalos de pezas textis de confección</td></tr>
<tr><td colspan="3">OBXECTIVO XERAL</td></tr>
<tr><td colspan="3">Proxectar unha idea mediante un debuxo documentado e esquematizado para crear unha prenda de vestir</td></tr>
<tr><td colspan="3">Duración: 100 horas</td></tr>
<tr><td colspan="3">OBXECTIVOS DE MÓDULO</td></tr>
<tr><td>Conceptuais</td><td>Procedementais</td><td>Actitudinais</td></tr>
<tr><td>Comprender o desenvolvemento histórico relacionado coa moda e confección<br>Analizar a produción dos principais artistas/artesanos relacionados coa moda e confección<br>Analizar os estilos mais relevantes relacionados coa especialidade<br>Coñecer cales son as fontes de información fiables e relevantes relacionadas coa Moda e confección<br>Coñecer os sistemas de representación gráfica mais axeitados a Moda e Confección</td><td>Crear unha prenda en base a unha proposta ou partindo dun tecido para levar á práctica<br>Debuxar un deseño de forma visual para expresar un estilismo<br>Esquematizar un deseño cunha ficha técnico para xerar a información necesaria<br>Escoller, analizar e arquivar documentación e material gráfico de distintas fontes cunha actitude creativa para definir un deseño personalizado<br>Determinar as especificacións formais, estéticas, técnicas, da Moda e confección a partir de información recompilada e avaliada para concretar a execución da peza.<br>Aplicar técnicas de representación gráfica manuais e informáticas da Moda e confección,a partir das súas especificacións formais e simbólico-estéticas.<br>Elaborar unha aproximación bidimensional e tridimensinal, como primeiro paso da aproximación física a peza final<br>Definir o plan de elaboración do instrumento, temporalizando as diferentes fases e decidindo os materiais a empregar, en condicións de seguridade laboral e protección<br>Documentar o deseño a través da memoria e presuposto para analizar e valorar a viabilidade</td><td>Hábitos de documentación, indagación e procura de ideas aplicables no desenvolvemento da obra persoal.<br>Actitude creativa, aberta aos cambios e innovacións, en procura de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais.<br>Valorar a tradición e a historia como fontes de inspiración a partir das que sustentar o proceso creativo<br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado.<br>Interpretar e dar resposta ás demandas dos clientes.</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | da produción | |

**CONTIDOS**

**1. Morfoloxía do corpo humano :**

- A silueta.
- A cor

**2. Deseño dunha peza:**

- Deseño da peza sobre as tendencias e peculiaridades persoais
- Deseño da peza sobre tecidos
- Tipos de fontes de información: blogues, revistas...
- Realización de colaxe e apuntamentos de referencia
- O bosquexo
- A peza en plano
- A ficha técnica
- Prestacións dun tecido (orixe, elasticidade, caída...)

**3. Os tecidos:**

- Punto e calada.
- Ligamentos
- Orixe: Natural, sintético, artificial
- Identificación de tecidos

**4. Aplicación de complementos ornamentais e funcionais**

- Cerres: botóns, cremalleiras, corchetes, automáticos…
- Aplicacións: tiras bordadas, pasamanerías, puntillas, parches…

**5. Fontes documentais relacionadas coa moda e a confección**

**6. Sistemas de almacenamento e recuperación da información relevante para proxectos de moda e confección**

**7. Criterios estéticos e técnicos a considerar nun deseño téxtil**

**Criterios de Avaliación**

Debuxar de forma limpa e clara un deseño de moda

Elaborar fichas técnica que consideren todas as peculiaridades do deseño realizado
Diferenciar un tecido de punto dun de calada
Recoñecer tipos de tecidos polas súas reaccións físicas e químicas
Realizar unha peza orixinal para o Produto Final Integrado

Plasmar nos deseños unha visión persoal do material de documentación.

## Módulo 2
## O Patronaxe base e a interpretación de deseños

Asociado á **Unidade de Competencia** 2: Crear patróns bases

OBXECTIVO XERAL

Crear patróns base e modificalos para a execución de deseños personalizados

| Duración: 230 horas | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Identificar medidas do corpo humano para trasladalas ó patrón<br>Analizar os elementos construtivos dunha peza de forma creativa para poder adecualos o seu deseño | Realizar patróns bases de corpos superiores, inferiores e mangas para utilizar de molde<br>Utilizar as ferramentas de debuxo para obter precisión e un bo acabado do patrón que garanta un corte final exacto.<br>Modificar o patrón base trasladando os datos da ficha técnica do deseño para crear o novo patrón | Traballar con precisión y exactitude para obter un resultado de calidade.<br>Manter unha actitude creativa para obter deseños propios<br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado. |

CONTIDOS

**1. O corpo e as súas medidas**

- Medición do corpo e fórmulas das que se obteñen outras

**2. Ferramentas de medida utilizadas en patronaxe e confección**

- A cinta métrica
- Regras e plantillas: o escalímetro, o sisómetro, equipos curvos
- As tábolas de medida: utilización

**3. O Patronaxe base**:

- Patróns saia:Recta, evasé, tubo, 4 godets, 8 godets, 4 godets con quilla, 8 godets semicampá, media capa, dobre capa, con petos, con canesú e dobra, plisada, táboas, saia pantalón
- Patróns de corpo: Sen pinza, con pinza, con cruce, con canesú, con pregos, traslados de pinza a outros puntos, costadillo francés, costadillo redondo, costadillo italiano, costadillo chanel.
- Patróns de escotes: Redondo, pico, barco, cadrado, asimétrico, halter
- Patróns de colo: Camiseiro, tirilla, mao, bebe, plano, semiplano, mariñeiro, smóking, solapa.
- Patróns de mangas: Base, plana, farol, xamón, acampanada, xaponesa, caída, xastre, chanel, ranglan.
- Patróns de pantalóns: Base, con pinzas, axustado, con cintura alta, campá, hindú, pixama

**4. Interpretación de patróns:**

- Corpo para camisas, vestidos, chaquetas, abrigos
- Traslado de medidas da ficha técnica o patrón
- Marcación de aplomos

**5. Desglose do patrón en pezas:**

- Identificación das pezas: fío, denominación, talla, número de pezas iguais a cortar

**Criterios de Avaliación**

Identifica con corrección as medidas do corpo humano
Achar medidas do corpo aplicando a formula correspondente
Utilizar as ferramentas de corte e confección con precisión técnica
Facer patróns de faldras, corpos, escotes, colos e pantalóns a escala e a tamaño real
Interpretar unha peza complexa sobre un patrón base
Analizar un patrón en pezas identificadas

Elaborar con autonomía os patróns necesarios para a elaboración do deseño do produto final integrado (PFI)

## Módulo 3

## O corte de la peza en base a patróns

Asociado á **Unidade de Competencia 3**: Cortar tecidos ou outros materiais téxtiles a partir de patróns, para obter pezas coas calidades requiridas

### OBXECTIVO XERAL

Cortar axeitadamente pezas de tecido con patróns para poder confeccionar unha peza sobre a base dun deseño propio.

Duración: 50 horas

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| | Realizar unha colocación axeitada do tecido para o seu correcto corte<br>Marcar os patróns no tecido mediante técnicas de marcado para a súa correcta ensamblaxe | Manter unha actitude rigorosa coa colocación e o corte do patrón<br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado. |

### CONTIDOS

**1. Estrutura do tecido:**

- Dereito e revés
- Trama, urdidoira e ourelos
- Plana, dobrada, ourelos encontrados, ao biés

**2. Tipos de marcado sobre o tecido**

**3. O corte de pezas de distintos tipos:**

- Corte ao biés
- Corte de outros materias

### Criterios de Avaliación

Recoñecer o dereito e revés dun tecido
Localizar a trama, a urdidoira e os ourelos dun tecido
Colocar axeitadamente un patrón sobre o tecido
Marcar un patrón sobre o tecido utilizando os tipos de marcado

Responsabilizarse da decisión de como colocar os patróns no tecido

Cortar con autonomía os patróns necesarios para a elaboración do deseño do produto final integrado (PFI)

## Módulo 4

## O proceso de montaxe das pezas que compoñen o deseño

Asociado á **Unidade de Competencia 4**: Ensamblar pezas de tea con corrección técnica e seguindo a normas de seguridade laboral e ambiental

### OBXECTIVO XERAL

<table>
<tr><td colspan="3">Montar a peza téxtil unindo as súas pezas a man e a máquina, garantindo un correcto ensamble das mesmas que garanta a boa configuración da prenda.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Duración: 300 horas</td></tr>
<tr><td colspan="3">OBXECTIVOS DE MÓDULO</td></tr>
<tr><td>Conceptuais</td><td>Procedimentais</td><td>Actitudinais</td></tr>
<tr><td></td><td>Ganduxar as pezas cortadas de tecido para comprobar a súa correcta forma<br><br>Realizar operacións de costura ca máquina con precisión e axilidade para obter unha unión correcta e modelar a peza de acordo ao deseño<br><br>Secuenciar a orde de montaxe para facilitar o ensamblado</td><td>Visualizar a peza final dende a primeira fase de ensamblado<br><br>Adoitar seguirse unha orde secuencial na montaxe da peza</td></tr>
<tr><td colspan="3">CONTIDOS</td></tr>
</table>

**1. Costura a man:**

- O ganduxo: Básico, oblicuo
- O sobrefiado: Simple, festón
- Pespunto
- Botoeiras a man
- Fíos frouxos
- Puntada invisible

**2. A máquina de coser:**

- O corpo da máquina: partes
- Funcións: longo de puntada e ancho de zig-zag
- Accesorios: Prensatelas normal, botoeiras, cremalleira, cremalleira invisible, dobradillador, costura francesa

**3. Costura a máquina:**

- Costuras rectas
- Costuras curvas (baleirado)

**1. Técnicas de costura:**

- Costuras: normal sobrefiada con zigzag, sobrecargada, francesa
- Biés, Vivo, Vistas
- Cremalleira normal, con solapa, invisible
- Lorzas, nervios, pregos
- Xaretas, gomiñas
- Tapetas, puños, aberturas
- Petos: parche, fol, vivos, con tapeta, integrados en costura, de cadeira

**5. Organizar a secuencia de montado dunha peza:**

- Que coser primeiro para que non entorpeza a seguinte costura

- A alternancia entre costura e overlocado

**Criterios de Avaliación**

Utilizar e as diferentes técnicas de costura manual cando a confección o requira
Coñecer as partes da máquina de coser e utilizala correctamente
Confeccionar pezas utilizando diferentes técnicas de costura obtendo un correcto resultado
Acostumarse a programar unha secuencia de montado

Montar con autonomía as pezas dos patróns necesarios para a elaboración do deseño do produto final integrado (PFI)

# Módulo 5

## Remates e acabados da peza

Asociado á **Unidade de Competencia 5**: Rematar unha peza téxtiles asegurando a calidade requirida

OBXECTIVO XERAL

Proporcionar un rematado interior e exterior limpo da peza para alcanzar un aspecto profesional

Duración: 50 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar as necesidades de remate da peza para lograr un rematado de calidade peza<br><br>Analizar a peza para comprobar que se obtén o resultado pensado | Utilización de ferramentas para lograr un rematado de calidade<br><br>Identificar posibles erros na costura ou no patrón que xeren defectos na peza ao ser probada no modelo.<br><br>Rematar costuras e baixos mediante costura manual para obter un rematado de calidade<br><br>Pasar o ferro á peza para darlle o rematado interior e exterior correcto. | Actitude aberta e positiva ante os posibles erros de estilo, patrón ou montaxe |

CONTIDOS

**1 Tipos de acabado das costuras:**

- A overlook
- O zigzag
- O sobrefiado a man
- A basta

**2. Pasada:**

- Centro de pasada: Partes e utilidades
- Dirección das costuras
- Secuencia da pasada

**Criterios de Avaliación**

| |
|---|
| Utilizar overlook para rematar costuras uniformemente<br>Coser bastas a man con puntada invisible<br>Pasar o ferro secuencialmente a unha peza dándolle un rematado profesional<br>Esforzarse en darlle a peza un correcto acabado e presentación<br>Rematar e pasar o ferro con autonomía para finalizar o produto final integrado (PFI) |

## Módulo 6
## Historia de la Moda

Asociado á **Unidade de Competencia** 1: Crear deseños propios e documentados

| OBXECTIVO XERAL | | |
|---|---|---|
| Coñecer a influencia da historia na indumentaria como comunicación social | | |
| Duración: 30 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Identificar indumentarias dun contexto histórico.<br>Analizar a información histórica para inspirarse en novas creacións | Estruturar coñecementos da historia da moda para ter unha visión cronolóxica | Apreciar a historia como fonte de inspiración |

| CONTIDOS |
|---|
| **1.** As orixes e a evolución da moda nas culturas clásicas<br>**2.** A idade media e o gótico en Europa<br>**3.** Renacemento. Influencia do Imperio español<br>**4.** Barroco. Influencia da corte francesa, o rococó<br>**5.** Imperio napoleónico e a súa influencia na moda<br>**6.** A revolución industrial: a democratización da moda<br>**7.** O século XX: o século das décadas |
| Criterios de Avaliación |
| Identificar unha indumentaria no seu tempo<br>Clasificar distintas pezas da indumentaria na súa época<br>Interese pola evolución da indumentaria no percorrido histórico |

## Modulo 7
## A organización dun obradoiro artesanal de Moda e confección

Asociado á **Unidade de Competencia 6:** Organizar a actividade dun obradoiro de moda e confección

| OBXECTIVO XERAL |
|---|

Definir, organizar e estruturar a actividade dun obradoiro de Moda e Confección, garantindo a seguridade e hixiene e facendo posible a optimización dos procesos creativos e produtivos

Duración: 20 horas

OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Analizar as tarefas dun obradoiro de moda para identificar as necesidades de espazos, materiais, ferramenta, maquinaria | Optimizar as areas dun obradoiro de Moda e confección, para poder realizar o traballo con fluidez optimizando os procesos | Cumprir a normativa que regula as realizacións da actividade<br>Responsabilizarse do traballo que desenvolve. |
| Enumerar as tarefas de mantemento, para identificar e previr posibles problemas | Realizar tarefas de mantemento de maquinaria e ferramenta, para acadar o seu perfecto funcionamento | Valorar unha boa distribución das areas dun obradoiro, para facilitar o proceso productivo<br>Aceptar as tarefas de mantemento, como parte esencial do proceso de traballo |
| Coñecer as distintas normativas para extraer conclusións acerca do risco de certos procesos | Aplicar as normativas relacionada coa actividade para controlar posíbeis alteracións | Acostumarse a ter sempre presente as normativas para non correr riscos innecesarios |
| Identificar as tarefas que conleven unha promoción do produto para estruturar o marketing. | Practicar actividades promocionais para elaborar unha estratexia de mercado | Interesarse por coñecer as posibilidades mercado como practica imprescindible.<br>Actitude positiva, aberta o disfrute |
| Coñecer a normativa relacionada cos dereitos de autor. | Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais ou presenciais. | persoal a través da execución do traballo como estratexia facilitadora da creatividade e o bo facer<br>Colaborar e relacionarse con afabilidade con compañeiros e clientes para facilitar o traballo e acadar mellores resultados.<br>Respetar e defender a autoría e os dereitos de autor |

CONTIDOS

1. Distribución de espazos recomendacións e normativa relacionada cun obradoiro artesanal de moda e confección

2. Seguridade e hixiene no traballo aplicable á artesanía

- Normativa de seguridade e hixiene no traballo relacionada cos talleres artesanais.
- Toxicidade e perigosidade dos produtos artesáns

3. Ferramentas dixitais para a procura, organización e xestión da información na rede:

- Marcadores de Favoritos
- Lectores de RSS
- Sistemas de curación de contidos

4. O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa especialidade

5. Os dereitos de autor, Licencias Creative Commons

6. Calendario de feiras e eventos relevantes relacionados coa especialidade

7. Redes sociais e comunidades virtuais relacionadas coa especialidade

| |
|---|
| 8. Identidade dixital eNetiqueta |
| **Criterios de Avaliación** |
| Cumprir con regularidade as normas de seguridade e hixiene que atinxe ó seu traballo<br>Manter limpo e ordenado o espazo de traballo.<br>Elaborar un proxecto de participación nunha exposición, que recolla as necesidades expositivas, informativas e divulgativas para dar a coñecer o seu traballo.<br>Realizar un dossier sobre o Produto Final Integrado, no que se recolla o paso a paso, custo estimado e real, materiais a empregar e empregados, difusión do traballo realizado…<br>Desenvolver o seu Entorno Persoal de aprendizaxe (PLE) |

| Produto Final Integrado |
|---|
| Obxectivos |
| -Integrar os coñecementos adquiridos o longo da especialidade, tomando decisión sobre a traxectoria estético técnica<br>-Preparar as bases que sustenten o Proxecto<br>-Adquirir autonomía na execución do traballo |
| Criterios de avaliación |
| Realizar unha peza orixinal para o Produto Final Integrado<br>Elaborar con autonomía os patróns necesarios para a elaboración do deseño<br>Cortar con autonomía os patróns necesarios para a elaboración do deseño<br>Montar con autonomía as pezas dos patróns necesarios para a elaboración do deseño<br>Rematar e pasar o ferro con autonomía para finalizar limpa e profesionalmente o produto final integrado<br>Elaborar un dossier que contemple o proceso de elaboración do produto final integrado. |

# Anexo VIII-C Moda e Confección Temporalización e Secuenciación por Cursos

| Currículum normal: 700 horas + 60 complementarias = 760 horas. Currículum extendido (con nivel avanzado): 830 horas | | | |
|---|---|---|---|
| | Duración total | Criterios de selección de contidos | |
| | | Primeiro | Segundo |
| Módulo 1 | 200 | **Principios básicos de deseño:**<br>Deseños persoais con patróns básicos.<br>Fichas técnica que consideren todas as peculiaridades do deseño.<br>Clasificación básica dos tecidos: punto e calada<br>**Debuxo técnico** | **Principios avanzados de deseño:**<br>Deseños persoais con patróns elaborados.<br>Recoñecemento dos tecidos polas súas reaccións físicas e químicas<br>**Historia da moda** |
| Módulo 2 | 230 | **Patronaxe básico:**<br>Identificación das medidas corporais<br>Utilización das ferramentas de medida.<br>Calcular medidas mediante formulas<br>Patróns de faldras, corpos, escotes, mangas. | **Patronaxe avanzado:**<br>Interpretación unha peza complexa sobre un patrón base<br>Analizar un patrón en pezas identificadas<br>Patróns de colos,pantalóns, chaquetas, abrigos… |
| Módulo 3 | 50 | **Marcada e corte**<br>Identificación do dereito e revés dun tecido<br>Localización da trama, a urdidoira e os ourelos dun tecido<br>Colocación axeitada dun patrón sobre o tecido<br>Marcar un patrón sobre o tecido utilizando os tipos de marcado | |
| Módulo 4 | 200 | **Costura básica:**<br>Utilización das diferentes técnicas de costura manual cando a confección o requira<br>Coñecer as partes da máquina de coser e utilizala correctamente<br>Ordenar a secuencia de montado | **Costura avanzada:**<br>Confeccionar pezas utilizando diferentes técnicas de costura obtendo un correcto resultado |
| Módulo 5 | 50 | **Remates e acabados:**<br>Utilización da overlook para rematar costuras uniformemente<br>Coser bastas a man con puntada invisible | **Remates e acabados:**<br>Pasar o ferro secuencialmente a unha peza dándolle un rematado profesional |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Módulo 6 | 30 | | **Historia da moda:**<br>Identificar unha indumentaria no seu tempo<br>Coñecer e identificar distintas pezas da indumentaria |
| Módulo 7 | 20 | | **Organización da actividade dun obradoiro de moda e confección** |

# Anexo IX Artesanía en Coiro: Perfil Profesional, Referente Formativo, Temporalización e Secuenciación



# Anexo IX-A Artesanía en Coiro – Perfil Profesional

| COMPETENCIA XERAL |
|---|
| Desenvolver produtos útiles, en pel o coiro, dende o seu deseño ata a súa entrega, Aplicando as técnicas tanto decorativas como construtivas mais axeitadas á necesidade do proxecto, sendo coherente coa tradición e o oficio. |
| UNIDADES DE COMPETENCIA |
| **Unidade de Competencia 1**:Desenvolver o proxecto de deseño e realización de pezas artesanais en pel ou coiro<br>**Unidade de Competencia 2**: Cortar as pezas na zona mais axeitada da pel a partir de patróns, para obter pezas coas calidades requiridas<br>**Unidade de Competencia 3**: Aplicar a técnica decorativa mais axeitada ó deseño desenvolvido.<br>**Unidade de Competencia 4**: Construír a peza utilizando técnicas construtivas que completarán os volumes desexados.<br>**Unidade de Competencia 5**: Realizar os procesos de acabado e protección da peza<br>**Unidade de Competencia 6:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal. |

## Unidade de Competencia 1
## Desenvolver o proxecto de deseño e realización de pezas artesanais en pelo u coiro

### REALIZACIÓNS

Obter, analizar e organizar información a través de recursos, dixitais ou non, sobre técnicas, antecedentes históricos, materiais, procesos, obras e artistas/artesáns; para o seu emprego na definición do proxecto de deseño e para xerar criterios configuradores da obra e estilo persoais.

Definir as especificacións formais, estéticas, técnicas …. e materiais validando a información recompilada, para determinar o seu deseño. Idear pezas artesanais en pel ou coiro

Representar mediante apunte rápido a idea da peza que se vai realizar. Bosquexar.

Determinar a forma e estrutura da peza realizando debuxos e a partir das especificacións formais e estéticas definidas, empregando técnicas gráficas e sistemas de representación manuais e informáticos para ser utilizados como elemento de presentación, e valoración na toma de decisións, así como servir de guía no proceso de elaboración.

Definir o plan de elaboración da peza a partir das súas especificacións determinando as fases, os tempos e procedementos de control de calidade e seguridade para garantir a execución nas condicións previstas.

Documentar o proxecto de deseño e construción da peza, incorporando as decisións sobre as súas características, materiais, técnicas, condicións económicas, plan de elaboración para garantir a súa execución.

Elaborar un orzamento da peza ou serie que se vai realizar calculando os custes para decidir a súa rendibilidade

### Medios de Produción

| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
|---|---|---|---|
| Papel | Bolígrafo, Lapis, | Bosquexo da idea | Libros, revistas, fotos, tutoriales, web |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Cartón | cores, regra, escuadra, compás, calculadora Tesoira, coitela, | Pezas de Cartón | |

| Unidade de Competencia 2<br>Cortar as pezas na zona mais axeitada da pel a partir de patróns, para obter pezas coas calidades requiridas | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Seleccionar a zona de corte mais axeitada para cada peza, empregando criterios estéticos, funcionais e de rendibilidade<br>Cortar cada peza na zona da pel seleccionada conforme ao patrón realizado<br>Axustar e repasar as pezas cortadas para obter un bo acabado final | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza e xera esta información |
| Coiro ou pel | Tesoira, Coitela ou troquel, lixa | Pezas de coiro Superficie axeitada á peza | Patróns |

| Unidade de Competencia 3<br>Aplicar a técnica decorativa mais axeitada o deseño desenvolvido | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Seleccionar ou elaborar o deseño decorativo para cada peza conforme a criterios estéticos e técnicos<br>Decorar as pezas coa técnica do Repuxado<br>Decorar as pezas con a técnica de Gravado<br>Decorar as pezas con a técnica do Labrado<br>Decorar as pezas coa técnica de Incisado<br>Decorar as pezas coa técnica de Mateado<br>Decorar as pezas coa técnica de Estampado<br>Decorar as pezas coa técnica de Costuras Decorativas<br>Decorar as pezas con a técnica do Engastado de pezas<br>Decorar as pezas coa técnica do Calado<br>Decorar as pezas coa técnica do Mosaico<br>Decorar as pezas coa técnica do Dourado<br>Decorar as pezas coa técnica de Guadamecí<br>Decorar as pezas coa técnica de Tinguido<br>Decorar as pezas coa técnica de Policromado<br>Decorar as pezas coa técnica de Pirograbado | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Papel, papel vexetal. Coiro, tinguiduras, pinturas, superficie lisa, pan de ouro, auga, fío ou tireta, pegamento | Lapis, ordenador Buril, coitela xiratoria, mateadores, martelo ou mazo, Subela, agulla, Bisturí, pincel, pé de gamo bastonciño, muñequilla, pirogravador | Equipo para transferir Parte decorada da peza | Notas, trucos, consellos, ideas |

## Unidade de Competencia 4

## Construír a peza utilizando técnicas construtivas que completarán os volumes desexados.

REALIZACIÓNS

Prepara os compoñentes para unha correcta ensamblaxe

Construír pezas empregando a técnica de Modelado

Construír pezas empregando a técnica de Moldeado

Construír pezas empregando a técnica de Costura

Construír pezas empregando a técnica de Remachado

Construír pezas empregando a técnica de Pulido por Capas

Construír pezas empregando a técnica de Trenzado

Construír pezas empregando a técnica de Endurecido

Construír pezas empregando a técnica de Volumetría

Medios de Produción

| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
|---|---|---|---|
| Coiro, auga, area, fío, tesoiras, remaches, pegamentos, tinguiduras, vernices | Fileteador,ruleta, compás,Lezna, sacabocados, agullas, Burís, bruñidores, moldes, remachadora, Chifla, bisturí,lixa, Coitelas | Pezas preparadas para a correcta ensamblaxe | Notas, trucos, consellos, ideas |

## Unidade de Competencia 5

## Realizar os procesos de acabado e protección da peza garantindo os estándares de calidade establecidos

REALIZACIÓNS

| | | | |
|---|---|---|---|
| Impar a peza de posibles restos dous diferentes procesos realizados<br>Protexer a peza acabada para favorecer a súa durabilidade<br>Rematar a peza para que "resulte atractiva" | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| Produtos específicos de limpeza, Produtos de protección, produtos de rematado | Trapos, Esponxas | Peza limpa,<br>Peza protexida e resistente<br>Peza rematada | Notas, trucos, consellos, ideas |

| Unidade de Competencia 6<br>Organizar a actividade dun obradoiro de artesanía en coiro | | | |
|---|---|---|---|
| REALIZACIÓNS | | | |
| Definir os obxectivos do obradoiro artesán o realizar o plan de viabilidade tendo en conta a realidade do mercado para lograr a máxima rendibilidade dos recursos e inversións.<br>Distribuír as áreas dun obradoiro de artesanía en coiro respectando as recomendacións de seguridade e hixiene e protección individual para garantir un traballo seguro<br>Presentar correctamente o artigo elaborado. Poñer en valor o produto explicando correctamente o proceso realizado<br>Elaborar un dossier que recolla a obra e o seu proceso de execución e permita presentarlla a clientes, empregadores e público<br>Participar en feiras e exposicións, co fin de divulgar e compartir o traballo. Realiza a instalación dunha exposición con criterios artísticos<br>Compartir e difundir o traballo realizado en redes sociais e profesionais a través de medios dixitais o presenciais<br>Empregar os útiles e ferramentas de traballo respectando as instrucións de uso, limpeza e mantemento para asegurar a súa conservación e garantir a normativa sobre riscos laborais e xestión ambiental.<br>Establecer as condicións que garantan a seguridade das operacións de elaboración do produto e a prevención dos posibles riscos derivados da súa actividade profesional | | | |
| Medios de Produción | | | |
| Emprega estes materiais | Emprega esta ferramenta/ maquinaria | Obtén estes resultados | Utiliza ou xera esta información |
| Cartón, embalaxe | Teléfono, ordenador, Internet | Publicidade, conservación e recoñecemento do oficio, aprendizaxe | Notas, trucos, consellos, ideas |

# Anexo IV-B Artesanía en Coiro – Referente Formativo

| Artesanía en coiro |
|---|
| Duración780 |
| Competencias Formativas |
| **Unidade de Competencia 1**:Desenvolver o proxecto de deseño e realización de pezas artesanais en pel ou coiro<br>**Unidade de Competencia 2**: Cortar as pezas na zona mais axeitada da pel a partir de patróns, para obter pezas coas calidades requiridas<br>**Unidade de Competencia 3**: Aplicar a técnica decorativa mais axeitada o deseño desenvolvido.<br>**Unidade de Competencia 4**: Construír a peza utilizando técnicas construtivas que completarán os volumes desexados.<br>**Unidade de Competencia 5**: Realizar os procesos de acabado e protección da peza<br>**Unidade de Competencia 6:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal. |
| Obxectivo xeral |
| Desenvolver pezas en Pel ou Coiro dende a súa idea inicial ata o seu remate, pasando polos procesos de selección de materiais, corte, decoración e montaxe, atendendo con especial énfase ás Técnicas Decorativas e Construtivas, dun xeito independente e de calidade. Respectando á tradición artesanal e o bo facer dos oficios, facendo ademais ó resto da sociedade partícipe do seu traballo. |
| Módulos Formativos |
| **Módulo 1**. Deseño e Sistemas de Representación<br>**Módulo 2** Historia do Traballo do Coiro<br>**Módulo 3** Selección da pel e corte das pezas<br>**Módulo 4** Decoración de pezas de coiro<br>**Módulo 5 Construción** e volume das pezas de coiro<br>**Módulo 6** Acabado e protección das pezas de coiro<br>**Módulo 7** Xestión e Organización do Traballo do Coiro |

| Módulo 1<br>Deseño e Sistemas de Representación | | |
|---|---|---|
| Asociado á **Unidade de Competencia 1**:Desenvolver o proxecto de deseño e realización de pezas artesanais en pel ou coiro | | |
| OBXECTIVO XERAL | | |
| Idear o artigo e desenvolver o seu patrón correctamente para que reflicta a idea do proxecto. | | |
| Duración: 50 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Escoller, analizar e arquivar documentación e material | Representar a idea de forma gráfica a partir das súas | Actitude creativa e aberta que permita as relacións interdisciplinares entre |

| | | |
|---|---|---|
| gráfico de distintas fontes cunha actitude creativa para definir un deseño personalizado da peza<br>Determinar especificacións formais, estéticas e técnicas axustándose ós recursos accesibles<br>Presupostar o proxecto para garantir a súa viabilidade | especificacións formais e estéticas como primeira aproximación a súa creación.<br>Deseñar e plasmar no patrón de xeito práctico as ideas froito da documentación para cortar as pezas de xeito correcto.<br>Definir o plan de elaboración da peza, temporalizando as diferentes fases e decidindo os materiais a empregar, en condicións de seguridade laboral e protección. | talleres para facilitar o desenvolvemento de proxectos.<br>Demostrar un bo facer profesional.<br>Manter unha actitude de búsqueda e documentación que permita ampliar coñecementos e información complementaria para empregalo no seu traballo.<br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado.<br>Interpretar e dar resposta ás demandas dos clientes.<br>Tratar o cliente con cortesía,<br>respecto e discreción. |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| Desenvolver un deseño, dende a primeira idea ata o patrón, atendendo á funcionalidade tendo en conta criterios estéticos e técnicos<br>Idear e deseñar o Produto Final Integrado. |

| CONTIDOS |
|---|
| 1. Interpretación e realización de deseños e esbozos e o seu desglose por pezas no plano.<br>2. Patróns e plantillas.<br>3. Verificación dos deseños no patrón e o prototipo. Corrección de erros.<br>4. Debuxo Técnico<br>• Xeometría plana. Elementos básicos e operacións fundamentais<br>• Xeometría descritiva. Introdución ós sistemas de representación na consecución de volumes<br>• Normalización e Escalas |

| Módulo 2<br>Historia do Traballo do Coiro<br>Asociado á Unidade de Competencia 1: Desenvolver o proxecto de deseño e realización de pezas artesanais en pel ou coiro | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVO XERAL | | |
| Valorar os distintos momentos evolutivos do Traballo do Coiro ó longo da Historia, como fonte de inspiración do noso traballo, tanto a nivel técnico como expresivo. | | |
| Duración: 30 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Comprender a importancia do | Extraer ideas e conceptos da | Hábitos de documentación, indagación e |

| | | |
|---|---|---|
| desenvolvemento histórico relacionado co Traballo do Coiro<br><br>Analizar os estilos mais relevantes relacionados coa evolución da Historia do Traballo do Coiro<br><br>Analizar a produción dos principais artistas/artesanos relacionados co Traballo do Coiro | Historia do Traballo do Coiro para crear pezas propias | procura de ideas aplicables no desenvolvemento da obra persoal.<br><br>Valorar a tradición e a historia como fontes de inspiración a partir das que sustentar o proceso creativo<br><br>Actitude creativa, aberta os cambios e innovacións, en procura de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais.<br><br>Manter unha actitude de procura da excelencia no traballo realizado. |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|
| Nomear os momentos clave do desenvolvemento histórico da Artesanía en Coiro sinalando as súas características técnicas e estéticas principais.<br><br>Describir imaxes de pezas de Artesanía en Coiro: tipoloxía da peza, autor, época, materiais e técnicas aplicadas. |

| Contidos |
|---|
| • Coiros e Peles nos Albores da Historia<br>• A Pel o Mundo Antigo<br>• A Pel na Idade Media<br>• O esplendor do traballo do coiro a partir do século XIV na Península Ibérica. Cordobáns e Guadamecís<br>• O Comercio a Pel en España no século XVIII<br>• As Grandes Revolucións Técnicas a utilización industrial a Pel<br>• Panorama actual do Traballo do Coiro. Movementos, Autores e Técnicas |

## Módulo 3 Selección da pel e corte das pezas

Asociado á **Unidade de Competencia 2**: Cortar as pezas na zona mais axeitada da pel a partir de patróns, para obter pezas coas calidades requiridas

| OBXECTIVO XERAL |
|---|
| Executar o corte de pezas óptimo para sacar maior rendemento ó material tanto no aspecto de aproveitamento de superficie como no de practicidade. |
| Duración: 50horas |

| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
|---|---|---|
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Diferenciar os tipos de Pel identificando as características implicadas no deseño da peza para seleccionar la máis adecuada ó deseño<br><br>Identificar as diferentes partes dunha pel para seleccionar a máis adecuada ó patrón que | Utilizar a zona da pel máis adecuada á peza para o seu óptimo aproveitamento.<br><br>Elaborar o corte e repaso das pezas con precisión para evitar problemas na ensamblaxe. | Traballar con exactitude e rigor para conseguir unha peza correcta<br><br>Respectar as normas de seguridade e hixiene laboral |

| | | |
|---|---|---|
| vamos a cortar, rendibilizando ó máximo os materiais. | | |

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Seleccionar a pel máis acorde á peza na zona de esta máis adecuada ás necesidades do proxecto.

Describir os tipos e procesos do curtido partindo de imaxes dadas.

Realizar o proceso do corte das partes da peza empregando a ferramenta máis axeitada.

Escoller e cortar as parte da pel máis adecuada para cada unha das pezas do Produto Final Integrado

**CONTIDOS**

1. Procedencia, estrutura e clasificación de Peles e Coiros.
2. Diferentes tipos de peles e coiro, clasificacións e medición. Novos tipos de peles e coiros.
3. O Curtido, Métodos e Procesos. Curtido ó cromo, vexetal, sintético.
4. Métodos artesanais e industriais de corte
5. Ferramentas de corte tradicionais e industriais
6. Normas de seguridade e Hixiene para o Corte

# Módulo 4

## Decoración de pezas de coiro

**Asociado á Unidade de Competencia 3**: Aplicar a técnica decorativa mais axeitada o deseño desenvolvido.

### OBXECTIVO XERAL

Seleccionar e Aplicar as técnicas decorativas dos Oficios do Coiro de forma artística para crear pezas seguindo un estilo persoal.

Duración: 300horas

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Identificar fontes fiables, dixitais ou presenciais, para manterse actualizados e seguir aprendendo | Aplicar as técnicas decorativas que mellor se adapten ás necesidades do deseño.<br>Manexar as ferramentas máis apropiadas á técnica escollida para optimizar o tempo de traballo e a calidade do resultado esperado.<br>Adecuar a execución da técnica decorativa ás peculiaridades de cada material. | Ter unha actitude aberta e colaboradora con outros artesáns para estar ó tanto das novas técnicas decorativas que xurdan ou se recuperen.<br>Manter unha actitude de búsqueda e documentación que permita ampliar coñecementos e información complementaria para empregalo no seu traballo.<br>Demostrar creatividade no desenrolo do traballo que realiza.<br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Realizar unha peza de cada técnica decorativa, completando o proceso, empregando os procedementos máis adecuados e seleccionando as ferramentas a empregar. A peza debe ter unha calidade óptima.

Realizar un mostrario de técnicas decorativas cun dossier no que se recollan útiles empregados e o material máis adecuado para a súa realización

Escoller e realizar a parte decorada do Produto Final Integrado

Empregar con seguridade os productos químicos que participan no proceso decorativo

### CONTIDOS

1. Técnicas decorativas, materiais e ferramentas

2. Técnicas artísticas ou decorativas actuais e tradicionais do coiro a as súas diferentes ferramentas específicas:

- Proceso e Materiais
- Tipos de técnicas: Repuxado simple e dobre, Gravado, Labrado, Incisado, Mateado, Estampado, Costuras decorativas, Engastado, Calado, Mosaico xustaposto e superposto, Dourado, Guadamecí, Tinguido, Policromado, Pirograbado.

3. Ferramentas básicas e específicas para a decoración en Coiro empregadas nas diferentes técnicas e procesos.

4. Produtos químicos para a decoración e aplicación da cor . Normas de utilización, seguridade e

conservación:

- Anilinas e sales metálicas. Propiedades, preparación e emprego.
- Tintes. Naturais, industriais, caseiros, sintéticos.

5. Normas de seguridade e Hixiene para a decoración e o tinguido

## Módulo 5

## Construción e volume das pezas de coiro

**Asociado á Unidade de Competencia 4**: Construír a peza utilizando técnicas construtivas que completarán os volumes desexados.

### OBXECTIVO XERAL

Seleccionar e Aplicar as técnicas construtivas dos Oficios do Coiro para construír pezas resistentes e duradeiras seguindo un estilo persoal sendo coherente con las necesidades reais de la peza.

Duración: 300horas

### OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
| Identificar fontes fiables, dixitais o presenciais, para manterse actualizados e seguir aprendendo | Preparar cada unha de las partes do despece para executar unha correcta ensamblaxe<br><br>Preparación dos forros e correcta presentación e pegado das pezas do volume<br><br>Aplicar a técnica construtiva máis adecuada para garantir a durabilidade e bo acabado da peza | Ter unha actitude aberta e colaboradora con outros artesáns para estar ó tanto das novas técnicas decorativas que Xurdan ou se recuperen<br><br>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado. |

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Realizar unha peza de cada técnica constructiva completando o proceso, empregando os procedementos máis adecuados e seleccionando as ferramentas a empregar. A peza debe ter unha calidade óptima

Realizar un mostrario de técnicas construtivas cun dossier no que se recollan útiles empregados e o material máis adecuado para a súa realización

Realizar a parte construtiva do Produto Final Integrado,escollendo a técnica máis apropiada ás necesidades da peza.

Empregar con seguridade os productos químicos que participan no proceso construtivas

### CONTIDOS

1. Técnicas construtivas, materiais e ferramentas
2. Técnicas construtivas actuais e tradicionais do coiro a as súas diferentes ferramentas específicas:
   - Proceso e Materiais
   - Tipos de técnicas: Modelado, Moldeado, Costura, Remachado, Pulido por capas, Trenzado, Endurecido, Volumetría, Vivos
3. Ferramentas básicas e específicas para a construción en coiro utilizadas nas diferentes técnicas e

procesos

4. Adhesivos
- Tipos
- Propiedades e aplicacións.
- Produtos químicos.
- Normas de utilización

5. O Forro. Tipos. Animais e Téxtiles. Colocación

6. Botóns, cremalleiras e gornicións. Tipos e aplicacións. Novas gornicións.

7. Normas de seguridade e Hixiene para o pegado e a construción

## Módulo 6
## Acabado e protección das pezas de coiro

Asociado á **Unidade de Competencia Competencia 5**: Realizar os procesos de acabado e protección da peza

| OBXECTIVO XERAL | | |
|---|---|---|
| Aplicar un correcto acabado ás pezas de coiro, garantindo a súa durabilidade dacordo os estándares de calidade establecidos | | |
| Duración: 30 horas | | |
| OBXECTIVOS DE MÓDULO | | |
| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
| Identificar que produtos químicos son os máis acordes á necesidade de acabado e protección das pezas para favorecer o acabado máis correcto e rendibilizar a súa durabilidade. | Aplicar as técnicas de acabado e protección que máis se axusten á necesidade da peza para garantir a súa calidade.<br>Empregar as ferramentas para aplicar os acabados e protección das pezas de modo correcto para conseguir un óptimo acabado | Aplicar as normas de seguridade e hixiene propias de los produtos químicos de acabado e protección para evitar riscos.<br>Tender a un bo trato nos procesos de remate traballo ben rematado |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | | |
| Aplica correctamente o produto de acabado e/ou protección que máis se adecúe ás necesidades da peza<br>Rematar, acabar e Protexer o Produto Final Integrado | | |
| CONTIDOS | | |

1. Tipos de acabados básicos.
- Pulimento.
- Bruñido.
- Protección da pel.

2. Produtos químicos de acabado e protección. Impermeabilización

3. Acabados do Coiro: Laca, látex, charón.

4. Remates:

- Remates das unións.
- Traballo e acabado dos bordes.

5. Normas de utilización e manipulación dos produtos químicos propios do proceso de acabado e protección.

# Módulo 7

# Organización do Traballo do Coiro

Asociado á **Unidade de Competencia 6:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal.

## OBXECTIVO XERAL

Xestionar o traballo realizado no taller, dun xeito correcto acorde coa normativa legal, fiscal e laboral para optimizar os resultados da actividade cotiá do posto de traballo.

**Duración: 20 horas**

## OBXECTIVOS DE MÓDULO

| Conceptuais | Procedimentais | Actitudinais |
|---|---|---|
